Sobre os motivos polos que non hai expertos en materia ferroviaria na relación de postos de traballo da Xunta de Galicia e a opinión da Xunta de Galicia respecto da declaración dos técnicos ferroviarios na que aseguran que o sistema ERTMS tería evitado o accidente de Angrois

- 36890 - 30047 (10/PRE-009038)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as razóns da non inclusión dalgún experto en materia ferroviaria na convocatoria de postos de traballo publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 7 de marzo de 2018, así como a opinión do Goberno galego respecto da declaración dos técnicos ferroviarios en relación coa posibilidade de poderse ter evitado o accidente de Angrois

- 36527 - 31350 (10/PRE-009067)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da implantación do nodo de interoperabilidade de Galicia Pasaxe!, a súa opinión referida á posta en marcha nel dunha plataforma electrónica para a tramitación de licenzas e outras documentacións urbanísticas, así como as actuacións levadas a cabo para o cumprimento do acordo asinado no ano 2011 coa Presidencia do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en relación coa implantación e extensión das licenzas dixitais a todos os concellos galegos

- 36525 - 31432 (10/PRE-009074)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as declaracións do presidente da Xunta de Galicia referidas á repercusión nas tarifas das peaxes da AP-9 das retencións que se veñen producindo nela, como consecuencia das obras de ampliación da ponte de Rande, os expedientes sancionadores abertos polo Ministerio de Fomento á empresa concesionaria polos prexuízos causados e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto

- 36522 - 31653 (10/PRE-009078)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación cos problemas que están a afectar a ría de Arousa como consecuencia da deficiente depuración das augas residuais urbanas de Ribeira ou de Santiago de Compostela e a asunción do compromiso de rematar ou ter en execución todas as obras de depuración e saneamento nela no ano 2020, así como as súas previsións respecto da elaboración e posta en marcha no ano 2018 dun plan especial de sostibilidade e aproveitamento da ría cunha partida orzamentaria específica

- 36263 - 28942 (10/PRE-009165)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presentan os créditos definitivos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia no ano 2017, así como os programas e servizos afectados

- 36583 - 21819 (10/PRE-009189)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre a política da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en materia de fomento e dinamización da lectura

- 36582 - 21837 (10/PRE-009197)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre o impacto da posta en marcha da Estratexia galega de convivencia escolar (Educonvives) 2015-2010

- 36207 - 21853 (10/PRE-009201)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre a elaboración pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Estratexia da cultura de Galicia 2021

- 36579 - 21997 (10/PRE-009220)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o coñecemento por parte da Xunta de Galicia do estado das negociacións para a venda do Centro Gallego de Buenos Aires e as propostas e medidas por parte da Xunta para garantir a titularidade galega do patrimonio cultural que se atopa no Centro e a súa protección e posta en valor

- 36578 - 22179 (10/PRE-009224)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da oposición das asociacións veciñais e culturais en relación coa construción dun museo do viño nas covas de Dona Urraca, nas instalacións do castelo de Salvaterra do Miño, cando xa se investiu e acondicionou outra zona no mesmo castelo para ese fin

- 36198 - 24020 (10/PRE-009258)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das conclusións e resultados do encontro levado a cabo en León, o día 18 de xaneiro de 2018, polas comunidades autónomas de Galicia, Asturias e Castela-León en materia educativa

- 36571 - 25425 (10/PRE-009272)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación da lingua galega na comarca do Bierzo e o grao de desenvolvemento dos convenios e protocolos asinados desde o ano 2001 na materia, así como as medidas do Plan de normalización lingüística desenvolvidas nesa comarca para promocionar o coñecemento e uso do galego e as previsións ao respecto

- 36567 - 26326 (10/PRE-009280)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 4 máis

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa situación das mulleres en Galicia nos eidos da ciencia, a investigación e a innovación, as actuacións que está a levar a cabo para acadar a igualdade entre homes e mulleres na ciencia e na tecnoloxía e as medidas que se deben impulsar ao respecto

- 36565 - 26847 (10/PRE-009285)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a adxudicación a unha UTE de empresas musicais, a través dun procedemento negociado sen publicidade e por importe de 2.975.000 euros, dun contrato de patrocinio da Axencia Turismo de Galicia para a organización no ano 2018 do festival de música O Son do Camiño en Santiago de Compostela e cinco concertos en cidades de Galicia

- 36561 - 27040 (10/PRE-009289)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa redución do número de prazas de acceso á titulación de Medicina na Universidade de Santiago de Compostela para o curso 2018-2019 e a súa opinión ao respecto

- 36195 - 27149 (10/PRE-009290)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 8 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das reunións mantidas e as achegas realizadas polos concellos, deputacións provinciais e colectivos para a declaración da Ribeira Sacra como ben de interese cultural, así como o prazo previsto para o remate do expediente e a declaración por decreto dese BIC

- 36228 - 27183 (10/PRE-009292)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre as deficiencias e carencias que presenta o Camiño Francés a Santiago de Compostela na vila de Portomarín, nomeadamente no seu trazado histórico, así como as actuacións e as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto

- 36540 - 28316 (10/PRE-009300)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa programación infantil e xuvenil da TVG, así como as conclusións do informe da Mesa pola Normalización Lingüística referidas á súa escaseza en lingua galega, e as súas intencións respecto do consenso coa CRTVG do seu aumento

- 36538 - 28836 (10/PRE-009304)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coas conclusións das recentes análises do Consello da Cultura e da Real Academia Galega respecto da situación do galego, as medidas previstas para frear o descenso do seu uso, especialmente entre a xente máis nova, así como as súas intencións respecto do mantemento do Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

- 36534 - 29149 (10/PRE-009313)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre os datos referidos ás queixas presentadas nos organismos da Xunta de Galicia por supostos incumprimentos dos dereitos lingüísticos dos cidadáns nos anos 2014, 2015, 2016 e 2017

- 36530 - 29813 (10/PRE-009321)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do mantemento polos centros escolares de uniformes diferentes para cada sexo

- 36204 - 21900 (10/PRE-009365)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego para cooperar na busca de solucións aos problemas económicos e laborais da empresa Maderas Iglesias, S. A.

- 36229 - 22451 (10/PRE-009381)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións específicas que a Xunta de Galicia levou a cabo ou ten previsto abordar para estudar as consecuencias que a vaga de lumes pode ter no sector turístico galego

- 36273 - 23918 (10/PRE-009399)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do arranxo das deficiencias existentes nos Camiños de Santiago ao seu paso polo concello de Melide

- 36573 - 24098 (10/PRE-009402)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da evolución do turismo en Galicia ao longo de 2017

- 36223 - 24156 (10/PRE-009403)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do número de persoas que visitaron o expositor de Galicia na trixésimo oitava Feira Internacional de Turismo, Fitur, os novos produtos turísticos presentados nela e os que suscitaron máis interese entre os visitantes, así como o balance que fai da participación de Galicia nesa edición

- 36197 - 24158 (10/PRE-009404)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre o contido, os obxectivos e o proceso de elaboración do novo produto turístico *Escenarios ao volante*, impulsado por Turismo de Galicia para 2018 no ámbito da 38ª edición da Feira Internacional de Turismo, Fitur, así como as previsións respecto da súa promoción e divulgación en Galicia

- 36568 - 26077 (10/PRE-009409)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da posible declaración do Entroido de Viana do Bolo como festa de interese turístico nacional, e os datos referidos á tramitación do expediente para ese fin

- 36271 - 26091 (10/PRE-009410)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a data prevista para o arranxo das deficiencias existentes no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Narón

- 36269 - 26661 (10/PRE-009413)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o arranxo das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello do Pino

- 36711 - 26710 (10/PRE-009414)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 8 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co estudo do impacto socioeconómico do Camiño de Santiago realizado pola Universidade de Santiago de Compostela

- 36267 - 26856 (10/PRE-009418)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o arranxo das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Miño

- 36563 - 26910 (10/PRE-009419)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a adxudicación a unha unión temporal de empresas musicais, a través dun procedemento negociado sen publicidade e por importe de 2.975.000 euros, dun contrato de patrocinio da Axencia Turismo de Galicia para a organización do festival de música O Son do Camiño en Santiago de Compostela e cinco concertos nas principais cidades de Galicia no ano 2018

- 36558 - 27219 (10/PRE-009421)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o arranxo das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Chantada

- 36556 - 27224 (10/PRE-009422)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o arranxo das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Monforte de Lemos

- 36554 - 27229 (10/PRE-009423)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o arranxo das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Pantón

- 36552 - 27234 (10/PRE-009424)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o arranxo das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Quiroga

- 36550 - 27239 (10/PRE-009425)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o arranxo das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello do Saviñao

- 36548 - 27285 (10/PRE-009426)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre o investimento total levado a cabo pola Xunta de Galicia para a rehabilitación da antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro, no concello de Boborás, o seu funcionamento na actualidade como casa de turismo rural e o prazo de vencemento da concesión outorgada para a súa xestión, así como as previsións ao respecto

- 36193 - 27416 (10/PRE-009428)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á dotación de servizos de banda larga ultrarrápida a aqueles autónomos ou empresas illadas localizadas no rural que se atopan en situación de desigualdade dixital fronte ás empresas das zonas máis urbanas, así como a dotación económica prevista para ese fin

- 36192 - 27417 (10/PRE-009429)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galicia, xunto co Goberno central, para o cumprimento do acordo parlamentario do 21 de marzo de 2017 referido ao despregamento de redes de acceso de nova xeración de moi alta velocidade, así como sobre a contía dos fondos europeos dispoñibles e investidos para garantir o cumprimento dos obxectivos comunitarios ao respecto

- 36706 - 27481 (10/PRE-009430)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da colaboración no financiamento da rehabilitación como novo albergue de peregrinos de Pontevedra das tres vivendas da situadas na cabeceira norte da ponte do Burgo, entre esta e a rúa Xoán Manuel Pintos, atendendo ás necesidades de uso e suxestións da Asociación de Amigos do Camiño portugués

- 36547 - 27942 (10/PRE-009432)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 4 máis

Sobre a adxudicación a unha unión temporal de empresas musicais, a través dun procedemento negociado sen publicidade e por importe de 2.975.000 euros, dun contrato de patrocinio da Axencia de Turismo de Galicia para a organización do festival de música O son do Camiño, en Santiago de Compostela, e cinco concertos nas principais cidades de Galicia no ano 2018

- 36542 - 28124 (10/PRE-009435)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o motivo polo que a Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia non forma parte do Consello Galego de Turismo de Galicia e a previsión de que esta situación cambie

- 36536 - 28883 (10/PRE-009439)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da posibilidade de inserir as rías de Corme-Laxe e de Camariñas, así como a zona exterior do cabo Fisterra, na ruta Wildsea Atlantic Ocean Heritage Route e, se é o caso, o prazo previsto para ese fin e o mantemento de contactos ao respecto coa empresa Buceo Fisterra, así como as actuacións concretas que vai levar a cabo para desestacionalizar o turismo na Costa da Morte

- 36189 - 30179 (10/PRE-009444)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións previstas polo Xunta de Galicia en relación coas dificultades existentes en determinados lugares da comunidade autónoma a consecuencia da carencia de ascensores nas vivendas de altura e os problemas da cidadanía no acceso ás axudas para a súa instalación e mellora

- 36262 - 30300 (10/PRE-009445)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para corrixir os problemas de seguridade viaria e de sinalización do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo, na provincia de Ourense, así como os estudos específicos realizados sobre esa zona nos últimos anos

- 36188 - 30956 (10/PRE-009446)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitar a perda de postos de traballo, como consecuencia do proceso de fusión de marcas emprendido pola empresa Adolfo Domínguez, os contactos mantidos ao respecto e a estratexia seguida ou que vai seguir para evitar a deslocalización dos seus servizos, así como o mantemento de xuntanzas cos representantes dos traballadores e as subvencións concedidas a ese grupo desde o ano 2009

- 36888 - 31352 (10/PRE-009451)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as contribucións concretas realizadas pola Xunta de Galicia ao Plan estratéxico do Estado para o desenvolvemento do sector civil dos drones en España 2018-2021, as medidas que introduciu nel para favorecer e promover o apoio ás empresas galegas co fin de que poidan acceder aos programas de financiamento e a súa participación na Comisión de dirección, coordinación e seguimento do plan, así como os comentarios que achegou durante o período de consulta aberto despois da súa publicación

- 36886 - 31738 (10/PRE-009453)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que está a desenvolver a Xunta de Galicia para acadar a implantación polo Ministerio de Fomento en Galicia, no polígono de Rozas, do Centro de Excelencia e do Laboratorio de Drones previstos no Plan estratéxico de drones do Estado

- 36227 - 31895 (10/PRE-009454)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para loitar contra a estacionalidade do turismo

- 36184 - 32784 (10/PRE-009460)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Villares Naveira, Luis

Sobre as razóns do deficiente mantemento que presentan as rutas para a práctica da bicicleta de montaña BTT en Galicia e da situación de abandono do proxecto, así como o prazo previsto polo Goberno galego para o seu arranxo

- 36703 - 30798 (10/PRE-009546)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as razóns da supresión como declarables, nas axudas da política agraria común, dos pastos arbustivos e dos pastos sobre arboredo

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31124**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre “ **a valoración do Goberno galego en relación cos datos da Enquisa de poboación activa referidos á perda de persoas ocupadas, nomeadamente de mulleres, no sector pesqueiro de Galicia entre o primeiro trimestre de 2017 e o primeiro trimestre de 2018, as actuacións previstas para reverter esa situación e a súa opinión respecto da posible incidencia nela do baixo nivel de execución orzamentaria que presenta no ano 2017 o programa 723A, Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura**”, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado na Comisión 8ª do pasado 28 de xuño de 2018, pola directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través da iniciativa 31123.

Pode visualizar o arquivo audiovisual premendo a seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-06-28?part=c4bfea4b-dc76-45e3-a51f-c7ea137af10d&start=6516>

En todo caso, sinalar que as afiliacións ao Réxime Especial do Mar da Seguridade Social mantéñense estables desde 2015, cun aumento de preto de 1.200 persoas dende xaneiro de 2015 a xullo de 2018, superando a cifra dos 21.000 afiliados en marzo deste ano.

De cara a seguir incrementando o emprego no mar, a Xunta pon a disposición do sector subvencións para modernizar a frota e para novos propietarios de buques pesqueiros.

Sinalar que no relativo ao de melloras a bordo, na convocatoria do ano 2016 destináronse 900.000 euros con 66 solicitudes presentadas e atendidas, e na convocatoria de 2017, destináronse 272.000 euros, presentándose 52 peticións. Incidir en que en ambas anualidades foron atendidas absolutamente todas as peticións presentadas, que cumprían os requisitos. Para este ano, este Departamento dedicou preto de 1 millóns de euros, logo dunha ampliación de crédito.

Ademais, destacar o papel dos Grupos de Acción Local do sector pesqueiro que actúan como ferramentas de participación do sector pesqueiro para poñer en marcha proxectos que permitan dinamizar as zonas costeiras, buscando manter a prosperidade económica e social das áreas litorais, revalorizar os produtos da pesca e da acuicultura para promover a creación de postos de traballo e a xeración de riqueza.

Neste ámbito, debemos poñer énfase nos 426 proxectos aprobados no anterior período GAC, por valor de 27,2 millóns de euros, e un total de 301 proxectos aprobados ata o de agora dentro do período GALP, por un importe de 19 millóns de euros de achega pública.

Por outra banda, o mundo do mar é un sector no que, dende sempre, a muller tivo un papel fundamental e protagonista. As cifras o constatan e hoxe en día traballan:

Na pesca extractiva, preto de 500 mulleres (5% do sector nacional).

Na acuicultura, arredor de 1.500 mulleres (25,35% do sector nacional) e, en particular, no cultivo do mexillón, máis de 900 mulleres nas preto de 3.350 bateas situadas ao longo das rías galegas (20,64% do sector nacional).

No marisqueo a pé, máis de 2.800 mulleres (75% do sector galego).

Nas redes, o 84% dos profesionais son mulleres.

E nas fábricas transformadoras e conserveiras, máis de 10.000 mulleres (70% do sector galego).

Hai máis de 25 anos que a Xunta de Galicia comezou a traballar a prol do paso máis importante que se puido dar: a profesionalización das mariscadoras, das redeiras e das empacadoras e comercializadoras.

No caso das mariscadoras, conseguiuase que se puidesen dar de alta na Seguridade Social, cotizar para unha pensión e acadar o posto que lles correspondía na xestión da súa labor. No caso das redeiras, acadouse o recoñecemento profesional e a consolidación da súa entrada

na Seguridade Social, feitos básicos para dar recoñecemento a unha actividade senlleira e indispensable para a pesca.

A maiores, sinalar o aumento da concesión do número de permex, sendo en 2017 de un total de 296 para marisqueo a pé e 12 para marisqueo a flote, e no ano 2018, un total de 300 para marisqueo a pé e 24 para marisqueo a flote.

No eido da representación directiva do mar, impulsouse a constitución de ANMUPESCA, a primeira asociación de mulleres da pesca en España, e se consolidaron as cifras que apoian o avance da muller neste ámbito, xa que :

24% da Xunta Xeral da Federación Galega de Confrarías son mulleres, cun 29% das afiliadas.

Galicia conta con 14 patroas maiores de confrarías, 28 vicepresidentas e case 200 vocais entre cabidos e xuntas xerais.

Tamén se deron pasos desde o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral para analizar, diagnosticar e dotar de pautas correctivas nos eidos da seguridade e saúde laboral.

Cabe facer especial énfase no eido formativo de cara a acadar o relevo xeracional e a reciclaxe dos profesionais do mar. Neste aspecto, reiterar que estamos a falar dunha área blindada nos orzamentos e que este ano viu incrementada a partida para as ensinanzas marítimo pesqueiras nun 2% e para os dous vindeiros anos se destinarán máis de 1,5 millóns a cursos de ensinanzas non regradas.

E por último, sinalar que o actual Plan de Xestión do Caladoiro Cantábrico e Noroeste permitiu que a frota galega que faena nel incrementase as súas capturas e a súa facturación.

Concretamente, venderon máis dun 28% de produto e facturaron un 6% máis no ano 2017 en relación ao ano 2010, cando era posible realizar a coñecida como “pesca olímpica” (saír a faenar ata que se esgotase o Total Admisible de Capturas).

Así, no ano 2017 esta frota descargou en lonxa máis de 142.200 toneladas por importe de máis 216 millóns de euros, sendo o volume de descargas un 28% superior ao ano 2010 e o de facturación un 6%.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36934
Data envío: 17/09/2018 15:05:20.417

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 15:05:03



AG/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31329**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e varios/as deputados/as máis do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación cos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística referidos ao incremento da taxa de accidentes laborais na pesca e da súa gravidade entre os anos 2015 e 2016, a incidencia do recorte orzamentario das partidas do programa 723 A, de mellora da calidade produtiva pesqueira e da acuicultura, no cumprimento dos obxectivos da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo, así como as medidas que vai impulsar para mellorar as condicións de traballo no mar”**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería do Mar sinálase que mentres existan accidentes marítimos, particularmente con vítimas, non cesará o traballo das Administracións, neste caso da Xunta de Galicia, para que estes deixen de ter lugar.

Agora ben, non todas as embarcacións sinistradas nas costas galegas son buques pesqueiros galegos, xa que eses datos referidos na formulación da pregunta están tamén a incluír barcos mercantes, barcos de lecer, barcos pesqueiros con outras bandeiras... Incluso mesmo porque estamos a falar de sinistros ocorridos a unhas distancias nas que pode haber dúbidas da competencia para os rescates.

Ao Goberno de Galicia preocúpalle e ocúpalle a seguridade dos nosos mariñeiros, e a pesar de que a seguranza marítima non é unha competencia autonómica exclusiva, son moitas as políticas que se levan a cabo para que se mellore a súa situación.

Concretamente, afondando nestas medidas, todos os anos se convocan axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros, cofinanciadas co FEMP, onde se inclúen medidas para investimentos a bordo dos buques, para a mellora da habitabilidade ou das condicións de seguridade.

Algúns dos investimentos que poden ser subvencionables son:

“a) balsas salvavidas; b) unidades de destrinca hidrostática para balsas salvavidas; c) radio balizas de localización persoal que, como as radiobalizas de localización de sinistros (RBLS), poidan integrarse nos chalecos salvavidas e na roupa de traballo dos pescadores; d) dispositivos de flotación persoal, especialmente través de inmersión ou de supervivencia e aros e chalecos salvavidas; e) bengalas para sinais de socorro; f) aparece los lanzacabos; g) sistemas de salvamento en caso de home á auga; h) dispositivos de loita contra incendios, como extintores, mantas ignífugas, detectores de fume ou lume e aparellos de respiración; i) portas antifumes; j) válvulas de peche do depósito de combustible; k) detectores de gas e sistemas de alarma de gas; l) bombas de achique e alarmas; m) equipamentos de radio e de comunicacións por satélite; n) zapóns e portas estancas; o) garda máquinas como chigres ou estibadores de rede; p) pasarelas e escaleiras de acceso; q) iluminación de cuberta, de emerxencia ou para procuras; r) mecanismos de seguridade para os casos en que as artes de pesca queden bloqueadas por algún obstáculo situado por debaixo da superficie; s) monitores e cámaras de seguridade; t) equipamentos e demais elementos necesarios para mellor a seguridade da cuberta”.

No ano 2016 destináronse 900.000 € e presentáronse un total de 66 solicitudes, para axudas a investimentos que melloren a hixiene a bordo, a seguridade e que busquen a mellora das condicións laborais.

Con respecto ao ano 2017, destináronse 272.000 €, e presentándose só 52 solicitudes, por un importe total de inversión de 1,5 M €.

Sinalar que tanto para o ano 2016 e 2017 foron atendidas absolutamente todas as peticións que cumprían os requisitos.

Para este ano, este Departamento dedicou preto de 1 millóns de euros, logo dunha ampliación de crédito (sendo inicialmente de 571.000 euros e ampliándose en máis de 467.000 euros no mes de agosto).

O obxecto deste tipo de axudas é fomentar investimentos que, entre outros aspectos permitan limitar o impacto da pesca no medio mariño e protexer as especies, melloren as

condicións de traballo e seguridade dos buques, e por último, estean relacionados coa eficiencia enerxética e a mitigación do cambio climático.

En definitiva, a Consellería do Mar optou por esta vía para a introdución das melloras na seguridade xa que era a única forma de poder subvencionar a súa instalación. Un dos requisitos que se establecen no FEMP é que non se trate de esixencias da normativa, polo que ten que ser a voluntariedade do sector a que o acerque.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36945
Data envío: 17/09/2018 15:07:39.623

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 15:07:36



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31351** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e varios/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da implantación do nodo de interoperabilidade de Galicia Pasaxe!, a súa opinión referida á posta en marcha nel dunha plataforma electrónica para a tramitación de licenzas e outras documentacións urbanísticas, así como as actuacións levadas a cabo para o cumprimento do acordo asinado no ano 2011 coa Presidencia do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en relación coa implantación e extensión das licenzas dixitais a todos os concellos galegos”**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A dixitalización da Administración é un dos obxectivos principais do Goberno galego e así o recolle a Axenda Dixital de Galicia 2020, que busca consolidar unha Administración integramente dixital grazas aos avances logrados durante as tres últimas lexislaturas do actual Goberno galego (2009-2018).

A posta en marcha da Plataforma de interoperabilidade da Xunta forma parte desta estratexia e está a consolidarse como o elemento que evita a cidadáns e empresas presentar documentación que obra en poder da Administración. O incremento de consultas á Pasaxe por parte dos profesionais da Administración pública mantense en constante crecemento así como o número de certificados e documentos que se incorporan á plataforma.

A utilización do sistema está consolidada na tramitación administrativa da Xunta de Galicia como o reflexa o incremento continuado do uso desde a súa posta en marcha con máis de 13 millóns de consultas desde 2015. Só entre xaneiro e xullo de 2018 realizáronse preto de 5 millóns de consultas á plataforma. O incremento de servizos da plataforma segue a incrementarse de xeito progresivo. Actualmente están dispoñibles 61 certificados de 17 organismos ou administracións.

A consolidación desta plataforma da Comunidade Autónoma de Galicia está no segundo posto en consultas de interoperabilidade por cada 100 habitantes no ranking de CCAA, só por detrás do País Vasco.

Conscientes da importancia de impulsar a Administración electrónica nas entidades locais, a Xunta pon á súa disposición un catálogo de servizos dixitais, entre os que está Pasaxe!, unha plataforma á que se poden adherir de xeito gratuíto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36526
Data envío: 13/09/2018 09:07:51.595

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:07:47



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31549**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as medidas concretas previstas polo Goberno galego para evitar a perda de peso do sector pesqueiro fronte á competencia internacional, a súa valoración referida ás conclusións do informe emitido por New Economics Foundation en relación co Día da Dependencia do Peixe e a evolución das exportacións e importacións de peixe e animais acuáticos de Galicia nos últimos anos, así como as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 317 do 7 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O sector da transformación dos produtos do mar e, en especial, do conxelado e da conserva é uno dos principais motores de crecemento económico de Galicia pola súa fortaleza.

Neste marco, o volume importacións de Galicia concentra a maior parte da industria pesqueira de España e da Eurozona. Unha premisa que se corresponde coa necesidade de abastecer o alto nivel da actividade galega e de cubrir as súas necesidades de materia prima. É por iso que foi e é necesario aumentar as compras de produtos del mar no exterior, o que obedece ás capturas que realiza a flota galega noutros países (como é o caso dos túnidos).

Unha importación que se explica porque a industria galega nunca vendeu tanto polo que nunca se necesitou tanto produto do exterior como agora e porque na propia expansión exterior das empresas, cada vez máis asentadas nos países de orixe das materias a través de filiais e sociedades, se integran os produtos en España como importacións. Así Galicia demostra a súa capacidade para xerar recursos para o exterior sen perder potencia no interior.

a. No eido conserveiro, é a primeira rexión europea e a segunda mundial (en túnidos) na produción de conservas de peixe e marisco. O seu negocio marcou no 2017 un volume de produción de máis de 300.000 Tn (86,5% da produción da conserva española) e máis de 1.282 M € (80% do valor de produción da conserva española).

b. E no eido do conxelado, Galicia lidera o sector con máis de 4.200 M € de facturación (42,7% do valor total do conxelado español).

Con relación aos datos relativos ao consumo, España é o país con maior consumo per cápita de peixe, seguido de Portugal. Un dato significativo sobre todo si se ten en conta que no país luso habitan 8 millóns de persoas fronte aos 46 millóns de España, polo que se desprende a matización coa que deben ser interpretables os datos, máis de carácter simbólico que reais, arroxados polo Informe de mención.

Nesa simbolidade, desde Galicia céntranse os esforzos nos datos que realmente son de aplicabilidade e utilidade para a análise das medidas que o sector debe adoptar para o seu progreso.

Asemade, o informe reflicte a situación dos Estados Membros no seu conxunto, sen diferenciar por rexións, polo que non se pode automaticamente atribuír a Galicia. Isto significa que neste informe se inclúe a totalidade da frota española, mesmo a que traballa no Mediterráneo e que non está suxeita a TAC.

En todo caso, e extrapolando os datos de consumo de peixe per cápita en España (46 Qg/ano) ao caso da poboación galega (2.708.339 habitantes), teríamos unha necesidade de abastecemento propia de 124.583.594 Qg de produtos do mar, cifra amplamente superada polos 212.784.514 Qg. de peixe e marisco fresco desembarcados en Galicia e, aínda máis, polos 278.980.787 Qg de produtos de acuicultura producidos nas nosas costas. É dicir, que a produción de abastecemento propia é case catro veces a necesidade, ou o que é o mesmo, que daría para abastecer a demanda interna estimada durante case catro anos.

Neste senso, podemos recordar a evolución e a súa tendencia ao alza das subas dos TAC e cotas nos últimos anos e que para este 2018 supuxo un 4% máis con respecto á proposta inicial da Comisión Europea. Unhas negociacións satisfactorias para Galicia, xa que dos 23 obxectivos de importancia, conseguíronse total ou parcialmente 16 deles (69%), entre os que destaca a non inclusión dun TAC para a sardiña e o freo ao peche da anguía. Unha evolución que se reflicte de forma ben diferente en dous períodos:

c. No período 2005-2009, as cotas globais para España nas augas do Cantábrico e Noroeste e Gran Sol e augas de Francia reducíronse nun 55%, máis de 125.000 Tn e preto de 330 M € de perdas potenciais.

d. Desde 2009, as cotas creceron nun 80%, máis de 80.000 Tn e máis de 210 M €.



Este aumento débese tamén ao bo estado dos recursos mariños e á ampliación das zonas de marisqueo, que permitiu aumentar as descargas nas lonxas, que no último lustro creceu un 30% e nos últimos 15 anos un 70%. Xa que logo:

a. Ao longo do período 2010-2017 recuperáronse máis de 11 millóns m2 de superficie, gracias á execución de 200 proxectos de confrarías e entidades asociativas, cun financiamento próximo aos 7 M €.

b. E para o período 2016-2020, ao a amparo do FEMP investíranse 37 M € para protexer e recuperar a biodiversidade mariña.

Por todas estas razóns o 2017 foi o mellor ano dunha serie histórica que comezaba no 1997, desde que vimos sistematizando os datos:

c. Bateuse o récord de facturación, con 507 M€ (18,7% por riba da media anual) e por primeira vez rompeuse co teito dos 500 M €, cun aumento do 3,12% con respecto a 2016.

d. E bateuse o récord de descargas, con máis de 212.000 Tn (27% por enriba da media anual) e presenta unha evolución positiva, cun aumento do 13% con respecto ao 2016.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36933
Data envío: 17/09/2018 15:03:47.415

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 15:03:43



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31606**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, e don Julio Torrado Quintela, sobre **“os intereses defendidos polo Goberno galego nas xestión coa empresa Babcock Mission Critical Services Holdings, S. L., a sentenza xudicial referida ao recurso presentado pola compañía e as razóns do Goberno galego para non exixirlle o cumprimento das súas obrigas fiscais para a adxudicación dos contratos de salvamento marítimo”**, (publicada no BOPG número 317 do 7 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar defende sempre é o interese xeral, como non podía ser doutro xeito.

A Sala do Contencioso administrativo da Audiencia Nacional ditou o 8 de marzo de 2018 unha sentenza na que se confirmaba a resolución do Tribunal Económico-Administrativo Central contra o acordo de liquidación polo Imposto de Sociedades relativo aos exercicios 2007 e 2008 e contra a sanción imposta con motivo de dita liquidación.

A sentenza da Audiencia Nacional non é firme, senón que contra ela cabe recurso de casación ante o Tribunal Supremo que, se ben xa foi formulado aínda non ten sido resolto.

Haberá que esperar a ver en que sentido se pronuncia o tribunal, e incluso no caso de que confirme a sentenza da Audiencia Nacional haberá que ver a situación da empresa e os procedementos de regularización da situación atribuída a aqueles anos 2007 e 2008.

En resposta a que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego, convén insistir en que a empresa coa que a Xunta ten firmado o contrato de operación e mantemento dos helicópteros de salvamento marítimo non é Babcock Mission Critical Services Holding, S.L. senón Babcock Mission Critical Services España S.A.U. De aí que as consecuencias que no seu día se deriven como consecuencia do proceso xudicial aludido referiranse á primeira das entidades e non á segunda, aínda que pertenczan ao mesmo grupo.

En definitiva, esta sentenza afecta á situación e circunstancias da empresa nos anos 2007 e 2008, cando non estaba este Goberno nin os actuais responsables da Consellería do Mar.

Precisamente debido ao exposto anteriormente non podemos estar de acordo coa manifestación de non cumprimento das obrigas fiscais da empresa adxudicataria, xa que como non pode ser doutra forma no procedemento administrativo de contratación comprobouse se Babcock Mission Critical Services España S.A.U atopábase ou non ao corrente das súas obrigas fiscais sendo que non tiña débeda algunha”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36932
Data envío: 17/09/2018 15:03:25.555

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 15:03:22



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31655**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación cos problemas que están a afectar á Ría de Arousa, a consecuencia da deficiente depuración das augas residuais urbanas de Ribeira ou de Santiago de Compostela, a asunción do compromiso de rematar ou ter en execución todas as obras de depuración e saneamento nela no ano 2020, así como as súas previsións respecto da elaboración e posta en marcha no ano 2018 dun plan especial de sostenibilidade e aproveitamento da ría cunha partida orzamentaria específica”**, (publicada no BOPG número 317 do 7 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 8ª do pasado 6 de setembro de 2018 polo director de Augas de Galicia, en resposta á pregunta oral 33393.

Na súa intervención, o director respondeu a cuestións relativas á depuración de augas residuais urbanas en Ribeira e Santiago, ao saneamento da ría de Arousa e explicou os pasos dados en relación a esta materia pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

O enlace no que pode consultarse a resposta é:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-09-06?part=b4880210-142d-469f-a023-c1ce8b32b737&start=7819.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-09-06?part=b4880210-142d-469f-a023-c1ce8b32b737&start=7819)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36520
Data envío: 13/09/2018 09:06:56.672

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:06:52



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32293**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, e don Julio Torrado Quintela, sobre **“os criterios seguidos para a cobertura da revisión anual programada do helicóptero Pesca 2, que presta o servizo de salvamento marítimo, así como as razóns do Goberno galego para permitirlle á empresa adxudicataria o incumprimento do establecido nos apartados 2.6.9 e 2.6.10 do prego de prescricións técnicas particulares”**, (publicada no BOPG número 324 do 21 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Os criterios que se seguiron foron única e exclusivamente os previstos nos pregos de contratación vixentes.

Debemos indicar que como helicópteros de substitución (back-up) BABCOCK ofertou dous helicópteros Augusta AW-139 do fabricante Leonardo Helicópteros. Estes helicópteros cumpren con tódalas especificacións técnicas esixidas no prego de prescricións técnicas particulares.

Por outra banda na licitación ao servizo non se esixe a dedicación exclusiva dos helicópteros de substitución, xa que tería como consecuencia o encarecemento da prestación do servizo en un extremo innecesario posto que a dispoñibilidade dos helicópteros de substitución está garantida.

Finalmente, non é correcta a afirmación de que a substitución estase a realizar por un helicóptero de Salvamento Marítimo del Estado. O helicóptero Augusta Westland AW139 coa matrícula EC-LIS é propiedade de Babcock, prestando servizo de substitución tanto a Salvamento Marítimo como a Gardacostas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36931
Data envío: 17/09/2018 15:03:18.493

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 15:03:15



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 32326**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Luis Villares Naveira e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para o cumprimento do acordo parlamentario referido á decisión de Renfe-Viaxeiros, S.A. e da ADIF de pechar o servizo de atención presencial ao viaxeiro nas estacións de ferrocarril de Guillarei, O Carballiño, O Barco, A Rúa e Ribadavia, así como a súa situación actual”**, (publicada no BOPG número 324 do 21 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia levou a cabo diversas xestións en relación ao mantemento do servizo de venda de billetes en varias estacións ferroviarias de Galicia. Entre elas, en febreiro de 2017, o Goberno galego deu correspondente traslado do acordo aprobado na Cámara galega, cumprindo o mandato parlamentario, de solicitar do Goberno central o mantemento dos servizos de venda de billetes e atención ao viaxeiro en diversas estacións de tren da Comunidade, obténdose o compromiso por parte do Ministerio de garantir a calidade no servizo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36515
Data envío: 13/09/2018 09:06:16.125

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:05:56



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32542**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego das distintas interpretacións que se están a realizar respecto do uso dos espazos públicos e o prazo previsto para flexibilizar a resolución de Portos de Galicia do 26 de setembro de 2017, pola que se regulan os criterios de autorización de ocupación de dominio público portuario con destino á celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas”**, (publicada no BOPG número 329 do 29 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Como se ten explicado xa en varias ocasións no Parlamento de Galicia, o ente público Portos de Galicia ten máxima dispoñibilidade a combinar os usos portuarios e lúdicos no dominio público portuario, como o demostra o feito de que son centos os eventos e celebracións que se autorizan ao longo do ano nos distintos peiraos de titularidade da Xunta.

Porén o ente público ten na súa razón de ser a obriga de protexer os usos e actividades portuarias no dominio público portuario e garantir a operatividade e, por riba de todo, a seguridade para as persoas e os bens nos portos. Dada esta dobre obriga, Portos de Galicia ten elaborado unha regulamentación específica para poder autorizar os eventos lúdicos nos peiraos portuarios en condicións de máxima seguridade.

Dita normativa, vixente ao longo de todo este verán permitiu autorizar nos últimos 3 meses centenaes de eventos, festas patronais e actividades deportivas nos peiraos públicos. Non en van, arredor do 90% das actividades solicitadas foron autorizadas sen que se producira problemática algunha salvo en casos puntuais, menos do 10%, de feito.

Estamos polo tanto ante unha normativa flexible e compensada que de feito permitiu o desenvolvemento da práctica totalidade de eventos solicitados, sen incidencias destacables.

Non en van, compre lembrar, que Portos de Galicia si mantén a súa decisión de ser estritos no cumprimento de todos os condicionantes necesarios para a celebración de eventos nas máximas condicións de seguridade para minimizar o risco de accidentes como se teñen sucedido noutros espazos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36930
Data envío: 17/09/2018 15:03:11.243

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 15:02:56



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32705**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da execución das obras de reparación necesarias no porto de Fisterra”**, (publicada no BOPG número 329 do 29 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia realiza de xeito permanente tarefas de vixilancia do estado de conservación das súas instalacións nos 122 portos da súa titularidade, así como as necesarias actuacións de mantemento para paliar as deficiencias que poidan detectarse.

Así, no porto de Fisterra, ao igual que no conxunto do litoral, os técnicos de Portos de Galicia revisan regularmente as instalacións sen que se teñan recibido queixas ou advertencias dos usuarios de dito peirao.

O compromiso do ente público co peirao de Fisterra é inequívoco, como demostra o investimento realizado durante os últimos meses que ascendeu a un millón de euros e permitiu a instalación dun dique de abrigo aboiante así como a habilitación de 75 novas prazas de amarre, unha das actuacións de maior envergadura realizadas neste ano polo ente público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36929
Data envío: 17/09/2018 15:02:52.149

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 15:02:49



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32828**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Luís Villares Naveira, sobre **“os controis periódicos da calidade das augas de baño realizados polo Goberno galego nos últimos dez meses ou, se é o caso, o prazo estimado para ese fin, as súas previsións referidas á publicación dos seus resultados ou o traslado desa información ao conxunto da cidadanía, así como sobre a súa opinión en relación co cumprimento na actualidade do reflectido na Directiva 2006/7/CE ao respecto”**, (publicada no BOPG número 331 do 4 de xullo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería de Sanidade cumprimos coa normativa en vigor, e realizamos todos os anos as inspeccións e mostraxes periódicas da auga das praias durante as tempadas de baño, que en Galicia, como norma xeral, abarca o período comprendido entre o 1 de xuño ata o 30 de setembro. Así mesmo, antes da tempada de baño realízase sempre unha mostraxe previa inicial.

Todos os resultados dos controis da tempada de baño pódense consultar na web da Consellería de Sanidade: <https://www.sergas.es/Saude-publica/Praias>.

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade obriga ás administracións públicas sanitarias a orientar as súas actuacións prioritariamente á promoción da saúde e á prevención das enfermidades. A citada lei indica que as actividades e produtos que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias negativas para a saúde sexan sometidos ao control das administracións públicas. Unha destas actividades é o uso recreativo da auga, en concreto das zonas de augas de baño naturais.

Por este motivo a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, executa o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño.

Este programa baséase na vixilancia sanitaria das zonas de baño incluídas no censo oficial mediante a inspección e mostraxe periódica da auga das praias durante a tempada de baño.

Así mesmo, fóra da tempada de baño, por cuestións de saúde pública e para evitar situacións de risco para a saúde de bañistas, a Consellería de Sanidade pode realizar as actuacións que estime necesarias, incluíndo as inspeccións e mostraxes da auga.

Os datos se actualizan e publican semanalmente. En canto a sinalización é competencia do concello”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36701
Data envío: 13/09/2018 15:29:33.362

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:29:29



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32978**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Luís Villares Naveira e don Marcos Cal Ogando, sobre **“a data de coñecemento e os datos da Xunta de Galicia referidos á existencia de niveis de bacteria ecoli superiores ao permitido en diversas praias de Vilagarcía de Arousa”**, (publicada no BOPG número 335 do 11 de xullo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O 25 de xuño de 2018 recóllese unha mostra de auga na praia de Compostela. O Laboratorio de Saúde Pública comunica o resultado de contaminación microbiolóxica o 27 de xullo de 2018. Ese mesmo día a Xefatura territorial de Sanidade de Pontevedra lle comunica por FAX ao concello de Vilagarcía de Arousa, o dito resultado.

O 28 de xuño de 2018 recóllese unha nova mostra de repetición. O Laboratorio de Saúde Pública comunica o resultado de non contaminación o 29 de xullo de 2018. Ese mesmo día a Xefatura territorial de Sanidade de Pontevedra lle comunica o fin de contaminación por fax ao concello de Vilagarcía de Arousa.

Desde Augas de Galicia nos informan que na data 28/06/2018, tras ter constancia do incumprimento detectado, o Plan de Control de Vertidos leva a cabo unha inspección á zona, detectando un vertido con incumprimento nos parámetros microbiolóxicos. O dito vertido revisouse xunto co concello.

Así mesmo levarase a cabo un seguimento deste ata a súa emenda.

En relación á calidade das augas de baño, o concello é o responsable de poñer os carteis informando á poboación da recomendación ou prohibición de bañarse por contaminación microbiolóxica temporal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36700
Data envío: 13/09/2018 15:29:25.940

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:29:11



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33140**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don David Rodríguez Estévez, dona Eva Solla Fernández e dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as razóns do Goberno galego para suprimir o servizo de pediatría no centro médico da Pobra de Trives durante o período estival, así como as súas intencións respecto da reconsideración desta decisión e a garantía do servizo de xeito inmediato”**, (publicada no BOPG número 335 do 11 de xullo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A reordenación temporal durante este verán da atención pediátrica básica na provincia de Ourense responde á imposibilidade de dispoñer de especialistas cos que substituír, durante as vacacións ou ausencias, aos pediatras titulares e garantir así o acceso á atención pediátrica básica do conxunto da poboación infantil da provincia.

No caso da comarca das Terras de Trives o seu servizo de referencia para a atención pediátrica é Maceda. Durante todo o ano desde Maceda desprázase un pediatra ao Centro de Saúde de Trives, para atender alí durante tres horas semanais (repartidas en dúas xornadas con hora e media de consulta) aos 186 nenos da comarca de Trives (deles 26 menores de 3 anos), que, no caso de necesidade, acoden a Maceda o resto dos días da semana, como puideron continuar facéndoo estes meses de verán nos que se centralizan alí as consultas.

Ademais, durante o verán aos nenos de Trives ofréceselles tamén a posibilidade de acudir á consulta de pediatría do centro de saúde da Rúa, tendo en conta a súa proximidade dalgunhas parroquias; podendo así ir a calquera dos dous”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36699
Data envío: 13/09/2018 15:29:07.361

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:29:03



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33150**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do abandono do uso de herbicidas con glifosato en lugares públicos e a súa substitución por métodos alternativos non contaminantes e perigosos para a saúde e o medio ambiente, o coñecemento das fumigacións indiscriminadas de herbicidas que se están a levar a cabo no rural galego e a súa autorización, así como o uso de glifosato nas marxes da estrada autonómica AG-42 o día 27 de xuño de 2018, pese ás previsión de choivas e á recomendación de non usalo”**, (publicada no BOPG número 335 do 11 de xullo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, como órgano encargado da conservación e mantemento das estradas de titularidade autonómica, leva a cabo actuacións para o control da vexetación das súas marxes. Estas tarefas son imprescindibles para manter a funcionalidade da rede e garantir a seguridade viaria; e materialízanse mediante dous tipos de actuacións complementarias entre si: campañas de roza e control de vexetación e aplicación de herbicidas. Neste último caso, cumpre coa normativa vixente na materia ao esixir a utilización de produtos autorizados, que son estendidos por persoal especializado, de maneira localizada, sobre a vexetación máis próxima ás estradas.

No caso da vía que se menciona na iniciativa, cómpre sinalar que a empresa do contrato de conservación, especializada e encargada da aplicación dos herbicidas:

1.- Cumpre cos requisitos legais e técnicos que fixa o Real Decreto 1311/2012 do 14 de setembro polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios, entre os que destacan:

-Inscripción no Rexistro oficial de produtores e operadores de medios de defensa fitosanitaria (R.O.P.O.), por parte da empresa e os asesores.

-Carné de aplicador de fitosanitarios cualificado, por parte dos asesores e operarios.

-Inscripción no Rexistro oficial da maquinaria agrícola (R.O.M.A).

-Realización dun plan de traballos e un documento de asesoramento, cos que informar ás administracións locais, 10 días antes do inicio dos traballos sobre o modo de aplicación, o obxecto de actuación, a homologación da maquinaria, os produtos utilizados e os usos e restricións.

-Xestión de residuos SIGFITO (envases contaminados por produtos fitosanitarios).

2.- Traballa con produtos autorizados polo Ministerio. Estes produtos son os que presentan un mellor perfil ecotoxicolóxico de entre todos os autorizados para o seu ámbito de aplicación. Ningún deles ten prazo de seguridade, polo que calquera persoa ou animal pode acceder á zona tratada sen ningún perigo para a súa saúde e, en consecuencia, non é necesaria a sinalización da zona tratada.

3.- En cumprimento do Real Decreto 1311/2012 do 14 de setembro, enviou o Documento de Asesoramento e o Plan de Traballos aos concellos polos cales discorre a vía CG-4.2 tramo Goián–A Guarda o 6 de marzo de 2018. Non se recibiu contestación algunha por parte dos concellos implicados na que puxesen de manifesto indicios fundados de risco no Plan de Traballos. No plan de traballos indicábase que “O Tratamento de primavera está previsto entre o 19 de marzo e o 30 de abril, cun posible repaso no mes de xuño en caso de ser necesario, e o tratamento de outono entre o 15 de agosto e o 31 de outubro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36732
Data envío: 13/09/2018 15:36:56.714

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:36:53



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 12:52
Nº Rexistro: 36896
Data envío: 17/09/2018 12:52:20.373

Data 17/09/2018 12:52

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21891** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Julia Rodríguez Barreira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que desenvolve a Xunta de Galicia en materia de conservación das estradas, as súas prioridades de actuación e o balance respecto do Plan de reforzos de firme”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á pregunta oral en Pleno número 35521, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 11 e 12 de setembro de 2018, á que nos remitimos.

Na súa resposta, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda lembrou que, para a Xunta, a seguridade viaria é unha materia estratéxica e prioritaria e neste sentido destacou o investimento, este ano, duns 55 millóns de euros en actuacións de conservación nas estradas autonómicas co fin de reforzar a seguridade viaria.

Detallou que o Goberno galego está a realizar un esforzo investidor en materia de conservación para levar a cabo obras de mellora de firme e actuacións singulares e específicas nas estradas da Xunta, con medidas como o Plan de reforzos de firme ou tamén co Programa específico de seguridade das pontes e outras obras de paso nas estradas da Xunta. A través deste último programa realízanse inspeccións periódicas nas estruturas da rede autonómica (viadutos, pasos superiores e inferiores...), co obxectivo de anticiparse a

posibles problemas futuros. A este respecto, destacou o investimento duns 19 millóns de euros en intervencións nas pontes realizado pola Xunta desde o ano 2009.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Vivenda pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-12?part=46b8584c-a0e2-4ca8-94d8-bfe93a622551&start=2853>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-12?part=46b8584c-a0e2-4ca8-94d8-bfe93a622551&start=3187>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 12:52
Nº Rexistro: 36896
Data envío: 17/09/2018 12:52:20.373

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 12:52:16



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 13:38
Nº Rexistro: 36926
Data envío: 17/09/2018 13:38:01.988

Data 17/09/2018 13:37

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21894** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que se están a desenvolver na comarca de Vigo no marco do Plan de sendas de Galicia”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 33518, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 13 de setembro de 2018, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas lembrou que na comarca de Vigo o Plan de Sendas prevé a execución de 11 sendas, cunha lonxitude total de 12,5 quilómetros, que se están a desenvolver en 9 proxectos construtivos, mediante un investimento duns 5,9 millóns de euros. Salientou, ademais, que o Plan de Sendas na comarca de Vigo xa dispón de 5 proxectos rematados, dous en execución e dous en tramitación.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-09-13?part=5044dcfa-1997-40b3-8a36-055cca08763b&start=4034>

páxina 1 de 2

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-09-13?part=5044dcfa-1997-40b3-8a36-055cca08763b&start=4803>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 13:38
Nº Rexistro: 36926
Data envío: 17/09/2018 13:38:01.988

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 13:37:43



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23021** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“a avaliación do Goberno galego en relación co pechamento do terceiro carril da AP-9 que pasa por Chapela poucos días despois da súa inauguración e a suba das peaxes antes de estar rematadas as obras, así como a situación na que se atopa o traslado do colexio da Igrexa para garantir a seguridade do alumnado”**, (publicada no BOPG número 246 do 24 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A ampliación da AP-9 non é de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, senón da exclusiva competencia do Goberno central, polo que todas as cuestións relacionadas con esta materia deben ser asumidas pola Administración Xeral do Estado.

Non obstante, a Xunta de Galicia sempre defendeu a execución o máis rápida posible das medidas compensatorias para a contorna da AP-9 en Chapela, como consecuencia das obras de ampliación executadas, e colaborou en todo o posible naquelas cuestións de tramitación que puidesen ser da súa competencia. Esta exixencia na celeridade da Administración Xeral do Estado, transmitiuse desde o Goberno galego nas reunións mantidas pola Comisión de seguimento da AP-9, creada entre Xunta de Galicia e Ministerio de Fomento para tratar aqueles aspectos de interese para a Comunidade Autónoma de Galicia relacionados con esta infraestrutura.

Polo que se refire á suba das peaxes, sinalar que, a día de hoxe, non se aplicou ás tarifas da AP-9 a repercusión do custo das obras de ampliación de capacidade.

No que respecta á competencia do departamento educativo na resposta a esta iniciativa, a información demandada foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 22038, publicada no BOPG número 351 de data 4.9.2018, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36713
Data envío: 13/09/2018 15:31:06.629

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:31:03



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23353**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, don Raúl Fernández Fernández e dona María Luisa Pierres López, sobre **“o coñecemento do Goberno galego do impacto que está a ter na veciñanza a modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal que formula o Concello de Dodro para a recolocación do solo industrial S-01, a súa valoración en relación cos posibles incumprimentos existentes en materia de transparencia na súa tramitación e as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego non ten constancia oficial de que o Concello de Dodro estea revisando o seu PXOM, aprobado definitivamente o 27 de decembro de 2010 por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A competencia relacionada coa tramitación dunha modificación puntual do PXOM que lle corresponde ao Goberno galego, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, está establecida no art. 144 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do Solo de Galicia. Durante o transcurso do procedemento ata o trámite de aprobación definitiva, as accións e procedementos relativos a competencia municipal, son cuestións da súa responsabilidade.

A actuación vén derivada da aprobación inicial da modificación puntual, como resultado dun trámite ambiental previo, onde se determinaron todas características da modificación puntual, da exposición pública e consultas, así como dos efectos ambientais probables e previsibles da proposta presentada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 12:51
Nº Rexistro: 36893
Data envío: 17/09/2018 12:51:42.201

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 12:51:39



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26927**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“as actuacións levadas a cabo e as previstas pola Xunta de Galicia para resolver as carencias de persoal e, nomeadamente, de interventores detectadas no servizo ferroviario galego”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Goberno galego mantense unha liña de atención permanente sobre o funcionamento e a calidade do transporte ferroviario na Comunidade, competencia do Goberno do Estado, para que os servizos sexan máis acordes ao que os usuarios demandan e precisan.

Do mesmo xeito, estase a seguir a política de recursos humanos que Renfe está a levar a cabo no referente á presenza de interventores nos trens que circulan por Galicia e o xeito en que esta pode afectar aos usuarios e aos medios que teñen para poder adquirir os seus billetes, máis alá do desenvolvemento de ferramentas tecnolóxicas e a instalación de máquinas autoventa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36709
Data envío: 13/09/2018 15:30:36.238

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:30:32



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 28060**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as máis, sobre **“o coñecemento por parte do Goberno galego do malestar que están a xerar entre usuarios e veciños as obras de ampliación da ponte de Rande e a suba das peaxes”**, (publicada no BOPG número 285, do 28 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A ampliación da Ponte de Rande non é de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, senón da exclusiva competencia do Goberno central, polo que todas as cuestións relacionadas con esta materia deben ser asumidas pola Administración Xeral do Estado.

A Comisión de seguimento da AP-9, entre Xunta de Galicia e Ministerio de Fomento, constitúuse co fin de tratar aqueles aspectos de interese para a Comunidade Autónoma de Galicia relacionados coa AP-9. Era no marco das reunións desta Comisión onde se trataban as diversas cuestións obxecto desta iniciativa parlamentaria. Non obstante, a pesar das solicitudes da Xunta de Galicia dirixidas ao Ministerio de Fomento para que se convoque unha nova reunión da Comisión de seguimento da AP-9, ata o momento, non houbo resposta por parte do Ministerio.

Polo que se refire ás cuestións relativas á suba das peaxes, cómpre sinalar que a día de hoxe non foi aplicada a suba de tarifas como consecuencia das obras de ampliación da AP-9, determinada no Real decreto 1733/2011 de 18 de novembro, polo que se aproba o Convenio entre a Administración Xeral do Estado e Autopistas do Atlántico, polo que se modifican determinados termos da concesión para a construción, conservación e explotación da Autopista do Atlántico AP-9 para a ampliación de capacidade de diversos tramos de dita autoestrada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36544
Data envío: 13/09/2018 09:10:43.614

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:10:37



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28122** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“os motivos polos que non hai expertos en materia ferroviaria na relación de postos de traballo da Xunta de Galicia e a opinión da Xunta de Galicia respecto da declaración dos técnicos ferroviarios na que aseguran que o sistema ERTMS tería evitado o accidente de Angrois”**, (publicada no BOPG número 285 do 28 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O artigo 41.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia sinala que o persoal funcionario da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia se agrupa en corpos de Administración xeral e corpos de Administración especial, nos que poderán crearse diferentes escalas.

Na Disposición adicional novena da mesma lei establece no ‘corpo facultativo superior (A1)’ a ‘Escala de enxeñeiros’, con cinco diferentes especialidades, entre as cales se atopa a especialidade de Enxeñería de Camiños, Canles e Portos.

Á vista da normativa vixente (Orde CIN/309/2009) a Enxeñería de Camiños, Canles e Portos xa é unha especialidade dentro da escala de enxeñeiros e a titulación que se esixe para o acceso á mesma habilita para o desempeño da profesión (capacidade profesional) en materia de transportes terrestres, sen que exista distinción algunha respecto aos distintos tipos de transporte”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 12:51
Nº Rexistro: 36892
Data envío: 17/09/2018 12:51:34.372

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 12:51:31



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30047** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“as razóns da non inclusión dalgún experto en materia ferroviaria na convocatoria de postos de traballo publicada no Diario Oficial de Galicia do 7 de marzo de 2018, así como a opinión do Goberno galego respecto da declaración dos técnicos ferroviarios en relación coa posibilidade de terse evitado o accidente de Angrois”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O artigo 41.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia sinala que o persoal funcionario da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia se agrupa en corpos de Administración xeral e corpos de Administración especial, nos que poderán crearse diferentes escalas.

Na Disposición adicional novena da mesma lei establece no ‘corpo facultativo superior (A1)’ a ‘Escala de enxeñeiros’, con cinco diferentes especialidades, entre as cales se atopa a especialidade de Enxeñería de Camiños, Canles e Portos.

Á vista da normativa vixente (Orde CIN/309/2009) a Enxeñería de Camiños, Canles e Portos xa é unha especialidade dentro da escala de enxeñeiros e a titulación que se esixe para o acceso á mesma habilita para o desempeño da profesión (capacidade profesional) en materia de transportes terrestres, sen que exista distinción algunha respecto aos distintos tipos de transporte”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 12:51
Nº Rexistro: 36890
Data envío: 17/09/2018 12:51:19.028

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 12:51:15



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31350** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e varios/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da implantación do nodo de interoperabilidade de Galicia Pasaxe!, a súa opinión referida á posta en marcha nel dunha plataforma electrónica para a tramitación de licenzas e outras documentacións urbanísticas, así como as actuacións levadas a cabo para o cumprimento do acordo asinado no ano 2011 coa Presidencia do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en relación coa implantación e extensión das licenzas dixitais a todos os concellos galegos”**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A dixitalización da Administración é un dos obxectivos principais do Goberno galego e así o recolle a Axenda Dixital de Galicia 2020, que busca consolidar unha Administración integramente dixital grazas aos avances logrados durante as tres últimas lexislaturas do actual Goberno galego (2009-2018).

A posta en marcha da Plataforma de interoperabilidade da Xunta forma parte desta estratexia e está a consolidarse como o elemento que evita a cidadáns e empresas presentar documentación que obra en poder da Administración. O incremento de consultas á Pasaxe por parte dos profesionais da Administración pública mantense en constante crecemento así como o número de certificados e documentos que se incorporan á plataforma.

A utilización do sistema está consolidada na tramitación administrativa da Xunta de Galicia como o reflexa o incremento continuado do uso desde a súa posta en marcha con máis de 13 millóns de consultas desde 2015. Só entre xaneiro e xullo de 2018 realizáronse preto de 5 millóns de consultas á plataforma. O incremento de servizos

da plataforma segue a incrementarse de xeito progresivo. Actualmente están dispoñibles 61 certificados de 17 organismos ou administracións.

A consolidación desta plataforma da Comunidade Autónoma de Galicia está no segundo posto en consultas de interoperabilidade por cada 100 habitantes no ranking de CCAA, só por detrás do País Vasco.

Conscientes da importancia de impulsar a Administración electrónica nas entidades locais, a Xunta pon á súa disposición un catálogo de servizos dixitais, entre os que está Pasaxe!, unha plataforma á que se poden adherir de xeito gratuíto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36527
Data envío: 13/09/2018 09:08:00.096

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:07:56



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 31432**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“as declaracións do presidente da Xunta de Galicia referidas á repercusión nas tarifas das peaxes da AP-9 das retencións que se veñen producindo nela, como consecuencia das obras de ampliación da ponte de Rande, os expedientes sancionadores abertos polo Ministerio de Fomento á empresa concesionaria polos prexuízos causados e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A ampliación da Ponte de Rande non é de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, senón da exclusiva competencia do Goberno central, polo que todas as cuestións relacionadas con esta materia deben ser asumidas pola Administración Xeral do Estado.

A Xunta de Galicia mantivo sempre unha postura constante e coherente de demanda da maior calidade do servizo aos usuarios da AP-9, tanto por parte da concesionaria, como do Ministerio de Fomento no seu labor de tutela da concesión.

A Comisión de seguimento da AP-9 entre Xunta de Galicia e Ministerio de Fomento constituíuse co fin de tratar aqueles aspectos de interese para a Comunidade Autónoma de Galicia relacionados con esta infraestrutura. A Xunta de Galicia tense dirixido ao Ministerio de Fomento para transmitirle o seu interese na convocatoria dunha nova reunión da Comisión de seguimento, dirixíndolle a correspondente solicitude, sen que, ata o momento, se teña recibido resposta por parte do Ministerio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36525
Data envío: 13/09/2018 09:07:43.548

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:07:39

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31653**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación cos problemas que están a afectar á Ría de Arousa, a consecuencia da deficiente depuración das augas residuais urbanas de Ribeira ou de Santiago de Compostela, a asunción do compromiso de rematar ou ter en execución todas as obras de depuración e saneamento nela no ano 2020, así como as súas previsións respecto da elaboración e posta en marcha no ano 2018 dun plan especial de sostenibilidade e aproveitamento da ría cunha partida orzamentaria específica”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 8ª do pasado 6 de setembro de 2018 polo director de Augas de Galicia, en resposta á pregunta oral 33393. Na súa intervención, o director respondeu a cuestións relativas á depuración de augas residuais urbanas en Ribeira e Santiago, ao saneamento da ría de Arousa e explicou os pasos dados en relación a esta materia pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

O enlace no que pode consultarse esa resposta é:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-09-06?part=b4880210-142d-469f-a023-c1ce8b32b737&start=7819.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-09-06?part=b4880210-142d-469f-a023-c1ce8b32b737&start=7819)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36522
Data envío: 13/09/2018 09:07:12.188

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:07:07



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28942** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e varios/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“as razóns baixo nivel de execución orzamentaria que presentan os créditos definitivos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia no ano 2017, así como os programas e servizos afectados”**, (publicada no BOPG número 293 do 18 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Con relación ao grao de execución orzamentaria do exercicio 2017 correspondente á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, cómpre subliñar que a mesma está condicionada polos tempos de tramitación establecida na normativa vixente en materia de contratación pública, así como dos prazos de subministración dos diferentes provedores.

Polo que respecta aos créditos orzamentarios que non acadaron a fase O a 31 de decembro de 2017, maioritariamente se corresponden con licitacións en tramitación ou pendentes de execución. Neste senso, cómpre poñer de manifesto que máis do 91 % dos créditos que non acadaron a fase de recoñecemento de obriga se corresponden con fondos comunitarios que son obxecto de incorporación no exercicio seguinte, polo que a súa execución resulta garantida.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36263
Data envío: 10/09/2018 14:04:11.094

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/09/2018 14:04:07



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- **número 21819**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de César Manuel Fernández Gil e outros/as deputados/as máis, sobre “**a política da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en materia de fomento e dinamización da lectura**”, (publicada no BOPG número 237, do 11 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á POP 21820 na sesión plenaria do 6-7.2.2018, á que nos remitimos, sendo o enlace web o seguinte:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-02-07?part=db124ff5-dddb-458d-b55a-aaa5d49504ec&start=2081>

En 2018, o Goberno galego, a través da Consellería de Cultura e Educación está a impulsar un Plan para a dinamización lectora de Galicia que se dirixe a potenciar as estratexias de capacitación e competencia lectora da sociedade galega.

De cara á súa elaboración, contamos co apoio do Consello Asesor do Libro, un organismo dedicado ao estudo e ao asesoramento sobre as políticas relacionadas coa Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, que se reunía o pasado mes de decembro para avanzar nas políticas de dinamización do sector e de fomento da lectura.

Engadir a convocatoria de liñas de adquisición de novidades editoriais para fornecer a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia de novos títulos, xunto con axudas para a mellora das coleccións bibliográficas dos centros adheridos á rede.

Tamén as axudas á tradución de libros ao galego e do galego a outras linguas, a través dunha liña de subvencións en concorrència competitiva destinada ás editoriais.

A ampliación do catálogo GaliciaLe, para o préstamo de libro electrónico nas bibliotecas, coa incorporación de novos títulos e coa posta en marcha este ano dun catálogo audiovisual, con preto de 80 traballos de 17 produtoras do cine galego entre as que se inclúen curtas, longametraxes de ficción e de animación, e documentais.

E finalmente, destacar tamén o programa de dinamización da lectura nas bibliotecas Ler conta moito, que en 2017 ofreceu máis de 700 actividades en todo o territorio galego.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36583
Data envío: 13/09/2018 09:16:50.528

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:16:46



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- **número 21837**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de César Manuel Fernández Gil e outros/as deputados/as máis, sobre **“o impacto da posta en marcha da Estratexia galega de convivencia escolar (Educonvives) 2015-2010”**, (publicada no BOPG número 237, do 11 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviallle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia ao ser un dos temas abordados na comparecencia con número de rexistro 32248 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 19 de xuño de 2018, á que nos remitimos.

O debate pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-06-19>

Así quedou de manifesto que o ensino galego segue a ser referente en materia de convivencia e de fomento da igualdade, grazas ao desenvolvemento de boa parte das medidas previstas tanto na Estratexia Galega da Convivencia Escolar-Educonvives, como no Plan de Igualdade en centros educativos.

Engadir que a Estratexia Galega de Convivencia Escolar (educonvives.gal) é a folla de ruta que está a seguir a Xunta neste asunto para o período. A través dos seus 5 eixes e 37 accións, a Estratexia tense amosado como un elemento de planificación e funcionamento que dá coherencia e seguridade aos centros educativos.

No propio porta educativo pode accederse a diversa información relacionada coa Estratexia Galega de Convivencia. En concreto, a través do enlace: <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36582
Data envío: 13/09/2018 09:16:38.012

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:16:25



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21853**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera, e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a elaboración pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Estratexia da cultura de Galicia 2021”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia con motivo da comparecencia con número de rexistro 26407 e debatida no na Comisión 4ª de data 01/03/2018; á que nos remitimos.

O debate pode consultarse no seguinte enlace de internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2018-03-01> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36207
Data envío: 07/09/2018 14:05:13.824

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2018 14:05:10



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- **número 21997**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“o coñecemento por parte da Xunta de Galicia do estado das negociacións para a venda do Centro Gallego de Buenos Aires e as propostas e medidas por parte da Xunta para garantir a titularidade galega do patrimonio cultural que se atopa no Centro e a súa protección e posta en valor”**, (publicada no BOPG número 237, do 11 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta ás preguntas 21728,21996 e 22681 na sesión plenaria dos días 23 e 24.1.18. sendo o enlace web o seguinte:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-01-24?part=4b8c8b93-df3a-4223-aea1-8019d368fe2c&start=5846>

O Goberno galego respecta, como fixo sempre, a vontade dos socios do Centro Gallego de Bos Aires de seguir preservando e xestionando na Arxentina como fixeron ata o de agora o patrimonio cultural que adquiriron ao longo do último século, e do que son lexítimos propietarios.

O interese amosado polos socios do Centro Gallego de Bos Aires por preservar as xoias culturais que foron sumando á súa colección cultural privada durante décadas, así como o compromiso do grupo interesado na súa compra plasmado por escrito, de contribuír á súa conservación, non dan motivos de alarma.

En calquera caso, o Goberno galego seguirá moi atento a todos os pasos que se dean neste senso para actuar en caso de que esta parte tan importante do patrimonio cultural da emigración galega chegue a estar ameazada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36579
Data envío: 13/09/2018 09:16:04.855

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:15:59



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22179** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto da oposición das asociación veciñais e culturais en relación coa construción dun museo do viño nas Covas de Dona Urraca (nas instalacións do Castelo de Salvaterra do Miño) cando xa se ten investido e acondicionado outra zona (a Casa do Conde) no mesmo castelo para ese fin**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Que a zona vitivinícola do Condado do Tea vaia contar cun Centro de Interpretación do Viño debería ser un motivo de alegría e satisfacción ao poder contar cun futuro referente para poñer en valor o seu potencial vitivinícola.

A edificación estará situada na propia fortaleza no núcleo urbano de Salvaterra de Miño e o proxecto, que conta cun investimento de máis de 300.000 €, axudará a difundir o potencial vin potencial vin potencial vinícola desta zona e suporá un impulso turístico e económico neste municipio.

En concreto, o orzamento estimado para estas actuacións ascende a 306.941,40€. A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza achegará cen mil euros (100.000€), Turismo de Galicia achegará a cantidade de cento seis mil euros (106.000€) e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural achegará cen mil euros (100.000€)

O Consello da Xunta autorizou o 28 de xuño do pasado ano a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Turismo de Galicia, a Axencia de Desenvolvemento Rural, a Secretaría Xeral de Presidencia e o Concello de Salvaterra de Miño para a posta en marcha deste centro interpretativo.

Este convenio enmárcase no traballo da Administración autonómica pola promoción turística dos recursos diferenciadores de Galicia, como o viño. Un dos obxectivos estratéxicos da Estratexia do Turismo de Galicia 2020 é o de impulsar o enoturismo, conscientes de que o potencial turístico dos espazos vitivinícolas de Galicia é alto.

O enoturismo achega un gran valor engadido aos destinos e existe unha demanda crecente polo viño e a súa cultura, de modo que se configura como un mercado de grande interese moi vinculado coa gastronomía.

Neste espazo daranse a coñecer e poranse en valor os viños da comarca do Condado, que comprende os concellos de Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo, Crecente, A Cañiza, Pontearreas e Salceda de Caselas. Unha zona que conta con máis de 1.500 viticultores e máis de 1.000 hectáreas de superficie cultivada.

O museo suporá un importante impulso turístico e económico para esta zona, xa que a posta en marcha deste novo recurso poderá contribuír á chegada de máis visitantes, interesados polo turismo enogastronómico, caracterizados polo seu interese en imbuírse na cultura local e por ser responsables no uso dos recursos turísticos, coa consecuente positiva repercusión nos establecementos dos municipios que forman parte desta comarca, pertencente ao xeodestino Vigo Baixo Miño. A falta dos datos turísticos definitivos que o INE publicará a vindeira semana, no día de hoxe coñecéronse os datos de hoteleiro e podemos confirmar as cifras positivas da provincia na que se sitúa dito xeodestino, o que referenda a implementación de recursos turísticos como este centro de interpretación. Así podemos destacar:

-Comportamento positivo da demanda hoteleira na provincia de Pontevedra neste ano 2017, superando nun 13,3% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 12,2% o volume de noites do anterior 2016.

-É o cuarto ano consecutivo no que se observa unha dinámica positiva no segmento hoteleiro da provincia de Pontevedra, con subas do 0,9% en 2014, do 9,1% en 2015, do 11,9% en 2016 e do 12,2% agora en 2017. Tal circunstancia eleva as cifras deste ano a máximos históricos na provincia con máis de 1,4 millóns de viaxeiros aloxados e preto de 3,4 millóns de noites.

-Pontevedra representa o 38,6% do total da demanda hoteleira da comunidade. É con diferenza a provincia máis dinámica neste 2017 pois mellora o comportamento observado nas tres restantes provincias –con suba do 4,4% en A Coruña, do 1,2% en Lugo e estabilidade en Ourense-.

-Comportamento positivo e destacado dos tres grandes segmentos de mercado na provincia. Sobe o turismo interno –dos residentes en Galicia- un 6,2%, o receptor nacional un 13,3% e o internacional un 18,1%. Tal circunstancia provén en esencia dun incremento da cifra de viaxeiros aloxados nos tres segmentos: do 8,1% os residentes en Galicia, do 13,4% dos residentes no resto do Estado e do 20,7% dos residentes no estranxeiro.

A comarca do Condado conta, ademais, coa celebración da Festa do Viño, que este ano celebra a súa LIX edición e é unha das festas do viño máis antigas de España, outro motivo que reforza a necesidade de apostar por proxectos deste tipo, que axudan a dar a coñecer o importante legado vitivinícola da nosa comunidade tanto aos nosos visitantes como aos propios galegos e galegas.

O pasado 3 de agosto do presenta ano, a Xunta impulsou o proxecto vitivinícola do Museo da Enoloxía do Condado de Tea cunha axuda de 270.000 euros dando continuidade a esta iniciativa posta en marcha o ano pasado. O vicepresidente da Xunta, a conselleira do Medio Rural, e a directora de Turismo de Galicia asinaron co alcalde de Salvaterra de Miño, o convenio de colaboración entre a Administración autonómica e o concello para dotar de contido ao Museo da Enoloxía do Condado, a través dun proxecto museístico que afondará na historia da cultura vitivinícola de Galicia e desta comarca, unha das cinco subzonas da D.O. das Rías Baixas.

O proxecto museístico do Museo da Enoloxía do Condado permitirá difundir e divulgar o potencial desta comarca do interior de Pontevedra, e contribuirá así a posicionar ao Condado de Tea como destino enogastronómico do norte de España. Ao abeiro desta colaboración a información didáctica e divulgativa situarase na planta baixa do edificio e incluírá contidos como o papel da cultura vitivinícola na historia de Galicia ou as singularidades das denominacións de orixe vitivinícolas, especialmente da das Rías Baixas.

Este convenio dá continuidade á aposta da Xunta por esta infraestrutura turística situada en Salvaterra de Miño e xurdida ao abeiro dun convenio asinado o ano pasado. O Goberno galego aportou máis de 300.000 euros para a posta en marcha do Museo da Enoloxía do Condado de Tea e impulsar así o enoturismo, un dos recursos diferenciadores aos cales presta unha especial atención a Estratexia do turismo de Galicia 2020, a folla de ruta do turismo galego. Este recurso axuda a especializar a oferta, desestacionalizar a demanda e complementar outros segmentos como o turismo cultural e de natureza, o termalismo ou o turismo rural.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36578
Data envío: 13/09/2018 09:15:55.683

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:15:50



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 24020**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don César Manuel Fernández Gil, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto das conclusións e resultados do encontro levado a cabo en León o día 18 de xaneiro de 2018 polas comunidades autónomas de Galicia, Asturias e Castela León en materia educativa”**, (publicada no BOPG número 251 do 1 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 24021 e debatida no Pleno da Cámara galega de datas 19-20/03/2018; á que nos remitimos e que se pode consultar no seguinte enlace de internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-03-21?part=d04b04a8-5b4e-4a29-88de-02f9f6d9fe7e&start=3233>

Para a Consellería de Cultura, Educación e OU o diálogo e o intercambio de experiencias entre comunidades autónomas resulta de especial interese para continuar coa tarefa de mellora da calidade do ensino galego”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36198
Data envío: 07/09/2018 14:03:57.697

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2018 14:03:53



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- **número 25425**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación da lingua galega na comarca do Bierzo e o grao de desenvolvemento dos convenios e protocolos asinados desde o ano 2001 na materia, así como as medidas do Plan de normalización lingüística desenvolvidas nesa comarca para promocionar o coñecemento e uso do galego, e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 261, do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 25424 e publicada no BOPG número 331, de data 04/07/2018; á que nos remitimos.

Calquera proposta de promoción do galego noutra comunidade autónoma debe desenvolverse desde o respecto institucional e sen interferir nas competencias doutras administracións e/ou institucións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36571
Data envío: 13/09/2018 09:14:54.978

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:14:51



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- **número 26326**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as máis, sobre **“a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa situación das mulleres en Galicia nos eidos da ciencia, a investigación e a innovación, as actuacións que está a levar a cabo para acadar a igualdade entre homes e mulleres na ciencia e na tecnoloxía e as medidas que se deben impulsar ao respecto”**, (publicada no BOPG número 268, do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego considera prioritario incrementar a presenza da muller nos ámbitos científicos e tecnolóxico de Galicia, pois unha maior presenza de mulleres na investigación contribúe a enriquecer a actividade científica coa achega de novos temas e perspectivas. Ademais é necesario promover a eliminación dos desequilibrios que poidan existir no relativo á formación científica, no eido da investigación e innovación e na xestión da I+D+i, así como situar nos estudos e actividades científicas a perspectiva de xénero nun primeiro plano.

A través da Secretaría Xeral de Universidades, referido ás axudas de recursos humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Educativa dirixidas a promoción e formación da carreira investigadora introdúcese como primeiro criterio de desempate para obter acceso a axuda ser muller.

Así mesmo recóllense en todas as convocatorias como causas de interrupción e de prorroga do contrato as baixas por maternidade.

Igualmente, nas axudas dirixidas a grupos de investigación, establécese como elemento de puntuación o liderado feminino, que dada a competitividade pode ser determinante para obter as axudas

Lembrar que as universidades teñen recoñecida por lei a súa autonomía, destacando que existen Unidades de igualdade nas distintas universidades galegas.

A Unidade de Muller e Ciencia da Xunta de Galicia está presidida pola Secretaria Xeral de Igualdade, coa participación de diferentes departamentos da Xunta, entre eles a Secretaría Xeral de Universidades.

Así mesmo, pódese consultar o II Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020.

Destacar o Premio María Josefa Wonenburger, investigadora e matemática galega, auténtica pioneira e referente feminino internacional no ámbito das ciencias e que foi unha científica adiantada ao seu tempo.

Dende a creación do Premio foron merecedoras deste recoñecemento mulleres que dedican a súa vida profesional a algún campo específico da ciencia ou da tecnoloxía, e así coa visibilización a través desta exposición da súa actividade e do seu triunfo, lograr afianzar a idea de que muller e ciencia non só son compatibles senón que son unha combinación gañadora.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36567
Data envío: 13/09/2018 09:14:15.118

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:14:08



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26847** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“a adxudicación a unha UTE de empresas musicais, a través dun procedemento negociado sen publicidade e por importe de 2.975.000 euros, dun contrato de patrocinio da Axencia Turismo de Galicia para organización do festival de música O Son do Camiño en Santiago de Compostela e cinco concertos nas principais cidades de Galicia no ano 2018”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia non foi a promotora nin do festival O Son do Camiño nin dos seis concertos polas principais cidades galegas incluídos na súa programación para este ano.

É un proxecto privado que conta cun patrocinio da Administración autonómica.

Os promotores son empresas galegas con solvencia e de referencia na área de produción de grandes eventos, exemplo de boas prácticas e que xeran emprego e negocio a profesionais e pemes galegas, desde empresas de equipamento técnico ou limpeza ata de hostalería e restauración, polo impacto que xeran.

A Xunta de Galicia é patrocinador, sen prexuízo da existencia doutros, e a organización e produción dos concertos corresponde aos promotores, cuxo investimento é moi superior á contía do contrato de patrocinio asinado coa Administración autonómica.

O Goberno galego seguiu escrupulosamente o réxime de contrato de patrocinio, unha fórmula habitual en todas as Administracións públicas no patrocinio de eventos únicos.

Regulado na Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeral de Publicidade, modificada pola Lei 29/2009, do 30 de decembro, realízase polo procedemento negociado sen publicidade por motivos relacionados coa exclusividade de dereitos de actuación que os promotores teñen nos concertos de determinados artistas en Galicia.

Todas as administracións públicas acoden a este tipo de contratos para facerse visibles neste tipo de eventos de relevancia pola súa importante repercusión mediática. En moitos casos, a inversión económica chega a multiplicarse de xeito exponencial.

Supuxo unha oportunidade única de potenciar a industria cultural e creativa de Galicia xa que combináronse artistas e bandas consagradas no ámbito internacional con grupos galegos de referencia, máis de 50 que actuaron ao longo de tres días consecutivos.

O festival e estes seis concertos son só a primeira e unha das moitas iniciativas que outros proxectos privados poderán desenvolver durante estes tres anos como antesala do Xacobeo 2021 por toda a xeografía galega como punto de partida para potenciar o atractivo do vindeiro Ano Santo.

A repercusión foi evidente, esgotando os abonos e entradas por día. O sector turístico transmitiu a súa satisfacción. Polo tanto parecen motivos suficientes para seguir a traballar polo vindeiro Xacobeo 2021.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36565
Data envío: 13/09/2018 09:13:52.821

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:13:47



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- **número 27040**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as máis, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coa redución do número de prazas de acceso á titulación de Medicina na Universidade de Santiago de Compostela para o curso 2018-2019 e a súa opinión ao respecto”**, (publicada no BOPG número 272, do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Os artigos 43 e 44 da Lei orgánica de Universidades (LOU) regulan a distribución de competencias en materia de determinación de prazas ofertadas nas universidades públicas, así como na fixación de límites máximos de admisión de estudantes.

Galicia, como o resto de Comunidades Autónomas, ten que programar a oferta de ensinanzas universitarias públicas, entre elas, as prazas de Medicina. O Goberno galego ten que facelo de acordo coas universidades e conforme aos procedementos establecidos.

A proposta de prazas de Galicia debe comunicarse á Conferencia General de Política Universitaria para o seu estudo e determinación da oferta xeral de ensinanzas e prazas do conxunto de España, que é publicada no BOE.

En Galicia, o procedemento para a determinación da oferta de prazas nas titulacións oficiais de grao e mestrado nas universidades do SUG, estableceuse nas Instrucións do 12 de febreiro de 2015 da Secretaría Xeral de Universidades.

No caso concreto da oferta de prazas para o ingreso nos graos en Ciencias da Saúde impartidas no SUG, o Decreto de 2011 crea o Consello para a Coordinación da Docencia Clínica en Galicia.

Xustamente, a proposta de prazas ten que decidirse no Consello para a Coordinación da Docencia Clínica que se eleva posteriormente á Conferencia General de Política Universitaria, que aproba a oferta de toda España en cada mes de xuño.

Polo tanto, o número de prazas non o decide a propia Universidade de Santiago, nin sequera a Xunta de Galicia xa que existe este procedemento que está regulado por decisións estatais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36561
Data envío: 13/09/2018 09:13:17.711

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:13:14



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27149**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Julia Rodríguez Barreira e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto das reunións mantidas e as achegas realizadas polos concellos, deputacións provinciais e colectivos para a declaración da Ribeira Sacra como ben de interese cultural, así como o prazo estimado para o remate do expediente e a declaración por decreto dese BIC”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 30150, publicada no BOPG número 317, de data 07/06/2018; que remite á pregunta 30549 xa tramitada na sesión da comisión 4ª do 22.05.2018 na que se explicou polo miúdo as xuntanzas de traballo e o proceso seguido na tramitación do expediente para declarar a Ribeira Sacra como Ben de Interese Cultural (BIC), coa categoría de paisaxe cultural”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36195
Data envío: 07/09/2018 14:03:25.868

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2018 14:03:22



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27183**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as deficiencias e carencias que presenta o Camiño Francés a Santiago de Compostela na vila de Portomarín, nomeadamente, no seu trazado histórico, así como as actuacións e as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O cambio máis significativo que sufriu Portomarín na súa historia é consecuencia da construción do Encoro de Belesar, onde os antigos pontes e vilas quedaron baixo o nivel das augas. O antigo camiño ou camiño histórico cruzaba polo embalse a través dun ponte romano o que obrigou a cambiar o antigo camiño.

Na delimitación do Camiño de Santiago defínense os trazados, tanto os principais que son treitos históricos que permanecen en uso con características tradicionais; os de vestixios históricos que son treitos históricos documentados que perderon física ou funcionalmente as súas funcións e que non foron sinalizados por a perda da súa funcionalidade e os funcionais que son treitos alternativos de carácter cultural, ambiental ou de seguridade para as persoas usuarias.

Precisamente e por razóns de seguridade, o cambio no trazado do camiño de Santiago no concello de Portomarín respondeu as queixas veciñais acontecidas durante os traballos de recuperación e sinalización do camiño francés no ano 2016.

Os veciños da parroquia de San Roque propuxeron a modificación a consecuencia da perigosidade que supoñía o tránsito dos peregrinos por unha rúa estreita con tráfico continuo de maquinaria agrícola e en abril de 2016 acórdase co Alcalde de Portomarín e os veciños de San Roque a retirada provisional da mouteira que indicaba o camiño principal.

É de sinalar que o Camiño de Santiago describe unha dobre alternativa á saída de Portomarín. Unha polo norte e outra polo sur. A norte é usada polos peregrinos. O seu carácter rural e tradicional unido

ao seu valor ambiental fai que se consolide como trazado complementario. A segunda, que conta con maior grao de certeza que a norte, pasa polo núcleo de San Roque xunto á capela dedicada a San Roque Peregrino e ao antigo cemiterio de Portomarín.

Como se indicou, a sinalización do camiño francés, executouse adecuadamente segundo a nova delimitación oficial 2011 aprobada por Decreto 227/2011, do 2 de decembro e as obras de delimitación executáronse de acordo a ela. O trazado complementario responde no caso concreto mencionado a razóns de seguridade aspecto fundamental a noso entender.

Nunca intereses alleos á seguridade, interese cultural ou mediambiental condicionan a delimitación de trazados alternativos ou funcionais ao principal.

En virtude do artigo 9.i) e na disposición adicional segunda do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, á axencia é competente en materia de sinalización e conservacións dos trazados dos camiños de Santiago, pero as autorizacións de instalacións de sinais nas estradas autonómicas e nas estradas estatais é competencia da Axencia Galega de Infraestruturas e Ministerio de Fomento respectivamente.

En data outubro de 2017 a Axencia Turismo de Galicia enviou á Axencia Galega de Infraestruturas proposta de sinalización no treito da LU-633 no entorno do Camiño Francés no Concello de Portomarín por considerar un treito moi perigoso para o peregrino ou calquera veciño que camiñe pola beiravía da estrada xa que autorizacións para instalacións de sinais nas estradas autonómicas é competencia da Axencia Galega de Infraestruturas.

A Axencia de Turismo de Galicia a través dos diferentes proxectos de rehabilitación de camiños de Santiago (Camiño Francés, Camiño Inglés, Camiño do Norte, Camiño Portugués, Camiño Fisterra Muxía...) e do contrato de conservación do camiño de Santiago ao seu paso pola Comunidade Autónoma de Galicia, está levando a cabo un estudo de todos os cruces perigosos existentes (Tanto de estradas nacionais, como da Xunta de Galicia e das diferentes Deputacións) o longo dos aproximadamente 1500 km que compoñen a rede de Camiños de Santiago.

O obxectivo deste estudo é solucionar da forma máis axeitada posible, dende o punto de vista da seguridade para os peregrinos e peóns, ben instalando sinalización de cruce, sinalización luminosa, sinalización de tramo común, sinalización de cruce perigoso... ou propoñendo unha ruta alternativa sempre e cando sexa posible.



A seguridade viaria das persoas e peregrinos próximos as estradas é unha máxima nos obxectivos desta Dirección de Turismo de Galicia en relacións as obras feitas por esta administración, e casos como o sinalado teñen especial atención dado o risco que podería producirse cando o peregrino circula pola beiravía nalgúns treitos dos camiños de Santiago. Polo que xa se fixeron as xestións oportunas para minimizar o risco sinalado, como é o caso no Camiño Inglés que neste intre estase sinalizando varios treitos que a xuízo dos técnicos ten perigosidade ou modificando outros treitos para a seguridade nos cruces. No caso do Camiño Francés o Ministerio de Fomento ten proxectos aprobados para a licitación das obras de seguridade viaria no entorno do Pino e outras estudos que a Axencia Turismo de Galicia está estudando no Camiño Francés. Outro bo exemplo deste tipo de actuacións sucede tamén no Camiño Francés á altura de Santa Irene, no cruce co nacional N-547, na contorna do PK 22,644 do camiño. Neste punto propúxose unha alternativa o camiño principal mediante un camiño complementario que discorre separado da calzada da estrada e sen necesidade de cruzala dada a pouca visibilidade de cruce nunha estrada nacional e de moi alta intensidade de tráfico. Todas estas actuacións cando aí un cambio de trazado requiren autorización expresa da Dirección Xeral de Patrimonio”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36228
Data envío: 10/09/2018 09:14:07.470

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/09/2018 9:14:03



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- **número 28316**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as máis, sobre **“a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa programación infantil e xuvenil da TVG, así como as conclusións do informe da Mesa pola Normalización Lingüística referidas á súa escaseza en lingua galega, e as súas intencións respecto do consenso coa CRTVG do seu aumento”**, (publicada no BOPG número 285, do 28 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 28318 e publicada no BOPG número 331, de data 04/07/2018, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36540
Data envío: 13/09/2018 09:10:05.364

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:10:01



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- **número 28836**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coas conclusións das recentes análises do Consello da Cultura e da Real Academia Galega respecto da situación do galego, as medidas previstas para frear o descenso do seu uso, nomeadamente, entre a xente máis nova, así como a súas intencións respecto do mantemento do Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia”**, (publicada no BOPG número 289, do 11 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 28843 e publicada no BOPG número 331, de data 04/07/2018, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36538
Data envío: 13/09/2018 09:09:49.613

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:09:45



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- **número 29149**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre **“os datos referidos ás queixas presentadas nos organismos da Xunta de Galicia por supostos incumprimentos dos dereitos lingüísticos dos cidadáns nos anos 2014, 2015, 2016 e 2017”**, (publicada no BOPG número 293, do 18 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 29150 e publicada no BOPG número 331, de data 04/07/2018, á que nos remitimos por ofrecer o dato solicitado e explicar o procedemento seguido nestes casos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36534
Data envío: 13/09/2018 09:09:13.816

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:09:09



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- **número 29813**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do mantemento polos centros escolares de uniformes diferentes para cada sexo”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“En relación á cuestión que suscita, cómpre referirse á propia Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, que recolle o seguinte:

Así pois, a vestimenta ou maneira de presentarse do alumnado é un dos aspectos que poden contemplar as normas de convivencia dos centros docentes, establecendo precisións, dentro dos parámetros que fixa a propia lei; ademais, o alumnado ao que se refire pertence a centros docentes sostidos con fondos públicos, tanto se se trata de centros públicos como privados concertados.

A normativa transcrita respecta a autonomía de cada centro docente, polo que é unha cuestión na que a solución concreta, dentro do límites que fixa a lei, dependerá de cada centro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36530
Data envío: 13/09/2018 09:08:27.909

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:08:23



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21900** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“as xestións realizadas polo goberno galego para cooperar na busca de solucións aos problemas económicos e laborais da empresa Maderas Iglesias S.A.”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Desde o primeiro momento, a Xunta está aberta ao diálogo na procura da mellor saída posible, da man de todas as partes implicadas, para manter a actividade empresarial e os postos de traballo. Baixo estas premisas, téñense celebrado reunións e contactos cos representantes dos traballadores e coa dirección da empresa e, tras explorar alternativas, propuxéronse posibles solucións desde o máximo respecto á liberdade das partes e tendo en conta que a decisión última depende da propia compañía.

Ante a situación actual, esta Administración seguirá traballando na busca de novas solucións, apelando ao diálogo e ao consenso, en tanto que é preciso que exista unidade de acción”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36204
Data envío: 07/09/2018 14:04:50.339

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2018 14:04:46



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22451**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as actuacións específicas que a Xunta de Galicia ten feito ou ten previsto facer para estudar as consecuencias que a vaga de lumes pode ter no sector turístico galego”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O que se viviu no outono do pasado ano foi unha situación completamente excepcional. Nin foi normal a actividade incendiaria nin tampouco foi normal a situación meteorolóxica. Certamente, rexistráronse condicións climatolóxicas extremas, e mesmo algunhas inéditas que se converteron no principal aliado dos incendiarios e do lume.

A Xunta de Galicia dende entón traballou para reparar os danos materiais causados por mor da vaga incendiaria provocada. Como é coñecido, o Consello da Xunta aprobou nas primeiras 24 horas o Decreto marco que deu soporte xurídico ás axudas para a reparación de danos, atender situacións de necesidade e contribuír a restaurar os valores naturais e a reactivar a actividade das zonas que resultaron afectadas.

O Decreto 102/2017, do 19 de outubro, incluía medidas tamén no eido turístico, que se impulsaron desde Turismo de Galicia. Neste sentido, estableceuse unha convocatoria de axudas nunha dobre dirección dotada con ata 1 millón de euros.

Por unha banda, abriuse unha convocatoria de axudas en réxime de concorrència non competitiva destinadas aos concellos da nosa Comunidade para proceder á reposición da sinalización turística que puidera ter sido afectada polos incendios.

A axuda económica que se concedía ás administracións locais podía acadar a totalidade do investimento realizado cun importe de ata 20.000 euros por entidade. Foi solicitada por 10 concellos

(Parada de Sil, Carballeda de Avia, Lobios, A Gudiña, Maceda, Muíños, Vigo, As Neves, Cotobade e Salceda de Caselas).

Ademais, estableceuse unha convocatoria de axudas en réxime de concorrência non competitiva para establecementos turísticos afectados polos incendios, co fin de reparar os danos ocasionados. Neste caso, a axuda económica podía acadar a totalidade do investimento realizado ata un máximo por entidade de 18.000 euros. Presentáronse 2 entidades da provincia de Pontevedra.

A política turística da Xunta de Galicia desenvólvese ao carón do sector, con quen mantén un diálogo fluído e unha intensa colaboración. Esta cooperación reflíctese na Estratexia do turismo de Galicia 2020, o documento presentado este ano que contén os retos, oportunidades e compromisos no eido turístico, e que foi elaborado en consenso co sector, a mellor maneira de acadar os obxectivos fixados nel.

Neste sentido, tivemos contactos diarios coas delegacións provinciais e o sector privado, principalmente a través do Clúster de Turismo, co que se mantiveron xuntanzas de cara a transmitir incidencias e inquedanzas relacionadas coa vaga de incendios.

Os datos turísticos do ano 2017, aportados polo INE referendan o bo camiño polo que transcorre o labor de Turismo de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36229
Data envío: 10/09/2018 09:14:15.173

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/09/2018 9:14:12



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23918**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros deputados do mesmo grupo sobre, **“as previsións da Xunta de Galicia respecto do arranxo das deficiencias existentes no Camiño de Santiago ao seu paso polo Concello de Melide”**, (publicada no BOPG número 251 do 1 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“En relación ás preguntas sobre o desenvolvemento do Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021, sinalar a seguinte información de interese, de cara a aclarar os traballos realizados no Camiño Francés. Amais aproveitarase para comentar as deficiencias que se expoñen no paso do Camiño polo concello de Melide.

1. Obras de acondicionamento e sinalización do Camiño Francés para a súa adaptación á delimitación oficial do 2011

En xuño de 2016 remataron as obras integrais de acondicionamento e sinalización do Camiño Francés adaptándoo á delimitación oficial aprobada en el 2011.

A inversión foi superior a 1.000.000€.

Entre outras accións podemos destacar:

- Mouteiras vellas retiradas: 408 unidades
- Mouteiras novas colocadas segundo modelo novo: 598 unidades
- Cunchas en fachada colocadas: 132 unidades
- Varandas de madeira: 72 metros

2. Accesibilidade

Inverteuse para a accesibilidade do albergue de Melide un total de 80.000€

3. Obras de sinalización táctil nos albergues da ruta xacobeá. Camiño Francés.

A empresa ILUNIÖN levou a cabo no 2017 a sinalización táctil de todos os albergues do Camiño francés polo importe de 53.000€

4 Convenio de colaboración con todos os Concellos do Camiño Francés

-Con dúas liñas de colaboración ata o ano 2019 e un importe global de 892.050€

Liña 1. Cunha contía de 30.400 €/ ano cada concello. Nesta liña teñen cabida as seguintes actuacións:

- Mellora das infraestruturas e bens do Camiño Francés no seu paso polos concellos relacionados para prestar unha boa acollida aos peregrinos (obras de conservación e reposición por razóns de urxencia; obras de mellora do Camiño e a súa contorna, como establecemento e dotación de áreas de descanso...)

- Axuda da Axencia Turismo de Galicia en aqueles gastos nos que incorran os concellos do Camiño Francés para a atención aos peregrinos, tales como iluminación pública, recollida de lixos...

- Actividades de promoción turística do Camiño Francés e do fito xacobeo (folletos, publicacións...), así como o desenvolvemento de actividades culturais e turísticas que contribúan a súa promoción.

Liña 2. Cunha contía de 6.000€/anuais a cada Concello para:

-Atención e información continuada e específica de todo o Camiño Francés e do fito xacobeo aos peregrinos.

-Para esta actuación, os concellos deberán contratar persoal que conte con formación en turismo e con coñecementos do Camiño de Santiago para atender e dar información aos peregrinos, entre os meses de abril a setembro, ambos incluídos.

-Así mesmo deberán procurar a actualización continúa da información facilitada a través das páxinas web do concello referida ao Camiño Francés e do fito xacobeo.

5. Convenio de colaboración coa Mancomunidade de Concellos galegos do Camiño Francés para o desenvolvemento dun Itinerario Gastronómico e para outras actuacións que contribúan á promoción e mantemento do Camiño Francés.

Con tres liñas de colaboración ata o ano 2019 e un importe global de 286.967€.

Actuación 1. Desenvolvemento dun itinerario gastronómico polo Camiño Francés, a través da organización dunhas xornadas gastronómicas a desenvolver nas fins de semana dos meses de outubro a xaneiro.



Actuación 2. Adquisición pola Mancomunidade dun coche que permita percorrer o Camiño para comprobar o seu estado de conservación, así como detectar calquera posible incidencia que poida xurdir no seu trazado.

Actuación 3. Contratación dun técnico superior en información e comercialización turística; técnico en empresas e actividades turísticas, ou grado ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado que desenvolva, entre outras, as seguintes actuacións para a Mancomunidade: desenvolvemento destino SICTED; uniformización das ordenanzas locais relativas a temas como venta ambulante, embelecemento ou sinalización; desenvolvemento de tarefas de xestión para a Mancomunidade, ou calquera outra que contribúa á realización do obxecto da Mancomunidade e a promoción e posta en valor do Camiño Francés.

6. Contrato de mantemento do Camiño Francés

Asinado o 26 de xullo de 2017 polo importe de 229.543,67 €

O Servizo, ten por finalidade manter en todo momento os Camiños Xacobeos nun óptimo estado para o paso dos peregrinos, mediante a execución das operacións, tarefas e atencións periódicas necesarias, operacións vixilancia, operacións correctivas, operacións programadas, operacións non programadas, seguemento e control, operacións sistemáticas normativas, preventivas, de limpeza, etc.

Amais é importante ter en conta a cantidade que anualmente perciben os concellos que, son igualmente, competentes en mantemento do Camiño.

Centrándonos agora no Concello de Melide e sobre as deficiencias salientadas nesta pregunta informamos:

INCIDENCIA 1. ACUMULACIÓN DE ESCOMBROS A CARÓN DUN REGO POLO QUE DESCORREN AUGAS SUCIAS.

Percorrido o Camiño Francés o seu paso polo núcleo rural de Furelos non se detectaron incidencias relacionadas coa acumulación de escombros.

O único punto onde se detectaron escombros foi a saída de Furelos en dirección cara Melide **nunha finca de propiedade privada**, atopándose o camiño francés libre de lixo.

A Axencia de Turismo de Galicia a través do contrato de Conservación do Camiño Francés traballa para a eliminación de cascallos, restos vexetais, restos animais, e todo tipo de residuos existentes na traza do camiño.

Os problemas relacionados co saneamento non son competencia da conservación senón do titular do servizo no seu caso o Concello.



INCIDENCIA 2. FIRME MOI DESIGUAL QUE PROPICIA TROPEZOS E CAÍDAS DOS PEREGRINOS

O pavimento que posúe o camiño Francés o seu paso polo núcleo rural de Furelos está composto de lousas irregulares embebidas en morteiro de cemento.

O seu acabado superficial e irregular propio deste tipo de material e presenta perda dalgunhas pezas na parte inicial do Camiño Francés en Furelos.

O pavimento existente e propio do entorno, acorde coas edificacións e da ponte medieval existente na entrada do núcleo rural de Furelos.




O estado que presentaba o camiño en Furelos cando se deu resposta a esta pregunta escrita por primeira vez era o seguinte:





INCIDENCIA 3. MAL ESTADO DO TREITO DO CAMIÑO DENDE A SAÍDA DE FURELOS CARA MELIDE

Na saída da núcleo rural de Furelos en dirección Melide, entorno o PK 53 + 500 do camiño Francés no momento desta pregunta escrita atopamos un tramo de 50 m con presenzas de fochas.



As fochancas existentes (4) interferirían no paso de vehículos pero non impedirían o paso de peregrinos en dirección a Santiago.

O estado que presentaba o pavimento cando se deu resposta a esta pregunta escrita por primeira vez era o seguinte:



O problema existente estaba causado polo paso de vehículos e transporte pesado cara o núcleo de Furelos, por ser esta unha das poucas vías de acceso a aldea.

O temporal que aconteceu durante o mes de Xaneiro, unido a unha mala drenaxe da estrada favoreceu a aparición de fochancas que extralimitaba os traballos de conservación propios da traza do Camiño Francés.

INCIDENCIA 4. PONTE MEDIEVAL EN MAL ESTADO DE CONSERVACIÓN A PESAR DE TERSE ANUNCIADO POLO MINISTERIO DE FOMENTO UNHA ACTUACIÓN INTEGRAL

O estado actual no que se atopaba a ponte canto se deu resposta por escrito a esta pregunta por primeira vez era o seguinte:





Porén, non é competencia da Axencia Galega de Turismo o arranxo da ponte.

En conclusión, consideramos que as deficiencias indicadas nesta pregunta non supoñían en absoluto un perigo para as persoas, e Turismo de Galicia referendou nalquel momento e agora o seu compromiso no mantemento e conservación dos Camiños de Santiago, en continua mellora”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36273
Data envío: 10/09/2018 14:05:55.206

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/09/2018 14:05:50



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 24098** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Isabel Romero Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da evolución do turismo en Galicia ao longo de 2017”**, (publicada no BOPG número 251 do 1 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O traballo do Goberno galego para prolongar a actividade turística durante todo o ano e para diversificar e especializar a oferta xa está a amosar a súa eficacia. Galicia pechou definitivamente 2017 con preto de 5,1 millóns de turistas. Así se conclúe dos datos publicados en xaneiro polo Instituto Nacional de Estatística (INE) e que completan a radiografía do pasado ano, período no que a nosa Comunidade se consolidou como un destino competitivo e desestacionalizado.

Por primeira vez na súa historia, Galicia superou os 5 millóns de viaxeiros aloxados nos seus establecementos turísticos, onde realizaron máis de 10,6 millóns de noites, tamén un récord. Ambos parámetros medraron un 3,2% e un 5,7% con respecto ao ano 2016 e consolidan así a tendencia favorable dos últimos cinco anos na nosa Comunidade. Esta evolución veu acompañada da mellora no resto de variables, como a estadía media, que subiu un 2,3%, a ocupación, que no caso dos hoteis se elevou en máis dun 4%, e a rendibilidade do sector.

A demanda mellorou tanto entre os viaxeiros nacionais como nos internacionais. A chegada de turistas españois incrementouse un 4,8% e aínda máis intensa foi a dos estranxeiros, que creceron un 8,6%, confirmando as previsións do Goberno galego e do propio sector privado. O turismo internacional marca así máximos históricos de volume e tamén no seu peso sobre o conxunto da demanda, pois acada xa o 28,7% por un 71,3% de españois. Isto consolida o progresivo cambio que está a experimentar o mercado turístico galego nos últimos anos.

Cómpre salientar tamén a evolución positiva de tipoloxías de aloxamento como os hoteis e os apartamentos turísticos, cun crecemento do 10%, ou o turismo rural, cunha alza do 5%.

O crecemento do número de viaxeiros en 2017 deuse como consecuencia do incremento de

turistas durante todo o ano, especialmente fóra da tempada estival. Épocas como o outono foron especialmente satisfactorias. De feito, Galicia foi, con Aragón, a autonomía cunha maior suba no último cuadrimestre do pasado exercicio, cando as súas pernoitas hoteleiras subiron un 7,8%, un dato moi superior ao 1,4% de media rexistrado no conxunto do Estado.

A estes números contribuíu tamén decembro, cun aumento do 7% na cifra de visitantes e do 7,8% nas pernoitas, con preto de 420.000, a cifra máis elevada da última década. Os turistas aloxados medraron en todas as tipoloxías de establecementos e, no referido as pernoitas, é especialmente salientable o caso do turismo rural, pois a demanda subiu preto dun 24%.

Polo tanto o balance turístico de 2017, a tenor dos datos confirma que foi un ano no que se cumpriron as expectativas marcadas desde Turismo de Galicia grazas ao esforzo colectivo de todo o sector, con quen se traballa arreo na Estratexia do turismo de Galicia 2020. Galicia amosou que sabe crecer tanto en cantidade como en calidade.

Amais o 2017 foi motivo de satisfacción non só polas cifras positivas de turistas, senón polo avance noutros parámetros, pois demos outro bo paso adiante en variables como as pernoitas, a estadia media, a ocupación ou a rendibilidade. Segundo os datos do informe de 'Perspectivas turísticas' sobre 'Valoración turística empresarial de 2017 e perspectivas para 2018' de Exceltur, nos datos referidos a Galicia, o sector afirma nesta enquisa que o seus resultados empresariais melloraron un 7,5% no ano 2017, o que sitúa a Galicia como cuarta comunidade autónoma en crecemento, só por detrás de Madrid, Navarra e Cantabria.

A evolución das vendas deixou en Galicia unha subida do 7,4%, en 2ª posición a nivel estatal só por detrás de Madrid.

O 92% dos empresarios do sector turístico galego manifestan neste informe de Exceltur que a súas vendas melloraron o pasado ano. Un 93,3% viu tamén medrar os seus beneficios.

No ano Internacional do Turismo Sustentable promovido pola Organización Mundial do Turismo (OMT), Galicia celebrou que este principio continua e continuará marcando o noso modelo. Experiencias turísticas baseadas na autenticidade como as Rutas dos Viños, a Ruta da Camelia, as propostas nos balnearios e talasos así como as iniciativas de turismo activo nos parques naturais galegos, o turismo rural ou as actividades náuticas nas rías, entre outras moitas, axudan no obxectivo da desestacionalidade turística grazas ao o factor diversificador destas iniciativas que, non só permiten que se prolongue a actividade durante todo o ano, senón tamén que o turismo se reparta xeograficamente pola Comunidade autónoma, apostando polo desenvolvemento das zonas menos impulsadas desde o punto de vista turístico e colaborando economicamente cos diferentes

membros da cadea de valor, concellos e xeodestinos, para crear produtos diferenciadores e para impulsar os seus recursos.

Do mesmo xeito cómpre sinalar ao Camiño de Santiago como un claro exemplo da exitosa xestión dos fluxos de visitantes a Galicia. Tras o seu recoñecemento como Primeiro Itinerario Cultural Europeo, hai agora 30 anos, é máis universal pero tamén está máis diversificado que nunca. Dos 3.000 peregrinos que chegaban a Santiago de Compostela en 1987, Galicia recibiu o peregrino 300.000 o pasado ano, que se reparten entre os nove itinerarios por terra. De feito, o Camiño Francés pasou de representar hai cinco anos o 70% a ser a día de hoxe escollido por menos do 60% dos peregrinos. De maneira paralela, esta diferenza de camiñantes estase a distribuír de xeito ordenado polo resto de itinerarios xacobeos, contribuíndo así tamén a que diferentes municipios galegos estean a forxar unha maior cohesión social, territorial e tamén socioeconómica.

E esta situación non é casual, como así o demostra que o noso Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago dedique unha das súas oito liñas de traballo a potenciar especificamente unha ruta ao ano, tempo no que intensificamos os traballos de mellora, facemos labores de mantemento, sinalizamos, rehabilitamos, realizamos accións culturais e divulgativas e construímos novos albergues. De feito, este ano se está a facer no Camiño Portugués e o Camiño Portugués da Costa.

Todas estas iniciativas están a contribuír, pois, a forxar un destino cada vez máis competitivo e de calidade. Unha calidade que é unha ferramenta básica na nosa política turística. De feito Galicia pechou 2017 como a comunidade autónoma de España con máis certificacións Q de Calidade Turística.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36573
Data envío: 13/09/2018 09:15:10.666

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:15:06



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 24156**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Isabel Romero Fernández e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto do número de persoas que visitaron o expositor de Galicia na trixésimo oitava Feira Internacional de Turismo, Fitur, os novos produtos turísticos presentados nela e os que suscitaron máis interese entre os visitantes, así como o balance que fai da participación de Galicia nesa edición”**, (publicada no BOPG número 251 do 1 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O stand do turismo galego rexistrou un máximo histórico de afluencia ao acoller a máis de 76.500 visitantes (preto de 1.000 visitantes máis que no ano 2017).

O desglose foi o seguinte:

- 428 xornalistas, medios, bloggers e periodistas free-lance de distintas nacionalidades acudiron ao stand galego para recabar información sobre a oferta xeral e novos produtos turísticos, ademais dos asistentes ás presentacións levadas a cabo na zona de actos do stand (228 destes profesionais foron atendidos persoalmente por responsables de Turismo de Galicia e área de prensa, mentres que os restantes solicitaron informacións concretas nos mostradores relativos a produtos ou recursos concretos).
- 4.650 profesionais do sector turístico: galegos, nacionais e internacionais (axentes de viaxes, operadores, empresas de servizos turísticos, aloxamentos, restauración, etc.) estableceron contactos e relacións comerciais na zona de profesionais coordinada polo Cluster Turismo de Galicia, asociación que mantivo máis de 350 citas pre-establecidas, mentres que a maioría foron atendidos sen previo contacto tanto por parte do Clúster como por responsables e técnicos de Turismo de Galicia. Moitos destes profesionais utilizaron o espazo galego como punto de encontro de xeito individual sen intermediarios.

- 1.570 representantes de institucións galegas (Diputacións, Concellos, Consorcios, Mancomunidades de Municipios, Asociacións relacionadas co turismo galego), ademais de responsables doutras entidades oficiais nacionais e internacionais. Entre estes, atopábanse representantes das Oficinas de Turismo de España no exterior, cos que se mantiveron reunións para realizar a planificación anual de colaboración, oportunidade para sentar as bases da proxección internacional do turismo de Galicia neste ano.

Esta cifra aumentou considerablemente con respecto ao ano pasado, quizais motivada pola visita dos Reis de España ao stand, o que fixo que representantes de organismos nacionais e estranxeiros se achegasen ao espazo galego. Ademais da presenza doutras autoridades como a Presidenta do Congreso dos Deputados ou o Ministro de Turismo, do Presidente da Xunta da Galicia, autoridades de Comunidades Autónomas, da rexión de Wakayama (Xapón), de Arxentina, México, entre outros moitos.

- 69.852 foi a cifra aproximada de persoas correspondentes a outro tipo de visitantes e público final, a estudantes e profesores de escolas de turismo, centros relacionados co ensino en materias turísticas, universidades e público final. Esta cifra foi rexistrada nos 17 mostradores do stand, así como nas accións promocionais levadas a cabo no stand: catas e degustacións de viños galegos das 5 D, interacción con pantalla táctil de información turística, photocall con iconas do Camiño, photocall Presume de Galicia, exhibición de artesanía, asistencia ás diferentes actuacións musicais e obradoiros de instrumentos musicais galegos e danza.

Durante os cinco días de Fitur distribuíronse máis de 200.000 folletos e material de promoción de todas as entidades oficiais e privadas participantes.

Ademais de estar presentes todos os recursos e produtos que compoñen a oferta turística xeral de Galicia, no stand presentáronse novos produtos e experiencias, ideados para fomentar dous dos nosos principais obxectivos: a desestacionalización da demanda turística e a diversificación de fluxos:

- Galicia Surfing: recurso no que se identifican 100 praias aptas para a práctica do surf con propostas de viaxe de ata 15 días para coñecer os recursos asociados.
- Clube da Auga: aglutina experiencias que permiten percorrer a costa galega de faro a faro, baixar ao río Miño de Parador en Parador con estancias nos 6 establecementos de este tipo que hai en Galicia, así como realización de travesías.



- Escenarios ao Volante: programa de rutas turísticas en coche por espazos de interese e miradoiros, por estradas secundarias.
 - Parques Naturais, Experiencias na Natureza: produto baseado en 18 experiencias memorables (3 en cada un dos 6 Parques Naturais de Galicia)
 - As novidades da sexta edición dos Trens turísticos de Galicia, con dous novos itinerarios (A Ruta dos Mosteiros e a Ruta da Ribeira Sacra do Miño), coa inclusión de teatralizacións nalgunhas delas.
 - Camiño de Santiago: Novos produtos e accións, como a Presentación de Paquetes Turísticos adaptados-Accesibilidade no Camiño, Mapas dos Camiños en Europa, así como Actividades musicais previas ao Xacobeo 2021, con artistas internacionais, como o Festival Son do Camiño.
 - As 43 presentacións levadas a cabo no stand sobre a oferta turística das catro provincias galegas, deu resposta a todas as entidades que así o solicitaron a Turismo de Galicia, presentando novas accións e recursos, como por exemplo:
 - .- Campionato Gran Fondo do Ezaro, Costa da Morte-UCI World Series (Deputación da Coruña).
 - .-Regata La Solitaire URGO LE FIGARO 2018 na ría de Muros e Noia (Xeodestino Ría de Muros e Noia).
 - .- Experiencias Únicas na Costa da Morte (Costa da Morte Asociación Turística).
 - .- Ruta dos Faros de Galicia (GAL Costa Sostible)
 - .- Campionato Mundial Pantín Classic 2018 (Pantín Classic).
 - .- Campionatos do Mundo de Triatlón Multisport Pontevedra ITU 2019 (Concello de Pontevedra).
 - .- Exposición “In Tempore Sueborum” (Inorde-Deputación Ourense).
 - .- Novas iniciativas para a Comercialización do Turismo en Galicia (Clúster Turismo de Galicia).
 - .- Promoción do Turismo Accesible (COGAMI-Turismo de Galicia).
 - .- Accións de Innovación no sector (Clube Antigos Alumnos do Centro Superior de Hostelería de Galicia).
- Os produtos preferidos polos visitantes resultaron ser aqueles relacionados co patrimonio natural e cultural de Galicia, entre estes na feira destacaron de xeito considerable:

- **PARQUES NATURAIS DE GALICIA, EXPERIENCIAS EN PLENA NATUREZA**, produto realizado conxuntamente entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Axencia Turismo de Galicia. As experiencias para gozar en cada un dos seis Parques, resultaron de gran atractivo para os visitantes pola súa singularidade e variedade para todos os públicos, ofrecendo a posibilidade de coñecer aspectos naturais, medioambientais e etnográficos das diferentes zonas nas que se sitúan os Parques dun xeito moi dinámico.
- Os expertos, tamén valoraron este produto que fi galardoado co prestixioso PREMIO AO MELLOR PRODUTO DE TURISMO ACTIVO na vixésimo terceira edición dos premios Aire Libre, organizados pola publicación do mesmo nome en FITUR.
- **ESCENARIOS AO VOLANTE**, este novo produto de rutas en coche e miradoiros, ideado e presentado por Turismo de Galicia por primeira vez nesta feira, resultou ser un dos máis demandados por profesionais e público final.
- **PARQUE NACIONAL CIES- ILLAS ATLÁNTICAS**. O stand dispuxo dun módulo destacado destinado a este recurso. A súa presenza espertou moito interese entre todos os visitantes, cunha alta demanda de información especialmente relativa ás xestións para a súa visita.
- **RIBEIRA SACRA E PARQUE NACIONAL CIES-ILLAS ATLÁNTICAS, CANDIDATAS A PATRIMONIO DA HUMANIDADE POLA UNESCO**. Un dos aspectos de maior visibilidade no conxunto do stand foi a promoción destas candidaturas, o que fixo que un altísimo porcentaxe dos visitantes amosase o seu interese por coñecer os dous recursos. No caso da Ribeira Sacra solicitando rutas a medida e demais datos de interese para a visita a curto/medio prazo. Estas candidaturas tamén foron presentadas pola Xunta de Galicia nun acto dirixido a operadores e medios de comunicación.
- **CAMIÑO DE SANTIAGO** (un ano máis foi destacado o interese que mostrou o público polo Camiño de Santiago, tanto no ámbito xeral como polas súas distintas rutas. O Camiño de Santiago formou tamén parte destacada do expositor institucional do Goberno de España representado en Turespaña e doutras comunidades autónomas como Navarra e Castela e León, así como as do Norte peninsular).
- **A GASTRONOMIA**, segue a ser un dos recursos preferidos. Especialmente o programa De Tapas por Galicia continuou tendo unha boa acollida, así como a Ruta da Lamprea. Cabe destacar a participación e agrado dos participantes polas catas e degustacións de viños galegos das 5 denominacións de orixe, dirixidas por un recoñecido profesional galego.



- A ARTESANIA, o espazo expositivo dedicado a ARTESANIA DE GALICIA e os obradoiros e mostras levadas a cabo de xeito permanente por artesáns de Encaixe de Camariñas, suscitou gran curiosidade, facéndose eco os medios de comunicación e sendo un dos aspectos máis vistos en informativos de TV nacionais no que respecta ás noticias relacionadas con Fitur a nivel xeneral.

- ACTUACIÓNS MUSICAIS. O sábado e o domingo, foron un gran éxito. Tanto as 7 actuacións da agrupación tradicional de música e baile do Centro Galego de Móstoles e obradoiros aptos para todos os públicos de instrumentos musicais galegos e baile, así como os 5 espectáculos do grupo galego RADIO COS con varios discos no mercado, encheron de visitantes o aforo do stand, tendo moito público que situarse nos corredores e espazos das proximidades do stand.

No que se refire a actividades preferidas polos profesionais, están relacionadas coas accións citadas anteriormente, pero sobre todo destaca:

- O espazo do stand destinado a este fin, no que as citas son coordinadas polo Clúster Turismo de Galicia e onde todos os empresarios e profesionais do sector turístico galego teñen cabida para encontros e relacións comerciais.

- Workshops Hosted Buyers, organizado por Fitur, resultou de especial interese: técnicos de Turismo de Galicia e representantes do Clúster mantiveron fructíferos encontros “Business to Business” con importantes touroperadores turísticos internacionais de mercados relevantes para Galicia.

O obxectivo principal da Xunta de Galicia que é a consolidación da nosa Comunidade como un destino de calidade (baseado nun crecemento ordenado e sustentable, vai medrando cada ano). Isto quedou reflectido na presenza en Fitur 2018 como así nolo fixeron saber os visitantes profesionais que acudiron ao stand.

Presentamos Galicia como un destino de calidade e fomos premiados:

.-O espazo galego acadou novamente o PREMIO AO MELLOR EXPOSITOR INSTITUCIONAL DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS, no que se valorou tanto o deseño como a calidade dos materiais de promoción, así como a atención prestada a profesionais e público final. Este galardón ten unha importante repercusión entre os milleiros de asistentes a Fitur procedentes de todo o mundo.

-O Instituto para a Calidade Turística Española outorgou un dos galardóns máis prestixiosos do turismo español – os PREMIO Q DE CALIDADE TURÍSTICA- ao presidente da Xunta de Galicia en recoñecemento á implicación persoal que vén manifestando en defensa da calidade como eixo das políticas turísticas que levamos a cabo na Xunta.

.- Premio ao MELLOR PRODUTO DE TURISMO ACTIVO, a PARQUES NATURAIS DE GALICIA, EXPLERIENCIAS EN PLENA NATUREZA. Produto elaborado conxuntamente pola Consellería de Medio Ambiente e a Axencia Turismo de Galicia.

En definitiva, a participación de Galicia considérase moi positiva, tal como se pode comprobar pola alta afluencia de visitantes e o seu interese polos produtos expostos e presentados, así como os encontros e contactos comerciais realizados no stand de Galicia froitos se comezan a observar (cada vez son máis os operadores que inclúen a Galicia nos seus programas grazas aos contactos realizados).

A Feira Internacional de Turismo, FITUR, é un dos máis relevantes escaparates turísticos do mundo, cita obrigatoria para o sector. A presenza de Galicia considérase primordial. Como ben se dí entre expertos, expositores e participantes: quen non está, non existe.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36223
Data envío: 07/09/2018 16:03:45.459

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2018 16:03:29



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 24158**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Isabel Romero Fernández e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“o contido, os obxectivos e o proceso de elaboración do novo produto turístico Escenarios ao volante impulsado por Turismo de Galicia para 2018 no ámbito da 38ª edición da Feira Internacional de Turismo, Fitur, así como as previsións respecto da súa promoción e divulgación en Galicia”**, (publicada no BOPG número 251 do 1 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“No capítulo de obxectivos dicir que Turismo de Galicia, dentro dos que ten sinalados na promoción do turismo de Galicia, ten a misión de divulgar os principais recursos turísticos da nosa Comunidade co fin de acadar mercados en alza para o desenvolvemento do sector en Galicia e a potenciación dun turismo de calidade, desestacionalizado, baseado nos nosos variados atractivos e nas evidentes melloras levadas a cabo nas infraestruturas e establecementos turísticos da Comunidade Autónoma e non limitado ao binomio clásico de sol e praia, así como promover actuacións encamiñadas a potenciar as relacións interterritoriais entre os diferentes destinos turísticos da nosa Comunidade. Polo tanto, afonda no compromiso do Goberno galego por desestacionalizar a demanda turística e diversificar os fluxos e repartir os beneficios do turismo polo territorio.

Tendo en conta os obxectivos expostos, e sendo a paisaxe unha das principais motivacións da visita ao noso país, Turismo de Galicia ideou e elaborou unha guía que se denominou Rutas polas mellores paisaxes de Galicia. Miradoiros imprescindibles, a fin de mellorar o coñecemento do territorio e a diversificación xeográfica dos fluxos turísticos.

Coa guía, propónse un percorrido por Galicia a través de 25 rutas insólitas polas mellores paisaxes da nosa Comunidade e 50 miradoiros sinalados como imprescindibles.

Trátase dun produto deseñado para desfrutar os 365 días do ano. Polo tanto, afonda no compromiso do Goberno galego por desestacionalizar a demanda turística e diversificar os fluxos e repartir os beneficios do turismo polo territorio.

En conxunto, esta escolma percorre máis de 900 quilómetros, principalmente a través de estradas secundarias e locais de baixa intensidade de tráfico. Así, Escenarios ao volante acada 110 concellos, e inclúe sete olladas urbanas ás principais cidades.

Son itinerarios de costa e do interior para descubrir a Galicia azul e a Galicia verde que se transforman segundo as tempadas, polo que un mesmo percorrido pode cambiar se o facemos en outono ou en primavera.

A guía está dispoñible en galego, castelán e inglés e que conta cun mapa adicional, está deseñada para desfrutar sen presas, o que posibilita que cada viaxeiro descubra os seus propios itinerarios e, en definitiva, que constrúa a súa mellor experiencia turística.

Escenarios ao volante vén precedido dun importante traballo de campo dirixido polo equipo técnico de Turismo de Galicia, visitando un gran número de lugares para valoralos de cara á súa selección final. Así mesmo, se promoveu a participación dos concellos, aos que se lles pediron datos actualizados sobre os miradoiros, así como a incorporación daqueles puntos de observación que consideraban de interese.

No proceso final, Turismo de Galicia contou tamén coa asistencia técnica da Fundación Galicia Sustentable e o apoio cartográfico do Instituto de Estudos do Territorio. O resultado é unha publicación que pretende recoller os itinerarios con maior interese paisaxístico e aqueles miradoiros que ofrecen os mellores puntos de observación. A escolla destes 50 miradoiros foi un proceso complexo no que se tivo en conta a súa accesibilidade e posta en valor previa, para o que foi preciso analizar máis de 400 puntos de interese repartidos por toda a Comunidade.

Desde a súa presentación no pavillón de Galicia en Fitur 2018, a guía está dispoñible en tres idiomas en todas as oficinas de turismo da Rede da Administración galega, e pódese descargar así mesmo desde a páxina web www.turismo.gal

Así mesmo, a guía está dispoñible en todas as ferias e eventos de Turismo de Galicia, tanto en Galicia coma en España e nos destinos emisores internacionais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36197
Data envío: 07/09/2018 14:03:42.072

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2018 14:03:37



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26077**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros deputados do mesmo grupo sobre, **“a valoración da Xunta de Galicia respecto da posible declaración do Entroido de Viana do Bolo, como festa de interese turístico nacional e os datos referidos á tramitación do expediente para ese fin”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Non consta que tivera entrada en Turismo de Galicia solicitude de declaración de festa de interese turístico nacional do Entroido de Viana do Bolo, polo que non se levaron a cabo actuacións nese sentido.

A valoración da festa xa se realizou no seu día co resultado favorable da súa declaración como de interese turístico de Galicia. Cómpre lembrar que agora tratase de cumprir cuns requisitos similares aos de declaración de festa de interese turístico de Galicia pero con repercusión a nivel nacional, polo que a valoración desta festa poderá facerse unha vez recibida a solicitude con toda a documentación que corresponde para esa declaración a nivel nacional”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36568
Data envío: 13/09/2018 09:14:23.790

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:14:19



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26091**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“a data prevista para arranxo das deficiencias existentes no Camiño de Santiago, ao seu paso polo concello de Narón”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Sobre as incidencias sinaladas cómpre indicar o seguinte:

INCIDENCIA 1. AS MOUTEIRAS INDICATIVAS DO CAMIÑO INGLÉS A SANTIAGO DE COMPOSTELA NO TRAMO QUE DISCORRE POLO CONCELLO DE NARÓN CARECEN DE PUNTO QUILOMÉTRICO.

O día 11 de novembro de 2017 remataron as obras de RECUPERACIÓN E SINALIZACIÓN E MELLORAS DO CAMIÑO INGLÉS ADAPTÁNDOOS Á DELIMITACIÓN OFICIAL 2014. FASE I: A CORUÑA –BRUMA; FERROL – BRUMA durante as cales procedeuse a instalación da nova sinalización do Camiño de Santiago incluíndo mouteiras, sinais verticais, cunchas e frechas de parede... quedando completamente rematada a instalación das placas con punto quilométrico (PQ).

Durante o mes de xaneiro (o día 29 comprobouse o concello de Narón), executouse o novo inventario (definitivo) do Camiño Inglés corroborándose a existencia de todas as placas de PQ nas mouteiras existentes.

De todos os xeitos, estanse a producir continuos roubos das placas de PQ que atentan contra os bens do patrimonio de Galicia.

A Axencia Galega de Turismo a través do contrato de CONSERVACIÓN INTEGRAL está a realizar unha inspección periódica e segundo necesidades a través da brigada de conservación para dar solución e repor toda a sinalización deteriorada, incluíndo a colocación das placas de PQs.

INCIDENCIA 2. O CAMIÑO DA MARXE DEREITA, LEVA AO PEREGRINO CARA O MUÍÑO DAS ACEAS, POLO QUE SERÍA OPORTUNO ENGADIRLLE Á MOUTEIRA DO CAMIÑO QUE INDICA A VARIANTE DA DEREITA OU CÓDIGO QR INFORMATIVO INDICANDO O QUE SE VAI ATOPAR O

PEREGRINO NESE TRAMO, ENTRE OUTROS PUNTOS DE INTERESE O MUÍÑO DAS ACEAS, UN VALOR DO PATRIMONIO CULTURAL DO CAMIÑO QUE DISCORRE POLO CONCELLO DE NARÓN.

Tralas reunións/conversas mantidas co concello de Narón acordouse pór en valor o muíño das Aceas mediante a nova sinalización do camiño complementario ao seu paso por dito elemento patrimonial.

Tamén se colocou un panel informativo describindo as dúas rutas existentes e aportando información cun pequeno reportaxe fotográfico do Muíño das Aceas.

O estado actual móstrase a continuación:



INCIDENCIA 3. NO CAMIÑO DA MARXE ESQUERDA, APROXIMADAMENTE UNS 150 METROS DESPOIS DE PASAR A PONTE, OS PEREGRINOS NON VEN A CONTINUACIÓN DO CAMIÑO XA QUE ESTE FINALIZA NUNHA ZONA DE MALEZA QUE DIFICULTA A VISIBILIDADE DUN TRAMO DE ESCALEIRAS DE BAIXADA (PEQUENA, ESTREITAS E PERIGOSAS), POLO QUE MOITOS PEREGRINOS DAN A VOLTA PARA CONTINUAR POLA OUTRA RUTA ALTERNATIVA, POLO QUE SERÍA OPORTUNO COLOCAR UNHA MOUTEIRA AO FINAL DA PONTE INDICANDO O CAMIÑO A SEGUIR, ASÍ COMO ACONDICIONAR AS ESCALEIRAS QUE NA ACTUALIDADE CONSTITÚEN UN PERIGO POLO SEU FIRME E CARENCIA DE PASAMÁNS.

Tralas reunións/conversas mantidas co concello de Narón acordouse a limpeza das escaleiras, o seu arranxo e a colocación dun pasamáns para a seguridade dos peregrinos.



A Axencia Galega de Turismo a través do contrato de CONSERVACIÓN INTEGRAL realiza un desbroce periódico tres veces o ano e segundo necesidades polo que periodicamente desbrozase este punto do camiño.

Ademais durante o mes de xaneiro procedeuse a recolocación do pavimento e procedeuse á colocación dun pasamáns acorde ao existente.

Outras Deficiencias sinaladas na pregunta:

Deficiencia 1. Existencia de cruces moi perigosos, sen rutas alternativas

A Axencia de Turismo de Galicia a través dos diferentes proxectos de rehabilitación de camiños de Santiago (Camiño Francés, Camiño Inglés, Camiño do Norte, Camiño Portugués, Camiño Fisterra Muxía...) e do contrato de conservación do Camiño de Santiago ao seu paso pola Comunidade Autónoma de Galicia, está levando a cabo un estudo de todos os cruces perigosos existentes (tanto de estradas nacionais, como da Xunta de Galicia e das diferentes Deputacións) ao longo dos aproximadamente 1500 Km que compoñen a rede de Camiños de Santiago.

O obxectivo deste estudo é solucionar da forma máis axeitada posible, dende o punto de vista da seguridade para os peregrinos e peóns, a seguridade do camiño ben instalando sinalización de cruce, sinalización luminosa, sinalización de tramo común, sinalización de cruce perigoso... ou propoñendo unha ruta alternativa sempre e cando sexa posible.

Estas actuacións necesitan autorización da Dirección Xeral de Patrimonio dado que en todo caso, a sinalización de turismo adáptase á delimitación oficial.

Deficiencia 2. Deficiencia na sinalización do Camiño, con falta de homologación nalgúns tramos do Camiño.

A Axencia de Turismo de Galicia a través dos diferentes proxectos de rehabilitación de camiños de Santiago (Camiño Francés, Camiño Inglés, Camiño do Norte, Camiño Portugués, Camiño Fisterra Muxía...) e do contrato de conservación do camiño de Santiago ao seu paso pola Comunidade Autónoma de Galicia, está levando a cabo a mellora da sinalización dos camiños mediante a retirada das mouteiras en mal estado e colocando o modelo homologado de mouteira en todos os camiños, a retirada de cunchas e frechas en mal estado e fóra de situación polos novos modelos homologados.

Deficiencia 3. Deficiente accesibilidade para persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida, tanto no camiño como nos albergues públicos

Deficiencia 4. Albergues sen sinalización para as persoas con diversidade funcional

Investíronse 100.000€ nas obras de accesibilidade integral. Remataron a inicios deste ano 2018.

Deficiencia 5. Na conectividade, cun 80% dos tramos galegos sen Wifi libre e aberta

Todos os albergues da rede pública contan con wifi libre e aberta para os usuarios; a calidade da conectividade varía en función da zona territorial na que se sitúe o albergue.

Deficiencia 6. Escaseza de fontes con auga potable, así como de bebedoiros para animais.

As fontes públicas son unha competencia municipal.

Deficiencia 7. Animais abandonados en tramos do camiño.

Esta é unha competencia municipal.

Deficiencia 8. Campañas de promoción non artelladas conxuntamente coas deputacións e os concellos afectados

Turismo de Galicia promove unha acción promocional conxunta de Galicia e do Camiño de Santiago nas diversas feiras que participa e na edición de folletos e outros materiais. As Mesas do Camiño que se realizan coas Deputacións e concellos de Pontevedra, Lugo e Ourense son o lugar axeitado para traballar neste ámbito promocional, e en breve así se fará coa Deputación da Coruña como nos indicaron.

Deficiencia 9. Escaso apoio da Consellería de Cultura en determinados concellos por onde pasa o camiño

Turismo de Galicia traballa xunto coa Consellería en varias iniciativas a prol do Camiño e a súa promoción, destaca o programa Cultura no Camiño”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36271
Data envío: 10/09/2018 14:05:37.268

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/09/2018 14:05:33



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26661**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o arranxo das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago, ao seu paso polo concello do Pino”**, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“As incidencias ás que se refire a pregunta son as que seguen:

INCIDENCIA 1. INEXISTENCIA DE PASOS INFERIORES NOS CRUCES DO CAMIÑO DE SANTIAGO (CAMIÑO FRANCÉS) COA N-547, OBRA COMPROMETIDA POR FOMENTO E QUE LEVA VARIOS ANOS DE ATRASO, O QUE SUPÓN A EXISTENCIA DUN PERIGO MOI IMPORTANTE PARA TODOS OS PEREGRINOS QUE PASAN POLO CONCELLO DE O PINO.

A Axencia Galega de Turismo a través do contrato de CONSERVACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO AO SEU PASO POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. CAMIÑO FRANCÉS, realiza a inspección e inventario dos cruces nas estradas nacionais e da nosa comunidade que se atopan sen sinalizar ou mal sinalizados co fin de colocar unha nova sinalización ou modificar a existente para mellorar a seguridade viaria nos Camiños de Santiago.

O Ministerio de Fomento ten elaborados, consonte o acordado na Comisión de Seguridade dos Camiños de Santiago en Galicia, promovida pola Delegación do Goberno en Galicia, a creación de seis pasos inferiores para garantir a seguridade dos peregrinos nos seguinte lugares da N 547 nos termos municipais de O Pino (A Coruña) e Palas de Rei (Lugo).

Lugar	Concellos
PALAS	Palas de Rei
SALCEDA	O Pino

CERCEDA	O Pino
EMPALME	O Pino
STA. IRENE	O Pino
O BURGO	O Pino

Os proxectos de obra xa están realizados e continúa a súa tramitación por parte do Ministerio de Fomento.

INCIDENCIA 2. REFORMA DO ALBERGUE, SITO EN PEDROUZO, ARCA (O PINO), ÚLTIMO ALBERGUE, DO CAMIÑO FRANCÉS, ANTES DA CHEGADA A SANTIAGO E DE NULA ACCESIBILIDADE UNIVERSAL.

O albergue de Arca – O Pino, con capacidade para 126 peregrinos, constrúese no ano 1993 e ten polo tanto 25 anos de antigüidade; situado a carón da estrada nacional N-547 á súa entrada no núcleo de Arca, concello do Pino. Trátase dunha construción de nova planta nun solar aproximadamente rectangular con forte pendente que vai desde a estrada, detrás da antiga oficina de correos cara ao nacente. É o último albergue da rede pública antes de Santiago de Compostela, despois da incorporación do Camiño Norte e Primitivo en Arzúa e Melide, respectivamente, polo que ten unha afluencia significativa de peregrinos, o que provoca un esgotamento máis rápido da vida útil dos materiais que conforman o edificio.

A edificación de planta rectangular distribúese en tres plantas: planta baixa (421,05m²) cos servizos básicos de acceso, sala, cociña, zona adaptada, dous dormitorios múltiples e aseos, un dormitorio dobre; planta alta (388,11m²) con dous dormitorios múltiples, dous dormitorios dobres e servizos hixiénicos sanitarios; e planta semisoto (167,40m²) sen uso.

O albergue de Arca (O Pino) conta con habitacións e baños adaptados para persoas con mobilidade reducida.

Outras Deficiencias sinaladas na pregunta:

Deficiencia 1. Existencia de cruces moi perigosos, sen rutas alternativas.

A Axencia de Turismo de Galicia a través dos diferentes proxectos de rehabilitación de camiños de Santiago (Camiño Francés, Camiño Inglés, Camiño do Norte, Camiño Portugués, Camiño Fisterra Muxía...) e do contrato de conservación do Camiño de Santiago ao seu paso pola Comunidade



Autónoma de Galicia, está levando a cabo un estudo de todos os cruces perigosos existentes (tanto de estradas nacionais, como da Xunta de Galicia e das diferentes Deputacións) ao longo dos aproximadamente 1500 Km que compoñen a rede de Camiños de Santiago.

O obxectivo deste estudo é solucionar da forma máis axeitada posible, dende o punto de vista da seguridade para os peregrinos e peóns, a seguridade do camiño ben instalando sinalización de cruce, sinalización luminosa, sinalización de tramo común, sinalización de cruce perigoso... ou propoñendo unha ruta alternativa sempre e cando sexa posible.

Estas actuacións necesitan autorización da Dirección Xeral de Patrimonio dado que en todo caso, a sinalización de turismo adáptase á delimitación oficial.

Deficiencia 2. Deficiencia na sinalización do Camiño, con falta de homologación nalgúns tramos do Camiño.

A Axencia de Turismo de Galicia a través dos diferentes proxectos de rehabilitación de camiños de Santiago (Camiño Francés, Camiño Inglés, Camiño do Norte, Camiño Portugués, Camiño Fisterra Muxía...) e do contrato de conservación do camiño de Santiago ao seu paso pola Comunidade Autónoma de Galicia, está levando a cabo a mellora da sinalización dos camiños mediante a retirada das mouteiras en mal estado e colocando o modelo homologado de mouteira en todos os camiños, a retirada de cunchas e frechas en mal estado e fóra de situación polos novos modelos homologados.

Deficiencia 3. Deficiente accesibilidade para persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida, tanto no camiño como nos albergues públicos

Deficiencia 4. Albergues sen sinalización para as persoas con diversidade funcional

Contestando a ambas as dúas dicir que, investiron 100.000€ nas obras de accesibilidade integral. Remataron a inicios deste ano 2018.

Deficiencia 5. Na conectividade, cun 80% dos tramos galegos sen Wifi libre e aberta

Todos os albergues da rede pública contan con wifi libre e aberta para os usuarios; a calidade da conectividade varía en función da zona territorial na que se sitúe o albergue.

Deficiencia 6. Escaseza de fontes con auga potable, así como de bebedoiros para animais.

As fontes públicas son unha competencia municipal.

Deficiencia 7. Animais abandonados en tramos do camiño.

Esta é unha competencia municipal.

Deficiencia 8. Campañas de promoción non artelladas conxuntamente coas deputacións e os concellos afectados

Turismo de Galicia promove unha acción promocional conxunta de Galicia e do Camiño de Santiago nas diversas feiras que participa e na edición de folletos e outros materiais. As Mesas do Camiño que se realizan coas Deputacións e concellos de Pontevedra, Lugo e Ourense son o lugar axeitado para traballar neste ámbito promocional, e en breve así se fará coa Deputación da Coruña tal e como nos indicaron.

Deficiencia 9. Escaso apoio da Consellería de Cultura en determinados concellos por onde pasa o camiño

Turismo de Galicia traballa xunto coa Consellería en varias iniciativas a prol do Camiño e a súa promoción, destaca por exemplo o programa Cultura no Camiño”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36269
Data envío: 10/09/2018 14:05:21.080

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/09/2018 14:05:17



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26710** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles Antón Vilasánchez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación co estudo do impacto socioeconómico do Camiño de Santiago, realizado pola Universidade de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“En Santiago de Compostela, o pasado 16 de abril de 2018, a directora de Turismo de Galicia, presentou os resultados do Estudo do impacto socioeconómico do Camiño de Santiago, un traballo froito da colaboración entre a Xunta e a Universidade de Santiago de Compostela (USC). O informe revela a repercusión que a ruta xacobeá está a ter nas economías dos concellos do rural, no emprego, nas tendencias demográficas e noutros aspectos sociais, culturais e medioambientais.

As conclusións do informe foron expostas no Centro Internacional de Acolida ao Peregrino polo profesor Melchor Fernández, que dirixiu o estudo xunto a Dolores Riveiro, membros do Grupo de Análise e Modelización Económica (GAME) do Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da USC e en coordinación cos técnicos especialistas da Área de Estudos e Investigación de Turismo de Galicia.

Esta investigación, incluída no Plan director do Camiño de Santiago, amosa un forte impacto económico, un intenso impacto a escala local e a satisfacción que xera entre os residentes, que foron enquisados como parte do traballo de campo. Amais, o informe subliña o exemplo de sustentabilidade e medioambiental que representa o modelo da ruta xacobeá.

No eido do impacto económico, o estudo revela que os peregrinos concentran o 2,3% do gasto turístico na Comunidade galega, pero á vez cada un deles supón o mesmo impacto económico que 2,3 turistas nacionais, pola diferenza que constitúe en estadía media, gasto medio e multiplicador.

Desde xeito, cada euro de gasto do peregrino xera ata un 11% máis de produto e ata un 18% máis de emprego. Amais, un 80% volverán como turistas no futuro.

Preguntados pola influencia do Camiño de Santiago nos seus concellos, os residentes dan unha valoración moi positiva, en especial para o conxunto da poboación. Maioritariamente consideran que o concello prosperou e que os beneficios son superiores aos costes.

Os veciños aprecian impactos económicos favorables nos ingresos e nivel de vida dos seus municipios, o comercio local, as posibilidades de emprego ou a actividade turística.

Amais, non notan impactos negativos. Perciben que o Camiño de Santiago non prexudica a outras actividades e que os seus beneficios son para residentes do propio concello.

Para obter estas valoracións, as entrevistas do estudo da USC centráronse principalmente no Cebreiro e Melide polas súas características dentro do Camiño Francés, como o concello máis envellecido e o máis novo, que amais son opostos en densidade de poboación.

Xunto ao traballo de campo, analizáronse con metodoloxías tecnolóxicas novidasas os datos procedentes de estatísticas oficiais, que confirman a relevancia da actividade económica nos concellos da ruta xacobeá. En concreto, os afiliados á Seguridade Social por cada 1.000 habitantes aumentaron en todos os concellos, coa única excepción de Monterroso.

O Camiño de Santiago non xera conflitos entre os residentes, que afirman que non dificulta a mobilidade nin o acceso aos diferentes servizos municipais. Ten, así mesmo, un impacto cultural positivo, sobre todo en relación á restauración e a mellora do patrimonio. Amais, os veciños ven no Camiño de Santiago unha oportunidade para coñecer outras culturas.

Tamén no referido ao impacto demográfico os expertos da USC conclúen que a percepción é positiva, pois contribúe ao mantemento da poboación. Aínda que, en liña coa tendencia

xeral da Comunidade, as dinámicas son regresivas, a análise permite comprobar que estas foron atenuadas pola peregrinación. Ademais, a poboación vinculada e as estimacións de poboación equivalente, incluíndo o peso dos camiñantes, soe amosar unha pegada efectiva.

O Camiño de Santiago e a afluencia de peregrinos non son vistos como problema en ningún caso. Ao contrario, e á vista dos impactos percibidos, a ruta xacobeana percíbese máis ben como parte da solución.

Os resultados obtidos consignan tamén ao Camiño un impacto medioambiental positivo, pois a poboación local considera que contribúe a preservar a paisaxe e non xera un problema de xestión de residuos nin aumenta a contaminación ambiental.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36711
Data envío: 13/09/2018 15:30:51.176


DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:30:47



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26856**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco, e outros deputados do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para o arranxo das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago, ao seu paso polo concello de Miño”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“As obras obxecto da presente pregunta sitúanse no Camiño Inglés ao seu paso polo Concello de Miño.



Concello de Miño

As incidencias destacadas son:

INCIDENCIA 1. NALGUNHAS MOUTEIRAS, FALTA O PUNTO QUILOMÉTRICO (P.Q.) QUE MARCA A DISTANCIA ATA COMPOSTELA.

O día 11 de novembro de 2017 remataron as obras de RECUPERACIÓN E SINALIZACIÓN E MELLORAS DO CAMIÑO INGLÉS ADAPTÁNDOOS Á DELIMITACIÓN OFICIAL 2014. FASE I: A CORUÑA –BRUMA; FERROL – BRUMA durante as cales se procedeu á instalación da nova sinalización do Camiño de Santiago incluíndo mouteiras, sinais verticais, cunchas e frechas de

parede... quedando completamente rematada a instalación das placas con punto quilométrico, salvo a mouteira existente entre o P.Q. 75,664 e o P.Q. 74,159 por problemas de situación con dita mouteira provocados pola non dispoñibilidade de terreos, sendo estes de titularidade privada e afectados polo Planeamento Urbanístico do Concello de Miño.

Durante o mes de xaneiro, executouse o novo inventario (definitivo) do Camiño Inglés corroborándose a existencia de todas as placas de PQ nas mouteiras existentes salvo a placa anteriormente mencionada.

De todos os xeitos, estanse a producir continuos roubos das placas de PQ que atentan contra os bens patrimoniais de Galicia.

A Axencia Galega de Turismo a través do contrato de CONSERVACIÓN INTEGRAL está a realizar unha inspección periódica e segundo necesidades a través da brigada de conservación para dar solución e repor toda a sinalización deteriorada, incluíndo a colocación das placas de PQs.

INCIDENCIA 2. NA ZONA DE COSTA MIÑO-GOLF, HAI DÚAS ÁREAS DE DESCANSO UNHA MOI PRÓXIMA A OUTRA, NA SEGUNDA NO SENTIDO DA MARCHA HAI UNHA FONTE DE FUNDICIÓN SEN BILLA E SEN TUBAXE.

As áreas recreativas e de descanso existentes no concello de Miño son de titularidade municipal, porén todas as fontes existentes na traza do camiño ou dentro da delimitación oficial do camiño son obxecto de mantemento e conservación a través do contrato de CONSERVACIÓN INTEGRAL, polo que se procederá ao seu arranxo.

INCIDENCIA 3. SINALIZACIÓN CONFUSA EN VARIAS ZONAS O LONGO DO CAMIÑO.

O día 11 de novembro de 2017 remataron as obras de RECUPERACIÓN E SINALIZACIÓN E MELLORAS DO CAMIÑO INGLÉS ADAPTÁNDOOS Á DELIMITACIÓN OFICIAL 2014. FASE I: A CORUÑA –BRUMA; FERROL – BRUMA durante as cales se procedeu á instalación da nova sinalización do Camiño de Santiago incluíndo mouteiras, sinais verticais, cunchas e frechas de parede... quedando completamente rematada a sinalización definitiva e solucionando os problemas de sinalización existentes e os xerados durante os traballos de recuperación do Camiño Inglés. Durante o período de execución dos traballos de recuperación, instalouse unha sinalización



provisional composta de carteis e estacas de madeira que puido xerar confusión entre os peregrinos, feito xa resolto.

A Axencia Galega de Turismo a través do contrato de CONSERVACIÓN INTEGRAL realiza inspeccións periódicas para a comprobación do estado da sinalización existente e arranxar as deficiencias atopadas.

INCIDENCIA 4. ZONAS ANEGADAS EN PUNTOS BAIXOS DO CAMIÑO, O QUE SE TRADUCE EN LODOS, LODOS E LIMOS, CON FALTA DE SABURRA ARTIFICIAL.

Durante os traballos de RECUPERACIÓN E SINALIZACIÓN E MELLORAS DO CAMIÑO INGLÉS ADAPTÁNDOOS Á DELIMITACIÓN OFICIAL 2014. FASE I: A CORUÑA –BRUMA; FERROL – BRUMA deuse solución a maior parte dos problemas que presentaba o camiño.

Actualmente, o persoal de Conservación do Camiño Inglés traballa para darlle saída as augas a través da limpeza dos canos existentes, limpeza de gabias, pasos transversais...

No seu día déronse indicacións aos responsables da empresa contratada para que fixesen unha revisión de xeito urxente.

INCIDENCIA 5. ZONAS ONDE A AUGA CIRCULA POLO CAMIÑO, POLA FALTA DE GABIAS LATERAIS POR ONDE CANALIZAR A AUGA.

Como se menciona anteriormente, o persoal de Conservación do Camiño Inglés traballa para darlle saída as augas coa apertura e limpeza de gabias.

INCIDENCIA 6. ZONAS ONDE A SAÍDA DA AUGA DO CAÑO DE DRENAXE DOUTRA ESTRUTURA, NON COINCIDE CO DRENAXE DO CAMIÑO, O QUE IMPLICA QUE SE ANEGUE O CAMIÑO POR TODA A ZONA.

O persoal de conservación do Camiño Inglés recorre periodicamente o Camiño para dar solución a todas as incidencias que se detectan.

Para a correcto desenvolvemento dos traballos de conservación, sería conveniente unha mellor definición das incidencias.

INCIDENCIA 7. MALEZAS (SILVAS, ORTIGAS, ETC) A AMBOS LADOS DO CAMIÑO E POLA PARTE SUPERIOR (SILVAS COLGADAS DE ÁRBORES). HAI UN ANO APROXIMADAMENTE QUE NON SE LIMPA O CAMIÑO NO TRAMO DE MIÑO.

A Axencia Galega de Turismo a través do contrato de CONSERVACIÓN INTEGRAL realiza un desbroce periódico tres veces o ano e segundo necesidades polo que periodicamente desbrozase este punto do camiño.

Por outra parte, durante o mes de xaneiro realizouse un repaso do Camiño Inglés entre A Ponte Baxoi e Miño.

INCIDENCIA 8. VARANDA METÁLICA DE PROTECCIÓN DA CANLE DO RÍO BAXOI, DESCOLGADA DA ESTRUCTURA EXISTENTE, CON PERIGO DE CAÍDA AO RÍO.

Esta incidencia na varanda da canle do Río Baxoi foi solucionada.

INCIDENCIA 9. A TRAZA DO CAMIÑO DEFINIDA NOS PLANOS DO PXOM, NON COINCIDE COA REALIDADE NUN PUNTO PRÓXIMO A ENTRADA DE MIÑO.

A traza actual do Camiño Inglés foi aprobado no Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e publicado no DOGA nº 178 do 18 de setembro de 2014.

INCIDENCIA 10. NALGUNHAS ZONAS HAI DRENAXES TRANSVERSAIS QUE SON GABIAS CUN FONDO DE PERPIAÑO, ISTO IMPIDE A ADECUADA CIRCULACIÓN DE BICICELTAS, ESTARÍA MELLOR RESOLTO CUN CANO TRANSVERSAL POR BAIXO DA SUPERFICIE DO CAMIÑO.

As obras de drenaxe transversal executadas durante as obras de RECUPERACIÓN E SINALIZACIÓN E MELLORAS DO CAMIÑO INGLÉS ADAPTÁNDOOS Á DELIMITACIÓN OFICIAL 2014. FASE I: A CORUÑA –BRUMA; FERROL – BRUMA foron proxectadas cumprindo criterios patrimoniais, adecuándose ao entorno existente e aos materiais da zona.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia non recomenda a instalación de canos de formigón.



Seguiuse un deseño trapezoidal ou en V, en función das necesidades, formado por pezas rectangulares de perpiaño con pendente tendida 5:1 con fin de non obstaculizar o paso de vehículos a motor, bicicletas ou peóns.

Buscouse en todo lugar conservar a natureza singular do camiño, e producir a mínima afección sobre a paisaxe natural que na maior parte do seu recorrido se enmarca.

INCIDENCIA 11. NON HAI NINGUNHA FONTE DE AUGA POTABLE EN TODO O CAMIÑO AO SEU PASO POR MIÑO.

Non é competencia da Axencia Galega de Turismo aínda que se traballa no estudo destes puntos que carecen de auga potable e promover a instalación de fontes e áreas de descanso para os peregrinos.

INCIDENCIA 12. HAI ESTRADAS DE DOBRE DIRECCIÓN SEN BEIRARRÚAS, QUE COINCIDEN CO TRAZADO DO CAMIÑO.

O trazado do Camiño Inglés responde o Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés.

A Axencia Galega de Turismo a través do contrato de CONSERVACIÓN INTEGRAL traballa na mellora de sinalización destes tramos que supoñen un perigo para o peregrino mediante a instalación de sinalización de advertencia para os condutores como de advertencia aos peregrinos ante a existencia dun tramo común ou dunha intersección perigosa.

INCIDENCIA 13. DENDE O CONCELLO, APROVEITANDO UNHA MODIFICACIÓN DO PXOM PRETÉNDESE CAMBIAR O TRAZADO NA ZONA DA BARROSA, PASANDO DO CAMIÑO TRADICIONAL Á ESTRADA PRINCIPAL, CO CONSECUENTE RISCO PARA OS PEREGRINOS E PERDENDO O SEU ATRACTIVO PAISAXÍSTICO NESE TRAMO.

O trazado do Camiño Inglés responde o Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés.

Toda modificación de trazado que non responda ao susodito Decreto deberá ser aprobada pola Dirección de Patrimonio quen ten a competencia para tal fin.

Outras Deficiencias sinaladas na pregunta:

Deficiencia 1. Existencia de cruces moi perigosos, sen rutas alternativas

A Axencia de Turismo de Galicia a través dos diferentes proxectos de rehabilitación de camiños de Santiago (Camiño Francés, Camiño Inglés, Camiño do Norte, Camiño Portugués, Camiño Fisterra Muxía...) e do contrato de conservación do Camiño de Santiago ao seu paso pola Comunidade Autónoma de Galicia, está levando a cabo un estudo de todos os cruces perigosos existentes (tanto de estradas nacionais, como da Xunta de Galicia e das diferentes Deputacións) ao longo dos aproximadamente 1500 Km que compoñen a rede de Camiños de Santiago.

O obxectivo deste estudo é solucionar da forma máis axeitada posible, dende o punto de vista da seguridade para os peregrinos e peóns, a seguridade do camiño ben instalando sinalización de cruce, sinalización luminosa, sinalización de tramo común, sinalización de cruce perigoso... ou propoñendo unha ruta alternativa sempre e cando sexa posible.

Estas actuacións necesitan autorización da Dirección Xeral de Patrimonio dado que en todo caso, a sinalización de turismo adáptase á delimitación oficial.

Deficiencia 2. Deficiencia na sinalización do Camiño, con falta de homologación nalgúns tramos do Camiño.

A Axencia de Turismo de Galicia a través dos diferentes proxectos de rehabilitación de camiños de Santiago (Camiño Francés, Camiño Inglés, Camiño do Norte, Camiño Portugués, Camiño Fisterra Muxía...) e do contrato de conservación do camiño de Santiago ao seu paso pola Comunidade Autónoma de Galicia, está levando a cabo a mellora da sinalización dos camiños mediante a retirada das mouteiras en mal estado e colocando o modelo homologado de mouteira en todos os camiños, a retirada de cunchas e frechas en mal estado e fóra de situación polos novos modelos homologados.

Deficiencia 3. Deficiente accesibilidade para persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida, tanto no camiño como nos albergues públicos

Deficiencia 4. Albergues sen sinalización para as persoas con diversidade funcional



Invertéronse 100.000€ nas obras de accesibilidade integral. Remataron a inicios deste ano 2018.

Deficiencia 5. Na conectividade, cun 80% dos tramos galegos sen Wifi libre e aberta

Todos os albergues da rede pública contan con wifi libre e aberta para os usuarios; a calidade da conectividade varía en función da zona territorial na que se sitúe o albergue.

Deficiencia 6. Escaseza de fontes con auga potable, así como de bebedoiros para animais.

As fontes públicas son unha competencia municipal.

Deficiencia 7. Animais abandonados en tramos do camiño.

Esta é unha competencia municipal.

Deficiencia 8. Campañas de promoción non artelladas conxuntamente coas deputacións e os concellos afectados.

Turismo de Galicia promove unha acción promocional conxunta de Galicia e do Camiño de Santiago nas diversas feiras que participa e na edición de folletos e outros materiais. As Mesas do Camiño que se realizan coas Deputacións e concellos de Pontevedra, Lugo e Ourense son o lugar axeitado para traballar neste ámbito promocional, e así se fará, segundo nos transmitiron, coa Deputación da Coruña tras a xuntanza mantida o pasado mes de febreiro.

Deficiencia 9. Escaso apoio da Consellería de Cultura en determinados concellos por onde pasa o camiño.

Turismo de Galicia traballa xunto coa Consellería en varias iniciativas a prol do Camiño e a súa promoción, destaca o recentemente convocado Cultura no Camiño”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36267
Data envío: 10/09/2018 14:04:49.423

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/09/2018 14:04:45



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26910** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a adxudicación a unha UTE de empresas musicais, a través dun procedemento negociado sen publicidade e por importe de 2.975.000 euros, dun contrato de patrocinio da Axencia Turismo de Galicia para organización do festival de música O Son do Camiño en Santiago de Compostela e cinco concertos nas principais cidades de Galicia no ano 2018”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia non foi a promotora nin do festival O Son do Camiño nin dos seis concertos polas principais cidades galegas incluídos na súa programación para este ano.

É un proxecto privado que conta cun patrocinio da Administración autonómica.

Os promotores son empresas galegas con solvencia e de referencia na área de produción de grandes eventos, exemplo de boas prácticas e que xeran emprego e negocio a profesionais e pemes galegas, desde empresas de equipamento técnico ou limpeza ata de hostalería e restauración, polo impacto que xeran.

A Xunta de Galicia é patrocinador, sen prexuízo da existencia doutros, e a organización e produción dos concertos corresponde aos promotores, cuxo investimento é moi superior á contía do contrato de patrocinio asinado coa Administración autonómica.

O Goberno galego seguiu escrupulosamente o réxime de contrato de patrocinio, unha fórmula habitual en todas as Administracións públicas no patrocinio de eventos únicos.

Regulado na Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeral de Publicidade, modificada pola Lei 29/2009, do 30 de decembro, realízase polo procedemento negociado sen publicidade por motivos relacionados coa exclusividade de dereitos de actuación que os promotores teñen nos concertos de determinados artistas en Galicia.

Todas as administracións públicas acoden a este tipo de contratos para facerse visibles neste tipo de eventos de relevancia pola súa importante repercusión mediática. En moitos casos, a inversión económica chega a multiplicarse de xeito exponencial.

Supuxo unha oportunidade única de potenciar a industria cultural e creativa de Galicia xa que combináronse artistas e bandas consagradas no ámbito internacional con grupos galegos de referencia, máis de 50 que actuaron ao longo de tres días consecutivos.

O festival e estes seis concertos son só a primeira e unha das moitas iniciativas que outros proxectos privados poderán desenvolver durante estes tres anos como antesala do Xacobeo 2021 por toda a xeografía galega como punto de partida para potenciar o atractivo do vindeiro Ano Santo.

A repercusión foi evidente, esgotando os abonos e entradas por día. O sector turístico transmitiu a súa satisfacción. Polo tanto parecen motivos suficientes para seguir a traballar polo vindeiro Xacobeo 2021.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36563
Data envío: 13/09/2018 09:13:34.430

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:13:30



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27219**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco, don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para o arranxo das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Chantada”**, (publicada no BOPG número 277 do 15 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Atendendo ás deficiencias indicadas na devandita pregunta podemos informar o seguinte:

INCIDENCIA 1. EN TRAMOS PUNTUAIS FAI FALLA UNHA LABOR CONTINUA (TODOS OS ANOS) DE LIMPEZA DE BROZA PARA QUE O CAMIÑO SEXA TRANSITABLE.

Turismo de Galicia a través do contrato de conservación integral realiza o desbroce periódico tres veces ao ano e segundo necesidades, polo que periodicamente limparase este punto do camiño.

Así mesmo, as brigadas de conservación recorren continuamente os camiños de Santiago realizando tarefas de desbroces manuais naqueles puntos de difícil acceso ou por necesidades puntuais.

INCIDENCIA 2. DIFICULTADE PARA OBTER AUGA POTABLE AO PÉ DO CAMIÑO.

As fontes existentes na traza do camiño de Santiago que se atopen en mal estado ou presenten algunha incidencia, repáranse a través do contrato de conservación. Cabería ademais engadir que á potabilidade das augas non é competencia de Turismo de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36558
Data envío: 13/09/2018 09:12:55.007

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:12:51



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27224**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco, don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para o arranxo das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Monforte de Lemos”**, (publicada no BOPG número 277 do 15 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Atendendo ás deficiencias indicadas na devandita pregunta podemos informar o seguinte:

INCIDENCIA 1. FALTA DELIMITAR OFICIALMENTE O PERCORRIDO, QUE LLE CORRESPONDE Á CONSELLERÍA DE CULTURA.

A ruta en efecto está pendente da delimitación oficial da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.

INCIDENCIA 2. NO PLENO CELEBRADO O 2 DE NOVEMBRO DE 2016 NO CONCELLO DE MONFORTE ACORDOUSE POR UNANIMIDADE SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A CREACIÓN E XESTIÓN DUN ALBERGUE QUE LEVE APARELLADO UNHA OFICINA DE INFORMACIÓN NO CENTRO DA CIDADE, REHABILITANDO ALGUNHA DAS CASAS CON HISTORIA (POR EXEMPLO O ANTIGO HOTEL VICTORIA DA RÚA CARDEAL ESTREITO), A FIN DE QUE VEÑA ACOMPAÑADO DE RECUPERACIÓN DE PATRIMONIO.

Turismo de Galicia remítese ao Plan Director do Camiño de Santiago, documento co que desde 2015 o Goberno autonómico quere dar resposta ás necesidades actuais da ruta e dos peregrinos, que cada ano son máis e chegan dun maior número de países.

O Plan director do Camiño de Santiago inclúe actuacións de sinalización e acondicionamento dos diferentes trazados e contén diferentes medidas relacionadas con os camiños. Neste ano 2018

focalízase a actividade no Camiño Portugués da Costa, no 2019 será a quenda da Vía da Prata e o 2020 do Camiño de Inverno e Ruta do Mar de Arousa/Ulla.

INCIDENCIA 3. NA CIDADE ESTÁ INCOMPLETA A SINALIZACIÓN DAS CONCHAS METÁLICAS OU AZULEXOS

A Axencia Turismo de Galicia a través do contrato de conservación integral está a realizar unha inspección periódica e segundo necesidades a través da brigada de conservación para dar solución e reportar toda a sinalización deteriorada, incluíndo a colocación das cunchas e azulexos.

Este feito foi notificado no seu día á brigada de conservación, procedendo a súa colocación como acontece sempre.

INCIDENCIA 4. FALTAN PUNTOS DE SELADO DE CREDENCIAIS, QUE NORMALMENTE FAISE EN IGREXAS E LOCAIS DE HOSTALERÍA OU ALBERGUES.

O selado das credenciais de peregrinos pode realizarse en calquera establecemento de carácter público ou privado da localidade por onde transitan os peregrinos, non existen lugares oficiais para o selado das credenciais.

De todos os xeitos remarcamos que non é competencia da Axencia de Turismo de Galicia.

INCIDENCIA 5. O CAMIÑO ESTÁ EN MAL ESTADO EN VARIOS TREITOS, SENDO NECESARIO MELLORAR O FIRME, FACER PASOS DE AUGA, LIMPAR CUNETAS E REALIZAR PODAS E DESBROCES DAS ÁRBORES E DA MALEZA QUE SE ATOPA NAS MARXES DO CAMIÑO.

A Axencia de Turismo de Galicia a través do contrato de conservación integral realiza o desbroce periódico tres veces o ano e segundo necesidades, polo que periodicamente límpase este punto do camiño.

Outro dos traballos que se están a executar é a recopilación de incidencias detectadas ao longo do camiño do inverno co fin de desenvolver un proxecto de recuperación que dea solución aos problemas detectados.

Os traballos de limpeza de cunetas e melloras das obras de drenaxe transversal estanse a realizar periodicamente pola brigada de conservación.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36556
Data envío: 13/09/2018 09:12:39.226

[Firma manuscrita]

INCIDENCIA 6. DIFICULTADE PARA OBTENIR AUGA POTABLE AO PÉ DO CAMIÑO.

As fontes existentes na traza do camiño de Santiago que se atopan en mal estado ou presentan algunha incidencia, repáranse a través de dita conservación. Cabería engadir que a potabilidade das augas non é competencia de Turismo de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36556
Data envío: 13/09/2018 09:12:39.226

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:12:35



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27229**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco, don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para o arranxo das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Pantón”**, (publicada no BOPG número 277 do 15 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A información que podemos facilitar é a que segue:

INCIDENCIA 1. EN TRAMOS PUNTUAIS FAI FALLA UNHA LABOR CONTINUA (TÓDOLOS ANOS) DE LIMPEZA DE BROZA PARA QUE O CAMIÑO SEXA TRANSITABLE.

A Axencia de Turismo de Galicia a través do contrato de conservación integral realiza o desbroce periódico tres veces o ano e segundo necesidades polo que periodicamente limparase este punto do camiño.

As brigadas de conservación recorren continuamente os camiños de Santiago realizando tarefas de desbroces manuais naqueles puntos de difícil acceso ou por necesidades puntuais.

INCIDENCIA 2. NO LINDE DE O SAVIÑO E PANTÓN HAI UN PUNTO NEGRO AO TER QUE CRUZAR UN REGO SEN PONTILLÓN NIN PEAXES.

O problema existente no linde entre os concellos de Saviño e Pantón é o seguinte: Os prados existentes na contorna do camiño evacúan as súas augas ao camiño, polo que en épocas de choivas anégase dificultando o paso os peregrinos. Ao ser este o punto baixo e ao non haber un punto de drenaxe cercano, as augas descorren por un tramo de lonxitude aproximada de 150 m.

A Axencia Turismo de Galicia, a través da Conservación integral, rexistrou a incidencia acontecida e tras analizar as posibles solucións para executar plan de traballos, dou solución.

INCIDENCIA 3. DIFICULTADE PARA OBTER AUGA POTABLE AO PÉ DO CAMIÑO.

As fontes existentes na traza do camiño de Santiago que se atopen en mal estado ou presenten algunha incidencia, repáranse a través de dita conservación. Cabería engadir que á potabilidade das augas non é competencia de Turismo de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36554
Data envío: 13/09/2018 09:12:23.069

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:12:18



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27234**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco, don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Antonio Quiroga Díaz sobre, **“o prazo previsto polo Goberno galego para o arranxo das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Quiroga”**, (publicada no BOPG número 277 do 15 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Atendendo ás deficiencias indicadas na devandita podemos informar o seguinte:

INCIDENCIA 1. EN TRAMOS PUNTUAIS FAI FALLA UNHA LABOR CONTINUA (TODOS OS ANOS) DE LIMPEZA DE BROZA PARA QUE O CAMIÑO SEXA TRANSITABLE.

A Axencia de Turismo de Galicia a través do contrato de conservación integral realiza o desbroce tres veces o ano e segundo necesidades polo que periodicamente limparase este punto do camiño.

Así mesmo, as brigadas de conservación que recorren continuamente os camiños de Santiago realizando tarefas de desbroces manuais naqueles puntos de difícil acceso ou por necesidades puntuais.

INCIDENCIA 2. DIFICULTADE PARA OBTER AUGA POTABLE AO PÉ DO CAMIÑO.

As fontes existentes na traza do camiño de Santiago que se atopen en mal estado ou presenten algunha incidencia, repáranse a través de dita conservación. Cabería engadir que á potabilidade das augas non é competencia de Turismo de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36552
Data envío: 13/09/2018 09:12:07.600

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:12:03



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27239**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros deputados do mesmo grupo sobre, **“o prazo previsto polo Goberno galego para o arranxo das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello do Saviñao”**, (publicada no BOPG número 277 do 15 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Atendendo ás deficiencias indicadas na devandita pregunta podemos informar o seguinte:

INCIDENCIA 1. EN TRAMOS PUNTUAIS FAI FALLA UNHA LABOR CONTINUA (TODOS OS ANOS) DE LIMPEZA DE BROZA PARA QUE O CAMIÑO SEXA TRANSITABLE.

A Axencia de Turismo de Galicia a través do contrato de conservación integral realiza o desbroce periódico tres veces o ano, e segundo necesidades, polo que periodicamente limparase este punto do camiño.

As brigadas de conservación recorren continuamente os camiños de Santiago realizando tarefas de desbroces manuais naqueles puntos de difícil acceso ou por necesidades puntuais.

INCIDENCIA 2. NO LINDE DE O SAVIÑAO E PANTÓN HAI UN PUNTO NEGRO AO TER QUE CRUZAR UN REGO SEN PONTILLÓN NIN PEAXES.

O problema existente no linde entre os concellos de Saviñao e Pantón é o seguinte: Os prados existentes na contorna do camiño evacúan as súas augas ao camiño, polo que en épocas de choivas anégase dificultando o paso os peregrinos. Ao ser este o punto baixo e ao non haber un punto de drenaxe cercano, as augas descorren por un tramo de lonxitude aproximada de 150 m.

A Axencia Turismo de Galicia, a través da Conservación integral, rexistrou a incidencia acontecida e tras analizar as posibles solucións para executar plan de traballos, dou solución.

INCIDENCIA 3. DIFICULTADE PARA OBTENIR AUGA POTABLE AO PÉ DO CAMIÑO.

As fontes existentes na traza do camiño de Santiago que se atopen en mal estado ou presenten algunha incidencia, reparanse a través de dita conservación. Cabería engadir que á potabilidade das augas non é competencia de Turismo de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36550
Data envío: 13/09/2018 09:11:52.381

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:11:48



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27285**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“o investimento total levado a cabo pola Xunta de Galicia para a rehabilitación da antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro, no concello de Boborás, o seu funcionamento na actualidade como casa de turismo rural e o prazo de vencemento da concesión outorgada para a súa xestión, así como as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 277 do 15 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Dende o 6.10.2005 a entidade Viñedos del Miño, S.L., xestionou, mediante concesión, a Casa Reitoral de Pazos de Arenteiro en Boborás (Ourense) para uso hoteleiro, tras a tramitación do expediente para a adxudicación mediante concurso e por procedemento aberto.

O contrato establece unha duración de doce anos a contar desde a entrega formal do inmovible, salvo resolución do mesmo, e entenderase prorrogado de xeito automático por períodos de tres anos, ata o límite de vinte e cinco anos, se non houbera algún requirimento previo de 6 meses por algunha das partes.

O 1 de marzo de 2017 notificouse á concesionaria o requirimento previo, con unha antelación de seis meses, á entidade concesionaria Viñedos del Miño SL, aos efectos de non prorrogar o contrato de xestión, mediante concesión, da Casa Reitoral de Pazos de Arenteiro en Boborás (Ourense). A concesión rematou o 6 de outubro de 2017.

Na recepción do inmovible, polo persoal técnico da Axencia indicáronse unhas reparacións que lle correspondían á concesionaria por tratarse de defectos imputables á súa conservación e mantemento, o que se levou a cabo pola mesma.

A día de hoxe, xa rematadas as actuacións que a concesionaria asumiu realizar, o concello de Boborás manifestou a súa vontade de facerse cargo do inmovible, posto que isto permite un maior control da futura concesión.

A Axencia Turismo de Galicia está a tramitar a realización do correspondente expediente de concesión demanial, ao abeiro do disposto na Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: 1fe9c885-9240-f645-a753-8721fd625772

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36548
Data envío: 13/09/2018 09:11:37.522

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:11:33



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27416** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á dotación de servizos de banda larga ultrarrápida a aqueles autónomos ou empresas illadas situadas no rural que se atopan e situación de desigualdade dixital fronte ás empresas das zonas máis urbanas, así como a dotación económica prevista para ese fin”**, (publicada no BOPG número 277 do 15 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, no marco do Plan de Banda Larga 2020, puxo en marcha no ano 2017 unha convocatoria de axudas, xa rematada, para a dotación do servizo de banda larga ultrarrápida a empresas e autónomos situados en zonas illadas do rural.

Calquera empresa ou autónomo ubicado en zonas illadas do rural sen cobertura de redes de 30Mbps, ou máis, podía solicitar as axudas da Xunta para a dotación dun servizo de banda larga ultrarrápida. Grazas a esta actuación beneficiáronse finalmente un total de máis de 30 empresas de toda Galicia. As subvencións concedidas a estas empresas comprenderon entre o 70% e o 100% dos custos das tarefas necesarias para dotar do servizo ás mesmas, abarcando os importes das axudas concedidas dende os 2.000 euros ata os 20.000 euros.

Os servizos de banda larga ultrarrápida contratados polas empresas permitirán velocidades de acceso a internet dende os 50Mbps ata os 350Mbps. A mellora da velocidade de acceso a internet, con respecto aos servizos actuais das empresas beneficiarias, supera os 80Mbps en case o 90% dos casos chegando incluso a superar os 300Mbps en algunha das empresas beneficiarias das axudas.

En relación á convocatoria de axudas a empresas e autónomos situados en zonas illadas do rural, executada no ano 2017, contaba cun orzamento total de 500.000 euros, dos cales, concedéronse finalmente preto de 400.000 euros.

Por outra banda, compre salientar que o Plan de Banda Larga 2020 xa contaba coa actuación de despregamento de redes de 350Mbps en polígonos industriais e dispón dun orzamento público total de 3,4 millóns de euros. E ademais, neste ano 2018 acábbase de poñer en marcha a nova actuación do Plan que consiste no despregamento de redes de cando menos 100Mbps en entidades de poboación de menos de 300 habitantes e conta cun orzamento público total de máis de 14 millóns de euros. Pola súa banda, o Estado focalizará os seus esforzos en cubrir as poboacións de maior tamaño de Galicia coas convocatorias xa en marcha e as que licite nos vindeiros anos no marco do Programa Nacional de Extensión da Banda Larga de Nova Xeración (PEBA). Segundo comunicou recentemente o Estado, para o período 2018 – 2021 conta cun orzamento total de 525 millóns de euros para estes despregamentos, cofinanciados con fondos FEDER, dos cales case 70 millóns destinaranse a Galicia (é a segunda comunidade con maior orzamento).

Finalmente, engadir que as axudas para empresas e autónomos foron solicitadas por usuarios de máis dunha vintena de concellos das catro provincias. Unha actuación complementaria á da dotación de redes ultrarrápidas a 81 polígonos industriais que permitirá que o 93% da superficie empresarial ocupada teña acceso a redes de máis de 100Mbps. Ademais, están en marcha dúas medidas da Xunta e do Estado, que facilitarán cobertura de máis de 30Mbps a máis de 330.000 galegos de núcleos de 258 concellos nos que non hai redes ultrarrápidas nin previsión de dispoñer delas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36193
Data envío: 07/09/2018 14:03:00.118

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2018 14:02:55



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27417** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“as actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galicia xunto co Goberno central para o cumprimento do acordo parlamentario do 21 de marzo de 2017 referido ao despregamento de redes de acceso de nova xeración de moi alta velocidade, así como a contía dos fondos europeos dispoñibles e investidos para garantir o cumprimento dos obxectivos comunitarios ao respecto”**, (publicada no BOPG número 277 do 15 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia e o Goberno de España están a desenvolver actuacións complementarias de despregamento de redes de banda larga ultrarrápida de cando menos 100Mbps na Comunidade galega. Ambas administracións estanse a coordinar neste tipo de medidas para aproveitar ao máximo os fondos dispoñibles e evitar a duplicidade de esforzos e recursos.

A este respecto, no marco do Plan de Banda Larga 2020, a Xunta puxo en marcha en marzo deste ano 2018 unha nova actuación de despregamento de redes de cando menos 100Mbps que se desenvolverá ata o ano 2020 en entidades de poboación de menos de 300 habitantes.

Estes despregamentos da Xunta complementarán aos previstos polo Estado ata o ano 2021, destinados ás entidades con maior poboación e xestionados a través das convocatorias xa en marcha e as que se liciten nos vindeiros anos no marco do Programa Nacional de Extensión da Banda Larga de Nova Xeración (PEBA).

O Goberno galego conta cun orzamento total de 18,64 millóns de euros (cofinanciado con FEADER) para o desenvolvemento das actuacións de despregamento de redes de banda larga ultrarrápida que se executen no marco do Plan de Banda Larga 2020 coa finalidade de cumprir cos obxectivos europeos de cobertura de redes de alta velocidade. Con este orzamento estanse a estender:

- ✓ -Redes ultrarrápidas en polígonos industriais

- ✓ -Axudas para a conexión a redes ultrarrápidas de autónomos e empresas illadas
- ✓ -Redes ultrarrápidas en entidades de poboación de menos de 300 habitantes

O Estado comunicou recentemente que, para o período 2018 – 2021 conta cun orzamento total (cofinanciado con FEDER) de case 70 millóns de euros para Galicia para a extensión de redes de 300Mbps que, sumados aos máis de 21 millóns de euros xa concedidos nas convocatorias postas en marcha do PEBA, suman un total de 91 millóns de euros.

4. Comezaron os operadores que resultaron adxudicatarios de bloques de frecuencias na banda de 800 Mhz a completar a cobertura que permita o acceso a unha velocidade de 30 megabits por segundo (Mbps) a, cando menos, o 90 % dos habitantes das poboacións de menos de 5.000 habitantes de Galicia, en caso afirmativo, en que data e en que poboacións?

O Estado está a traballar nunha orde coa que se aprobará o plan que deberán executar os operadores titulares de concesións demaniais na banda de 800 MHz que dispoñan de 10MHz pareados para proporcionar cobertura de 30 Mbps, ou superior, ao 90% dos cidadáns de núcleos de menos de 5.000 habitantes ao inicio do ano 2020

A este respecto, polo momento non se aprobou o Plan que ademais, se prevé que inclúa requisitos de cobertura a nivel autonómico obrigando a cubrir o 85% da poboación de núcleos de menos de 5.000 habitantes de cada Comunidade Autónoma.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36192
Data envío: 07/09/2018 14:02:50.602

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2018 14:02:45



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27481**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da colaboración no financiamento da rehabilitación, como novo albergue de peregrinos de Pontevedra, das tres vivendas da situadas na cabeceira Norte da ponte do Burgo, entre esta e a rúa Xoán Manuel Pintos, atendendo ás necesidades de uso e suxestións da Asociación de Amigos do Camiño Portugués”**, (publicada no BOPG número 277 do 15 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O Albergue de Peregrinos da cidade de Pontevedra con 56 prazas cumpriu e cumpre un insubstituíble papel como elemento de acollida e de dinamización do Camiño Portugués ao seu paso pola cidade de Pontevedra. A política da Xunta de Galicia nesta materia, dende o ano 1993, aposta pola creación dun único albergue de peregrinos en cada etapa que, amais de acoller aos peregrinos, actúe como elemento dinamizador socioeconómico local, ofrecendo posibilidades de negocio aos empresarios de Pontevedra. En consecuencia, non é necesario o incremento de prazas no albergue de peregrinos de Pontevedra pois non debe entrar en maior concorrencia coa sector privado existente. Amais noutras rutas xacobeas, como as declaradas oficialmente no ano 2016, precisan agora o investimento público en novos albergues para replicar o modelo de éxito de Pontevedra e do Camiño de Santiago.

O Goberno pensa que, en principio, as 56 camas que ofrece o actual albergue son suficientes, pois a ocupación media do albergue de Pontevedra no pasado ano 2017 é do 57,42%, similar á de 2016. Unicamente no mes de agosto acadase unha ocupación do 100%. Polas razóns comentadas no anterior punto, esta ocupación ofrece unha posibilidade de negocio aos empresarios locais.

O actual albergue de peregrinos cumpriu e cumpre eficazmente o seu papel de dinamizador da cidade de Pontevedra e aporta unha importante pegada na vida desta cidade, tanto económica como sociocultural. A xestión dun albergue de peregrinos non é exclusivamente competencia da Xunta de Galicia senón que pode ser abordado por outras administracións públicas ou axentes sociais implicados no ámbito do Camiño de Santiago.

A Xunta de Galicia colabora de xeito amplo e notorio coa Asociación de Amigos do Camiño Portugués, por canto é o único colectivo de amigos do Camiño de Santiago que xestiona un albergue de peregrinos integrado na Rede pública da Xunta de Galicia e ofrece unha servizo de acollida e hospitalidade moi valorado polos peregrinos. Pero polas razóns anteriormente expostas non está previsto un investimento para un novo albergue público de peregrinos na cidade de Pontevedra”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36706
Data envío: 13/09/2018 15:30:14.253

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:30:11



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27942** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Luís Villares Naveira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a adxudicación a unha unión temporal de empresas musicais, a través dun procedemento negociado sen publicidade e por importe de 2.975.000 euros, dun contrato de patrocinio da Axencia Turismo de Galicia para a organización do festival de música ‘O Son do Camiño’ en Santiago de Compostela e cinco concertos nas principais cidades de Galicia no ano 2018”**, (publicada no BOPG número 280 do 21 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia non foi a promotora nin do festival O Son do Camiño nin dos seis concertos polas principais cidades galegas incluídos na súa programación para este ano.

É un proxecto privado que conta cun patrocinio da Administración autonómica.

Os promotores son empresas galegas con solvencia e de referencia na área de produción de grandes eventos, exemplo de boas prácticas e que xeran emprego e negocio a profesionais e pemes galegas, desde empresas de equipamento técnico ou limpeza ata de hostalería e restauración, polo impacto que xeran.

A Xunta de Galicia é patrocinador, sen prexuízo da existencia doutros, e a organización e produción dos concertos corresponde aos promotores, cuxo investimento é moi superior á contía do contrato de patrocinio asinado coa Administración autonómica.

O Goberno galego seguiu escrupulosamente o réxime de contrato de patrocinio, unha fórmula habitual en todas as Administracións públicas no patrocinio de eventos únicos.

Regulado na Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeral de Publicidade, modificada pola Lei 29/2009, do 30 de decembro, realízase polo procedemento negociado sen publicidade por motivos relacionados coa exclusividade de dereitos de actuación que os promotores teñen nos concertos de determinados artistas en Galicia.

Todas as administracións públicas acoden a este tipo de contratos para facerse visibles neste tipo de eventos de relevancia pola súa importante repercusión mediática. En moitos casos, a inversión económica chega a multiplicarse de xeito exponencial.

Supuxo unha oportunidade única de potenciar a industria cultural e creativa de Galicia xa que combináronse artistas e bandas consagradas no ámbito internacional con grupos galegos de referencia, máis de 50 que actuaron ao longo de tres días consecutivos.

O festival e estes seis concertos son só a primeira e unha das moitas iniciativas que outros proxectos privados poderán desenvolver durante estes tres anos como antesala do Xacobeo 2021 por toda a xeografía galega como punto de partida para potenciar o atractivo do vindeiro Ano Santo.

A repercusión foi evidente, esgotando os abonos e entradas por día. O sector turístico transmitiu a súa satisfacción. Polo tanto parecen motivos suficientes para seguir a traballar polo vindeiro Xacobeo 2021.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36547
Data envío: 13/09/2018 09:11:16.256

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:11:05



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 28124, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre “**o motivo polo que a Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia non forma parte do Consello Galego de Turismo de Galicia e a previsión de que esta situación cambie**”, (publicada no BOPG número 285 do 28 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Aviturga é unha asociación de recente creación. Non obstante, o Consello de Turismo de Galicia está regulado na Lei 7/2011, de Turismo de Galicia (artigo 7) e no Decreto 142/2012, onde se establece o número de vogais e os representantes. Neste sentido cómpre indicar que no Consello de Turismo quedan representadas a Administración autonómica, a Administración local, as universidades, os representantes dos consumidores, os sindicatos e o sector turístico. Este último, está a súa vez representado na súa totalidade a través dos subsectores que se indican (hoteleiro, restauración, turismo rural, axencias de viaxes, balnearios e talasos, campamentos de turismo, guías de turismo e oferta complementaria), polo que non se atende a unha representatividade exclusiva dun subsector, xa que quedarían fóra moitos interesados aos que non se lle podería dar cabida por cuestións operativas. Neste caso queda toda a oferta complementaria recollida no artigo 88 da Lei 7/2011 (que comparten un só vogal xunto cos guías de turismo), os titulados e profesionais en materia de turismo, os albergues turísticos, os apartamentos turísticos ou as vivendas turísticas para poñer algúns exemplos.

Para incluír un novo sector no Consello de Turismo de Galicia é necesario modificar o decreto vixente, quitándolle representatividade a outros sectores. O decreto que regula o Consello de Turismo de Galicia entrou en vigor en agosto de 2012 e ten cumprido o seu papel celebrando ata 13 sesións plenarias desde entón. Actualmente non está en marcha unha modificación do mesmo, sen que esta poida descartarse para adaptalo a novas necesidades ou incluír outros sectores.

Non obstante as vivendas de uso turístico foron reguladas mediante decreto 12/2017, que entrou en vigor en maio do ano pasado, polo que apenas transcorreu un ano dende a súa regulamentación. Para que un subsector poida designar un vogal no Consello de Turismo, parece sensato que deba estar previamente consolidado, e entrementes sexan representados polos actuais vogais

Aviturga enviou un escrito no que amosa o seu interese por formar parte do Consello de Turismo de Galicia, polo que de cara a unha modificación no futuro da regulación do mesmo, terase en conta esta proposta. Cómpre lembrar que para que unha asociación que representa as vivendas de uso turístico forme parte do Consello de Turismo de Galicia, sería preciso a reforma previa do réxime regulador deste. Por outra banda, Aviturga tería que demostrar que é a entidade mais representativa no seu sector. A día de hoxe para que un sector da actividade turística estea representado no Consello é requisito imprescindible que figure no rexistro de entidades e actividades turísticas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36542
Data envío: 13/09/2018 09:10:25.239

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:10:21



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28883** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e varios/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración polo Goberno galego da posibilidade de inserir as rías de Corme-Laxe e de Camariñas, así como a zona exterior do cabo Fisterra, na ruta Wildsea Atlantic Ocean Heritage Route e, se é o caso, o prazo previsto para ese fin e o mantemento de contactos ao respecto coa empresa Buceo Fisterra, así como as actuacións concretas que vai levar a cabo para desestacionalizar o turismo na Costa da Morte”**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto WAOH Route, financiado pola DG Mare da Comisión Europea, foi obtido logo da correspondente convocatoria e posterior presentación de candidaturas, polo que as condicións fixadas deben ser respectadas. O proxecto establece que deben elixirse tres zonas en cada un dos territorios dos socios con competencias en turismo, polo que, aínda sendo o obxectivo final configurar toda Galicia como un destino de mergullo, snorkel e kaiak, nesta fase e atendendo ao proxecto deben definirse só tres zonas e dentro delas tres lugares específicos para a realización destas actividades como primeiro paso para configurar unha oferta homoxénea a nivel atlántico europeo. Mantivéronse reunións co sector para tratar este e outros asuntos relacionados. Amais asistimos á reunión cos socios integrantes do proxecto en Brighton. Finalmente decidiuse incluír tres grandes zonas, unha delas a Costa da Morte incluíndo desde A Coruña ata a ría de Corcubión, polo que as empresas de calquera das rías incluídas podían propoñer lugares de mergullo en toda esa área.

Buceo Fisterra foi invitada a participar na primeira reunión coas empresas para informar sobre o proxecto. Esta empresa non acudiu a convocatoria e posteriormente desculpouse por ter configurado o correo electrónico de maneira que puidera recibir a invitación, xa que o colocou na carpeta de spam. Non obstante unha vez aclarada a situación, recibiu a información e acudiu as seguintes citas participando plenamente no proxecto.

Turismo de Galicia leva desenvolvendo numerosas iniciativas no territorio da Costa da Morte, actualmente está a colaborar coa asociación de concellos que representa ao xeodestino e poñendo en marcha actuacións de colaboración para a creación de produto, comercialización, promoción, formación ou implantación de novas tecnoloxías, así mesmo ten abertas liñas de subvencións a concellos dos que tamén se benefician na Costa da Morte para a mellora da sinalización e accesibilidade a recursos turísticos. Finánciase tamén o servizo da información turística e abríronse liñas de subvencións a empresas para mellora de infraestrutura de aloxamento, cooperación para comercialización de produtos entre pequenas empresas ou mellora da calidade.

Por outra parte desenvolvéronse programas de sinalización de vilas termais, promoción do surf, así como numerosas accións teñen que ver co Camiño de Santiago, coa mellora continua do mesmo e a sinalización, tendo un forte impacto nas localidades polas que transita.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36536
Data envío: 13/09/2018 09:09:33.597

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:09:28



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30179** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“as actuacións previstas polo Xunta de Galicia en relación coas dificultades existentes en determinados lugares da comunidade autónoma a consecuencia da carencia de ascensores nas vivendas de altura e os problemas da cidadanía no acceso ás axudas para a súa instalación e mellora”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“As axudas para ascensores que a Consellería de Economía, Emprego e Industria concedeu nestes anos foron para a renovación total ou parcial existentes para a mellora da seguridade ou da eficiencia enerxética destes; nunca se deron nesta consellería axudas para instalar novos ascensores, que se tramitaban na Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

Desde o ano 2017, e dentro do compromiso pola eficiencia e a simplificación administrativa, a Administración autonómica centralizou na Consellería de Infraestruturas e Vivenda a concesión de axudas para ascensores.

Cómpre salientar, tamén, que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda habilitou unha liña de axudas destinadas á instalación de ascensores, salvaescaleiras e outros aparellos para a mellora da accesibilidade, alí onde non existen.

Estas axudas creáronse no ano 2017. A segunda convocatoria, correspondente ao ano 2018, conta cunha dotación orzamentaria que se incrementou en case 2,5 veces respecto

ao ano anterior, para atender a demanda existente, acadando neste ano arredor de 3,1 millóns de euros.

Lembrar, ademais, que existen outras liñas de axudas de rehabilitación do Instituto Galego da Vivenda e Solo que inciden especialmente na mellora enerxética e na seguridade das vivendas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36189
Data envío: 07/09/2018 14:02:24.351

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2018 14:02:19



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30300**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para corrixir os problemas de seguridade viaria e de sinalización do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo, na provincia de Ourense, así como os estudos específicos realizados sobre esa zona nos últimos anos”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola consellería de **Infraestruturas e Vivenda e a Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Dende Turismo de Galicia mantemos que se procederá a acometer, segundo o Plan Director do Camiño de Santiago, a mellora da sinalización da Vía da Prata, no que tamén estará incluído o núcleo de Seixalbo, prevista para o ano 2019. Informarase ao concello da orde de axudas para accesibilidade e sinalización dos distintos recursos turísticos, ao que se poderá acoller para realizar a sinalización dalgún elemento patrimonial de interese.

Sinalar, ademais, que o 13 de xuño de 2018 formalizouse o contrato de obra para a execución do proxecto de “Mellora da seguridade viaria na OU-105 - Seixalbo”, cun importe de máis de 600.000 euros. O proxecto inclúe unha serie de actuacións, entre os puntos quilométricos 1+000 e 2+500, para reordenar o tráfico e aumentar a seguridade viaria e a comodidade de todas as persoas usuarias:

- A reordenación da sección transversal, dispoñendo aparcadoiros e carrís centrais de espera e repintando todo o treito;
- A mellora do acceso a Seixalbo pola rúa da Igrexa;
- Unha nova glorieta na intersección da OU-105 coa rúa Abelardo Arce;
- Melloras en carrís centrais de espera e incorporación;

- A mellora de firmes e pavimentos;
- A mellora e mantemento das beirarrúas existentes e para completar percorridos peonís con novos treitos de beirarrúas;
- A implantación dunha senda ciclista e mixta.
- A execución de pasos de peóns, con semáforos con pulsador e iluminación LED específica.
- A sinalización e balizamento en todo o treito do proxecto.
- Redes de alumeado e saneamento.

Ademais, de acordo coas directrices da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, inclúense actuacións de mellora do Camiño, en concreto, ao seu paso baixo a vía do tren. Tamén se mellora un paso de peóns xa existente para cruzar a OU-105.

Respecto da sinalización, a primeira actuación que se levará a cabo será esta, e se terá en conta a sinalización do Camiño”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36262
Data envío: 10/09/2018 14:04:02.610

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/09/2018 14:03:59



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36188
Data envío: 07/09/2018 14:02:14.007

Data 07/09/2018 14:02

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30956** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitar a perda de postos de traballo, a consecuencia do proceso de fusión de marcas emprendido pola empresa Adolfo Domínguez, os contactos mantidos ao respecto e a estratexia seguida o que vai seguir para evitar a deslocalización dos seus servizos, así como o mantemento de xuntanzas cos representantes dos traballadores e as subvencións concedidas a ese grupo desde o ano 2009”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta está a seguir moi de preto a situación dunha compañía que non é só unha marca de recoñecido prestixio e gran potencial, senón que é un dos referentes do téxtil galego. Neste sentido, confiamos na capacidade de Adolfo Domínguez para acadar unha senda de viabilidade que garanta o seu futuro, e seguiremos apoiando á empresa na medida das nosas posibilidades, tal e como temos feito ata o de agora.

Desde o ano 2009 a empresa ten concedidas diversas axudas do Instituto Galego de Promoción Económica e da antiga Dirección Xera de Comercio por un valor global de 297.324 euros para a realización de actuacións de promoción e internacionalización. Así mesmo, ten concedidos axudas de Axencia Galega de Innovación para a protección da propiedade industrial desenvolvida e para o fomento do uso das deducións fiscais por actividades de investigación, desenvolvemento e innovación, por un importe conxunto de 12.021 euros.

páxina 1 de 2

Tamén foi beneficiaria dunha axuda de 5.000 euros do Instituto Enerxético de Galicia para proxectos de aforro no ámbito das enerxías renovables.

Finalmente, cómpre sinalar que estas axudas corresponden a convocatorias que son públicas e que na súa tramitación se aplicaron todos os criterios, procedementos e controis existentes en materia de axudas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36188
Data envío: 07/09/2018 14:02:14.007

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2018 14:02:10



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 12:50
Nº Rexistro: 36888
Data envío: 17/09/2018 12:50:50.512

Data 17/09/2018 12:50

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31352** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Francisco Casal Vidal, sobre **“as contribucións concretas realizadas pola Xunta de Galicia ao Plan estratéxico do Estado para o desenvolvemento do sector civil dos drons en España 2018-2021, as medidas que introduciu nel para favorecer e promover o apoio ás empresas galegas co fin de que poidan acceder aos programas de financiamento e a súa participación na Comisión de dirección, coordinación e seguimento do plan, así como os comentarios que aportou durante o período de consulta aberto despois da súa publicación”**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia adoptou desde o ano 2015 un papel moi activo no desenvolvemento do sector dos drons mediante a posta en marcha da Civil UAVs Initiative, que xa se ten concretado na creación do Centro de Investigacións Aerotransportadas de Rozas (CIAR) e na activación de dous programas de compra pública de innovación que supoñen un investimento de 150 millóns de euros no horizonte 2020. Desta forma, a comunidade galega está a ser pioneira con iniciativas, investimentos e actuacións concretas, que están en liña cos eixes do Plan estratéxico do Estado para o desenvolvemento do sector civil dos drons en España 2018-2021.

O eixe estratéxico 1 do Plan Estatal, sobre implantación do marco normativo actual e desenvolvemento da normativa futura, é de vital importancia para a implantación e crecemento do sector. Na medida en que se vaian dando solucións tecnolóxicas que aumenten a confianza na operativa e control destas aeronaves, os lexisladores as incorporarán á normativa, favorecendo a dinamización do sector industrial e de servizos

páxina 1 de 2

vinculado aos drons. Precisamente, para anticiparse á obtención destas solucións tecnolóxicas, a Xunta licitou un contrato de compra pública precomercial para a xestión e seguridade de tráfico para espazos aéreos compartidos, orientada ao desenvolvemento de solucións reais que amplíen de forma efectiva o espectro de aplicacións dos drons.

Dentro do Eixe estratéxico 2, sobre impulso ao desenvolvemento empresarial e a I+D+i do sector, a Civil UAVs Initiative xa conseguiu que as entidades que concorren á licitación para a xestión e seguridade de tráfico para espazos aéreos compartidos, obtivesen financiación do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI), ao abeiro dun Protocolo do Programa Innodemanda asinado entre esta entidade pública, dependente do actual Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidade, e a Consellería de Economía, Emprego e Industria, mobilizando desta forma financiamento estatal. Outra iniciativa vinculada a este eixe é a creación en Lugo da Aeronautics Business Factory para a incubación de empresas incipientes e a aceleración de empresas con alto potencial de crecemento.

Así mesmo, en relación co Eixe 3, no marco tamén da Civil UAVs Initiative, a Xunta vén xa desenvolvendo unha importante labor de información e divulgación sobre o sector. Por último, no Eixe 4, sobre coordinación, a actividade da administración galega queda reflectida nas reunións mantidas cos principais organismos estatais con competencias neste ámbito e na propia creación do CIAR como centro mixto compartido co Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 12:50
Nº Rexistro: 36888
Data envío: 17/09/2018 12:50:50.512

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 12:50:47



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31738** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Francisco Casal Vidal e don Luis Villares Naveira, sobre **“as actuacións que está a desenvolver a Xunta de Galicia para acadar a implantación polo Ministerio de Fomento en Galicia, no polígono de Rozas, do Centro de Excelencia e do Laboratorio de drons previstos no Plan estratéxico de drons do Estado”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Excelencia en materia de drons e o Laboratorio de Vehículos aéreos non tripulados son dúas iniciativas recollidas no Eixo Estratéxico 2 (Impulso ao desenvolvemento empresarial e á I+D+i do sector) do Plan Estratéxico para o desenvolvemento do sector civil dos drons en España 2018-2021, en concreto na liña estratéxica 2 de Fomento da I+D+i.

Polo que se refire ao Centro de Excelencia, a base desta iniciativa é a creación dun grupo de expertos e a definición de liñas de colaboración coas universidades, non a creación dunha infraestrutura física, estando integrada por tres accións:

- A creación dun grupo de expertos asesores sobre investigación en materia de drons;
- a definición das liñas de colaboración coas universidades;
- e a publicación dunha análise prospectiva sobre obxectivos futuros en materia de investigación de drons.

Pola súa banda, o Laboratorio de Vehículos Aéreos non tripulados ten como obxecto a xeración de oportunidades de negocio de gran impacto para os organismos e empresas do

Grupo Fomento (Ministerio de Fomento) a través da xeración de ideas e o seu ensaio mediante probas de concepto e proxectos piloto para valorar o seu potencial.

A Xunta, co obxectivo de poñer en valor todas as oportunidades existentes para o desenvolvemento do sector dos drons de uso civil en Galicia, atópase en contacto permanente coas entidades responsables da posta en marcha de ambas iniciativas (Axencia Estatal de Seguridade Aérea, Dirección Xeral de Aviación Civil e axentes integrados no Grupo Fomento), mantendo diferentes reunións nos últimos meses”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 12:50
Nº Rexistro: 36886
Data envío: 17/09/2018 12:50:31.949

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 12:50:29



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31895**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para loitar contra a estacionalidade do turismo”**, (publicada no BOPG número 319 do 13 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O traballo do Goberno galego para prolongar a actividade turística durante todo o ano e para diversificar e especializar a oferta xa está a amosar a súa eficacia. Galicia pechou definitivamente 2017 con preto de 5,1 millóns de turistas. Así se conclúe dos datos publicados en xaneiro polo Instituto Nacional de Estatística (INE) e que completan a radiografía do pasado ano, período no que a nosa Comunidade se consolidou como un destino competitivo e desestacionalizado.

Por primeira vez na súa historia, Galicia superou os 5 millóns de viaxeiros aloxados nos seus establecementos turísticos, onde realizaron máis de 10,6 millóns de noites, tamén un récord. Ambos parámetros medraron un 3,2% e un 5,7% con respecto ao ano 2016 e consolidan así a tendencia favorable dos últimos cinco anos na nosa Comunidade. Esta evolución veu acompañada da mellora no resto de variables, como a estadía media, que subiu un 2,3%, a ocupación, que no caso dos hoteis se elevou en máis dun 4%, e a rendibilidade do sector.

A demanda mellorou tanto entre os viaxeiros nacionais como nos internacionais. A chegada de turistas españois incrementouse un 4,8% e aínda máis intensa foi a dos estranxeiros, que creceron un 8,6%, confirmando as previsións do Goberno galego e do propio sector privado. O turismo internacional marca así máximos históricos de volume e tamén no seu peso sobre o conxunto da demanda, pois acada xa o 28,7% por un 71,3% de españois. Isto consolida o progresivo cambio que está a experimentar o mercado turístico galego nos últimos anos.

Cómpre salientar tamén a evolución positiva de tipoloxías de aloxamento como os hoteis e os apartamentos turísticos, cun crecemento do 10%, ou o turismo rural, cunha alza do 5%.

O crecemento do número de viaxeiros en 2017 deuse como consecuencia do incremento de turistas durante todo o ano, especialmente fóra da tempada estival. Épocas como o outono foron especialmente satisfactorias. De feito, Galicia foi, con Aragón, a autonomía cunha maior suba no último cuadrimestre do pasado exercicio, cando as súas pernoitas hoteleiras subiron un 7,8%, un dato moi superior ao 1,4% de media rexistrado no conxunto do Estado.

A estes números contribuíu tamén decembro, cun aumento do 7% na cifra de visitantes e do 7,8% nas pernoitas, con preto de 420.000, a cifra máis elevada da última década. Os turistas aloxados medraron en todas as tipoloxías de establecementos e, no referido as pernoitas, é especialmente salientable o caso do turismo rural, pois a demanda subiu preto dun 24%.

Polo tanto o balance turístico de 2017, dista bastante do exposto nesta pregunta parlamentaria pois a tenor dos datos foi un ano no que se cumpriron as expectativas marcadas desde Turismo de Galicia grazas ao esforzo colectivo de todo o sector, con quen se traballa arreo na Estratexia do turismo de Galicia 2020. Galicia amosou que sabe crecer tanto en cantidade como en calidade.

Neste 2018 seguimos a traballar a reo con obxectivo de afondar neste modelo, que ten como principais piares a sustentabilidade e a excelencia, diversificando os fluxos, preservando o patrimonio natural e cultural e ampliando os circuítos turísticos con novos produtos e experiencias, tanto na costa como no interior, para que máis galegos poidan experimentar os beneficios socioeconómicos e culturais derivados desta actividade.

Con este fin, Turismo de Galicia impulsa anualmente un conxunto de axudas para o sector e para os concellos e outras administracións locais. En conxunto, superan os cinco millóns de investimento, cos que a Xunta fomenta a consolidación dun destino de calidade, responsable e diversificado, amais de accesible. Por destacar algunhas desas liñas podemos destacar as destinadas á cooperación entre pequenos operadores turísticos; as subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos para a contratación de persoal nas oficinas de turismo; as destinadas aos Premios Camiño de Santiago e os Premios Galicia Parabéns, ou as destinadas a concellos co obxectivo de apoiar, promover e difundir as numerosas festas declaradas de Interese Turístico de Galicia entre outras.

Polo tanto os datos obtidos reflicten que Galicia é un destino que sabe crecer dun xeito sustentable. De feito o crecemento foi máis intenso fóra da tempada estival, afondando no proceso de desestacionalización co que a cifra de viaxeiros repártese ao longo do ano: novembro, outubro, xaneiro, maio, febreiro, setembro e xuño foron, por esta orde, os meses nos que máis medrou o



número de visitantes, o que permite avanzar nun dos obxectivos da Estratexia de turismo de Galicia 2020, impulsada entre a Xunta e o sector en permanente diálogo, unha colaboración que está a dar resultados.

Amais o 2017 foi motivo de satisfacción non só polas cifras positivas de turistas, senón polo avance noutros parámetros, pois demos outro bo paso adiante en variables como as pernoitas, a estadía media, a ocupación ou a rendibilidade. Segundo os datos do informe de Perspectivas turísticas sobre Valoración turística empresarial de 2017 e perspectivas para 2018 de Exceltur, nos datos referidos a Galicia, o sector afirma nesta enquisa que o seus resultados empresariais melloraron un 7,5% no ano 2017, o que sitúa a Galicia como cuarta comunidade autónoma en crecemento, só por detrás de Madrid, Navarra e Cantabria.

A evolución das vendas deixou en Galicia unha subida do 7,4%, en 2ª posición a nivel estatal só por detrás de Madrid.

O 92% dos empresarios do sector turístico galego manifestan neste informe de Exceltur que a súas vendas melloraron o pasado ano. Un 93,3% viu tamén medrar os seus beneficios.

No ano Internacional do Turismo Sustentable promovido pola Organización Mundial do Turismo (OMT), Galicia celebrou que este principio continua e continuará marcando o noso modelo. Experiencias turísticas baseadas na autenticidade como as Rutas dos Viños, a Ruta da Camelia, as propostas nos balnearios e talasos así como as iniciativas de turismo activo nos parques naturais galegos, o turismo rural ou as actividades náuticas nas rías, entre outras moitas, axudan no obxectivo da desestacionalidade turística grazas ao o factor diversificador destas iniciativas que, non só permiten que se prolongue a actividade durante todo o ano, senón tamén que o turismo se reparta xeograficamente pola Comunidade autónoma, apostando polo desenvolvemento das zonas menos impulsadas desde o punto de vista turístico e colaborando economicamente cos diferentes membros da cadea de valor, concellos e xeodestinos, para crear produtos diferenciadores e para impulsar os seus recursos.

Do mesmo xeito cómpre sinalar ao Camiño de Santiago como un claro exemplo da exitosa xestión dos fluxos de visitantes a Galicia. Tras o seu recoñecemento como Primeiro Itinerario Cultural Europeo, hai agora 30 anos, é máis universal pero tamén está máis diversificado que nunca. Dos 3.000 peregrinos que chegaban a Santiago de Compostela en 1987, Galicia recibiu o peregrino 300.000 o pasado ano, que se reparten entre os nove itinerarios por terra. De feito, o Camiño Francés pasou de representar hai cinco anos o 70% a ser a día de hoxe escollido por menos do 60% dos

peregrinos. De maneira paralela, esta diferenza de camiñantes estase a distribuír de xeito ordenado polo resto de itinerarios xacobeos, contribuíndo así tamén a que diferentes municipios galegos estean a forxar unha maior cohesión social, territorial e tamén socioeconómica.

E esta situación non é casual, como así o demostra que o noso Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago dedique unha das súas oito liñas de traballo a potenciar especificamente unha ruta ao ano, tempo no que intensificamos os traballos de mellora, facemos labores de mantemento, sinalizamos, rehabilitamos, realizamos accións culturais e divulgativas e construímos novos albergues. De feito, este ano se está a facer no Camiño Portugués e o Camiño Portugués da Costa.

Todas estas iniciativas están a contribuír, pois, a forxar un destino cada vez máis competitivo e de calidade. Unha calidade que é unha ferramenta básica na nosa política turística. De feito Galicia pechou 2017 como a comunidade autónoma de España con máis certificacións Q de Calidade Turística”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36227
Data envío: 10/09/2018 09:13:58.782

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/09/2018 9:13:48



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32784**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Luís Villares Naveira, sobre **“as razóns do deficiente mantemento que presentan as rutas para a práctica da bicicleta de montaña BTT en Galicia e da situación de abandono do proxecto, así como prazo previsto polo Goberno galego para o seu arranxo”**, (publicada no BOPG número 329 do 29 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Os centros BTT son un produto que ten por obxecto incentivar o desenvolvemento turístico sustentable e respectuoso co medio e que axudará a desestacionalizar os fluxos turísticos, así como a crear oferta complementaria que poda actuar coma motor de desenvolvemento turístico do territorio.

Un Centro BTT é un espazo ao aire libre, deseñado e preparado para usuarios da BTT, que posibilita o coñecemento do medio rural e natural a través da práctica da bicicleta de montaña.

Centros BTT Galicia é un proxecto a medio prazo que pretende dotar á Comunidade Autónoma de Galicia dunha rede de centros para a práctica con bicicletas todo terreo (BTT).

Actualmente, a Rede de Centros BTT Galicia está integrada por catro:

- Centro BTT O Salnés
- Centro BTT Portas de Galicia
- Centro BTT Serra do Xurés
- Centro BTT Ribeira Sacra

Así mesmo, están en proceso candidaturas por solicitude dos promotores locais (Concellos).

Cómpre ter en conta que o mantemento destas rutas é de competencia municipal, así llo trasladamos aos diferentes alcaldes e alcaldesas cos que mantivemos xuntanzas no que vai de ano para que

limpen e desbrocen as zonas relacionadas, e todos acordaron facelo á maior brevidade. Desde Turismo de Galicia, coordínase coas alcaldías o mantemento da calidade da rede e a promoción turística da mesma, ademais de asesorar na elaboración e/ou valorar tecnicamente novas propostas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36184
Data envío: 07/09/2018 14:01:20.568

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2018 14:01:15



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30798**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don David Rodríguez Estévez e dona Paula Quinteiro Araujo, sobre **“as razóns da supresión dos pastos arbustivos e dos pastos sobre arboredo como declarables nas axudas da política agraria común”**, (publicada no BOPG número 306 do 18 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural deu cumprida resposta a esta iniciativa, no Pleno celebrado o 19 de xuño de 2018, pola conselleira do Medio Rural dando resposta á pregunta 30799.

A conselleira explicou que en Galicia se suprimiron os pastos permanentes que non tiñan predominancia herbácea nas axudas da PAC, ao igual que sucedeu en todo o territorio da Unión Europea.

O Regulamento Ómnibus eliminou este requisito de predominancia, polo que as explotacións gandeiras poderán beneficiarse dun posible incremento do Coeficiente de Admisibilidade de Pastos (CAP) tralos correspondentes controis das alegacións presentadas en 2018. Logro que, precisamente, a consellería do Medio Rural lle solicitara á Unión Europa cara o vindeiro PDR 2021-2027.

Deste xeito, os gandeiros en extensivo de razas autóctonas poderán saír beneficiados no reparto de axudas, posto que especies como o toxo ou a carqueixa serven de alimento para razas autóctonas, como é o caso do cabalo e cabra galegos ou a vaca cachena”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)


Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36703
Data envío: 13/09/2018 15:29:49.721

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:29:46



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727